12	CONCELLO DE PADERNE	Sector público
<b>TOTAL PERSOAS ASISTENTES</b>		<b>12</b>

## 5.5 Os grupos de traballo

Os grupos de traballo celebráronse entre os días 19, 26 e 27 de outubro de 2015 na Casa do Pescador de Miño, referidos ás seguintes temáticas:

- Sesión plenaria
- Actividade marisqueira e pesqueira
- Emprego e emprendemento
- Patrimonio medioambiental e cultural
- Turismo mariñeiro

Os principais resultados dos mesmos inclúense a continuación neste documento.

## 5.6 Principais conclusións dos grupos de traballo

A continuación reflíctense as principais conclusións das sesións de traballo participativas e abertas ás partes interesadas que se desenvolveron na Casa do Pescador de Miño nos días 19, 26 e 27 de outubro de 2015 en relación ao sector do mar, patrimonio medio ambiental e cultural, emprego e emprendemento e turismo mariñeiro.

Como resultado das mesmas, e segundo a percepción das persoas participantes, pódense destacar os seguintes aspectos:

### 5.6.1 Grupo de traballo do sector do mar

- Valórase moi difícil a incorporación dunha depuradora como fórmula para incrementar o valor da produción das confrarías, vendo só a posibilidade a través dunha actuación conxunta de todas as confrarías.
- O principal problema que observan as confrarías á hora de asumir a comercialización é que son poucos membros e de pequenas dimensións, polo que ven difícil poder acudir a distribuidores importantes.

- Salvo a Confraría de Barallobre e Ferrol, o resto de confrarías teñen un só cliente que lles leva toda a produción e lles dá un bo prezo, polo que a marxe que poden lograr a maiores asumindo a depuración non lles compensa o risco a asumir.
- Consideran moi beneficioso poder sanear correctamente as rías para rexenerar os bancos marisqueiros e, deste xeito, xunto coa expectativa na nova lexislación da acuicultura que está previsto entrar en vigor en breve, poder xestionar dun xeito máis profesional os bancos e dar cabida a que aumente o número de integrantes nas confrarías, abrindo novos mercados e novas oportunidades.
- Vese de especial interese abordar, a través do GALP GAN, un proxecto de rexeneración dalgúns polígonos apoiando a rehabilitación de zona costeira, permitindo tamén poñelos en valor para outras actividades complementarias (turismo, actividades deportivas, ...).
- Contan con proxectos innovadores moi interesantes, tanto no ámbito da ampliación da comercialización e a apertura de novos produtos (cetárea e fábrica de conservas artesanais), como é o caso da Confraría de Barallobre, como a apertura de novas vías alternativas ao marisqueo no caso das Confrarías de Mugardos e de Pontedeume, poñendo en valor o seu patrimonio e impulsando o emprego e as oportunidades laborais no territorio.
- Vese tamén moi atractivo incidir en proxectos de investigación coas universidades (Campus Mar ou coa UDC ou USC) para optimizar os métodos de rexeneración, podendo chegar a facerse mediante convenios específicos.
- Entenden de especial interese para o GALP GAN contar cos distintos centros de Formación Profesional que se atopan no territorio, e incluso coa Fundación da Universidade da Coruña, para definir novas oportunidades de emprego a través de actividades de bolseiros ou de proxectos de prácticas para impulsar a comercialización, as actividades de turismo mariñeiro e a restauración, así como accións de mellora medio ambiental e de sostibilidade.
- Nese sentido, se podería impulsar a xeración ou a dinamización de Spin-offs con potencial de implantarse na zona, integrando innovación e mar e aproveitando as instalacións da Casa do Pescador de Miño para montar un espazo de conexión entre o mundo do mar e o mundo educativo.
- En canto á formación na mellora profesional, as confrarías ven moi importante abordar programas formativos conxuntos, único e coordinado, podéndose enfocar a impartición cara a obtención de certificados de profesionalidade que abra novas vías para o desenvolvemento técnico das persoas que integran as confrarías.
- Por último, en materia de promoción das festas de carácter mariñeiro, estase de acordo en avaliar a posibilidade de agruparse todas as confrarías ao redor da marca Pescaderías, estando presentes nas distintas feiras e eventos do territorio e dinamizando o propio produto e abrindo novas vías de comercialización.

## 5.6.2 Grupo de traballo de patrimonio medioambiental e cultural

### Patrimonio medioambiental

- Se observa como factor de risco o avance das plantas invasoras, que están a supoñer un problema medioambiental de importancia, necesitando impulsar proxectos como a experiencia piloto de referencia entre a Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas - Betanzos" e o Concello de Miño na definición de Espazo Natural de Interese Local (ENIL) para o control e erradicación da *cortaderia* (plumachos).
- Por outra banda, algún dos concellos do territorio están avanzando a delimitación das súas áreas de maior interese ambiental, avanzando na definición de Espazo Natural de Interese Local (ENIL), o que permitirá xestionar mellor estes espazos.
- É preciso tamén tomar conciencia do grave risco que se ten cos puntos de vertidos ao longo das distintas rías que forman o GALP GAN, e que están provocando mermas na produtividade das rías así como perda de valor comercial de certas producións, sendo necesario contar con información actualizada que poida ser xestionada ou posta en valor por parte dos axentes do territorio e que, con base científica, respalde calquera actuación dende o territorio.
- Resulta necesario atallar o importante descoñecemento da poboación local sobre as rías do GALP GAN, xa que moitas vilas que antaño foron mariñeiras, están vivindo de costas ao mar.
- Por outra banda se teñen desenvolvido experiencias de coñecemento do medio coa mocidade dende escolas da zona para coñecer os cultivos mariños e a flora da costa que teñen resultado moi positivas, e que incluso poderían converterse en oportunidades para persoas emprendedoras ou mesmo para complementar ingresos por parte das Confrarías.
- Na problemática dos diversos recheos feitos nas rías do GALP GAN se propón que os concellos xunto coa xente do mar, se poidan poñer de acordo para impulsar a recuperación desas canles, xa que senón servirá de pouco que se depuren as rías ou se faga calquera outra actuación.
- Neste sentido, os propios concellos presentes e afectados polos vertidos ven a necesidade de tomar a iniciativa para buscar a forma de minimizar os puntos máis críticos, impulsado a interlocución coas empresas que máis incidan sobre a contaminación para que actualicen as súas políticas de prevención.
- Ponse tamén de manifesto a degradación da Ría de Ferrol dende a construción do porto exterior, reclamándose colaboración tamén coas administracións que teñen implicación directa (Ministerio de Fomento e Portos do Estado neste caso concreto).
- Vese moi interesante, co liderado do GALP GAN, unificar, integrar e xestionar a información vinculada ao impacto medioambiental das súas rías, para que poida servir como repositorio integrador e apoie a execución de proxectos futuros, dando cabida tamén á visión científica que permita pór en valor máis espazos naturais do territorio. Esta recollida e tratamento de datos poderíase facer en base do saber das "xentes do

mar”, como pescadores e mariscadoras, que son os mellores coñecedores do medio, e poderían participar na delimitación das zonas de maior produción, zonas de desove e de cría, etc., para utilizar como ferramentas para unha mellor xestión do litoral.

- En calquera caso, conclúese tamén que, de ter as rías limpas, se podería ter moitos máis empregos para esta zona no ámbito da acuicultura.
- No ámbito da educación ambiental, estase plenamente de acordo en que, dende o GALP GAN, se poidan levar a cabo máis regularmente este tipo de actividades, permitindo transmitir este tipo de experiencias para o público escolar, sendo interesante ter "paquetes" de formación e información e incluso de motivación de creación de iniciativas empresariais vinculadas a este tipo de actuacións, creando bolsas de proxectos empresariais que poidan atraer actividades emprendedoras de valor tamén neste ámbito.
- En canto a roteiros e sendas para a inmersión no medio natural hai moito recorrido, para poder facer actividades de sensibilización e motivación para escolares do interior (incluso se fala de "confrarías - escola" e "granxas escola" como fórmulas de concienciación e de coidado do medio natural).
- Vese preciso tamén incidir na coordinación de actividades e accións de divulgación e impulsando o traballo en rede, unha vez que xa se ten feito moito investimento en centros de interpretación, sendo agora o momento de comezar a explotalo, conectando os centros de interpretación cos roteiros e motivando a cooperación.
- Incídese tamén na necesidade de avanzar na recuperación de embarcacións tradicionais, integrando tradición mariñeira, cultura, medio ambiente e educación, impulsando unha maior vinculación co mar, pechando o círculo.
- Ponse de manifesto a escasa actividade profesional vinculada aos roteiros naturais, aínda que está comezando algunha experiencia emprendedora vinculada a esta actividade (de guía), sendo necesario darlle apoio e formación a este colectivo.
- Vese moi necesario impulsar actividades xeradoras de emprego nas que se mesture saúde e deporte de mar, con sendeiros de litoral, interpretación do percorrido andando e vendo os valores no mar e da franxa costeira.

### Patrimonio cultural

- Tense en conta o largo percorrido que se observa no territorio tanto o patrimonio cultural material como inmaterial, habendo moitos contidos actualmente sen aproveitar e sen pór en valor económico e social.
- Considérase interesante integrar accións de recuperación da linguaxe mariñeira, a toponimia e as lendas que forman parte da cultura do territorio, suficientemente extensa como para xerar novo valor para o territorio, xerando polos de atracción en actividades que impliquen a participación da cidadanía nos ámbitos de “literatura e mar”, “cine e mar”, etc.
- Chámase a atención tamén sobre o patrimonio subacuático, podendo aproveitalo

como vía de atracción de visitantes, habida conta do elevado número de pecios que se atopan no fondo das rías, dada a importancia do fluxo de buques no porto de Ferrol antigamente.

- Considérase esencial potenciar dentro do territorio do GALP GAN o Camiño Inglés, debéndose mellorar a atención aos peregrinos para que poidan e queiran volver, difundindo fóra a imaxe do lugar, xerando valor de territorio e de espazo para gozar dunhas vacacións diferentes, abrindo canles de colaboración con outros GALPs das illas británicas, Francia e Irlanda, que integrasen tamén a cultura celta.
- Vese necesario incidir na mellora da organización e divulgación dos museos e centros de interpretación do territorio, aproveitándoos cara os colexios e centros educativos para manter a súa presenza como centros de divulgación.
- Proponse incidir en actividades culturais relacionadas cos cascos históricos, xa que se atopan moi vinculados co mar, como é no caso de Pontedeume, integrando mar, bosque e patrimonio arquitectónico e inmaterial, explotando incluso a figura histórica dos Andrade, como familia feudal de especial renome en todo o territorio e fío de especial interese para coñecer a historia do territorio.

### 5.6.3 Grupo de traballo sobre Emprego e Emprendemento

#### Emprego:

- O aspecto clave para poder xerar emprego na zona pasa por rexenerar os fondos mariños, de forma que a calidade dos mariscos aumente e, en consecuencia, aumente a rendibilidade da actividade de marisqueo e isto sirva como elemento de atracción para que se incorporen novas persoas á actividade, asegurando o relevo xeracional.
- A carencia de formación específica e actualizada relacionada coa actividade mariñeira e o marisqueo supón un hándicap á hora de xerar novos empregos, á vez que tamén dificulta a actualización dos profesionais actuais. É preciso completar a actualizar os temarios existentes en relación á formación especializada e en profundidade (tanto referido aos ciclos formativos de formación profesional como á formación para o emprego ou para ocupados), e debe ofrecerse con regularidade no territorio para novas incorporacións pero tamén para as persoas que levan anos dedicándose á actividade e que requiren de actualización.
- A percepción social das actividades vinculadas ao sector primario (agricultura, pesca, marisqueo...) é negativa, polo que pouca xente pensa neste sector como saída profesional. Deberían facerse esforzos por dignificar estas profesións aos ollos da sociedade.
- As Administracións Públicas con competencias na materia non adoitan escoitar ao profesionais do sector á hora de realizar proxectos ou grandes infraestruturas que teñen afectado negativamente á actividade marisqueira. Para fomentar o emprego é necesario que as administracións escoiten e que o sector se faga oír, e para isto é necesario recompilar e dar forma ao corpo de coñecemento que sobre a materia existe no territorio do GALP, pero que actualmente está disperso e desorganizado.



- O furtivismo ten un enorme impacto na actividade marisqueira. Neste sentido, as actividades de control e vixilancia e as modificacións normativas introducidas para a súa erradicación non se teñen mostrado eficaces ata a data. Este é un problema de difícil tratamento, xa que a actividade do furtivismo está socialmente aceptada e consentida.
- A economía do territorio do GALP se ten desenvolto de costas ao mar, considerando de forma histórica o marisqueo como unha actividade complementaria que achegase recursos adicionais ao fogar, motivo polo que é unha profesión moi feminizada hoxe en día.
- É necesario diversificar ocupacións para a xente do mar, xa que a dependencia de factores ambientais alleos ao seu control (fenómenos naturais, vertidos, alertas sanitarias...) introduce moitos elementos de incerteza en relación á rendibilidade do esforzo.

### Emprendemento:

- A complexidade administrativa asociada ao inicio da actividade marisqueira e pesqueira percíbese como excesiva, o que dificulta para moitas persoas da zona o desenvolvemento desta actividade a nivel profesional. Isto implica tamén, na opinión das partes interesadas, que un número importante de persoas recorran á figura da pesca deportiva para realizar unha explotación comercial das súas capturas, bordeando a legalidade e ignorando o espírito desta figura legal, á vez que realizando unha competencia desleal aos profesionais do sector.
- En xeral, a burocracia asociada á posta en marcha dunha empresa e os custes que deben asumirse desde o momento mesmo en que se decide a súa posta en marcha, supón un freo e desanima a moitas persoas emprendedoras da zona.
- De cara á posta en marcha de iniciativas emprendedoras, valórase como o paso máis importante e imprescindible a elaboración dun completo, profundo e rigoroso plan de empresa, no que se poida determinar con precisión a viabilidade da iniciativa proposta antes de comezar coa súa posta en marcha. Para poder realizar este estudo en condicións requírese duns coñecementos especializados dos que carecen moitas das persoas que queren emprender. No entanto, os concellos da zona si dispoñen destes recursos con coñecemento específico e dedicados ao emprendemento.
- Non existe un nivel óptimo de integración, na opinión das persoas participantes, entre os centros formativos da zona e o territorio, o que dificulta ver o emprendemento como unha saída aos estudos ou o xurdimento de iniciativas emprendedoras baseadas nos coñecementos adquiridos e as necesidades da zona. Un exemplo desta situación poden ser os centros de formación profesional vinculados ao sector da hostalería, a restauración ou turismo, que podería derivar nunha forte profesionalización do sector e nunha mellora da calidade do servizo.
- Semella para as persoas participantes que é necesario estreitar a colaboración intersectorial entre as empresas e profesionais da zona, de forma que se desenvolvan ofertas integradas que poñan en valor o territorio e os recursos, e ofrezan mellores

experiencias aos clientes baseadas na riqueza do territorio. Deste xeito, xurdirán máis empresas e con mellores perspectivas de consolidación. Por exemplo, vinculando casas de turismo rural con empresas de deporte activo e con produtores agrícolas e mariscadores da zona, cunha oferta gastronómica local.

- É necesaria unha reconversión da hostalería para abrila cara novos clientes e novos tipos de servizos, máis enfocado ao turismo e baseados na calidade, cunha maior profesionalización. De novo, os centros formativos do contorno poden xogar un papel fundamental neste eido.
- Resulta imprescindible potenciar a actividade mariñeira xa non só por ser un pilar fundamental na economía da zona, senón para poder manter viva a cultura mariñeira e dar sentido a todo o desenvolvemento do "turismo mariñeiro" que se pretende. Se non se potencian novas iniciativas emprendedoras e a incorporación de novos profesionais, pasaremos de ter pobos mariñeiros a ter "pobos con mar".
- Os profesionais do sector da hostalería ven como unha oportunidade o pulo do Camiño Inglés e a alta demanda de actividades lúdicas na natureza como motor de xeración de novas actividades económicas. Ademais, e grazas ao contorno natural do territorio, poderíanse desenvolver actividades lúdicas relacionadas coa terra e o mar e, incluso, subacuáticas. Na medida en que se desenvolva este sector, servirá para o potenciar o establecemento de novas iniciativas empresariais que lles dean resposta.

#### 5.6.4 Grupo de traballo sobre Turismo mariñeiro

- Dentro do territorio cóntase con moitas posibilidades para abordar a desestacionalización das actividades turísticas, deixando a "zona de confort" do turismo de verán, dado que ademais non se pode competir nin co sur de Galicia nin co resto do territorio nacional no turismo de sol.
- Tense moito que amosar, integrando natureza costeira e interior cun valor paisaxístico de máximo nivel e, xunto co mar, un produto turístico de primeira magnitude.
- Cóntase cun aumento moi destacado do turismo de cruceiros a través de Ferrol e cun incremento moi importante do volume de peregrinos no Camiño Inglés, sendo necesario centrar moitos esforzos nestes fluxos de turismo que xa "veñen dados".
- Non se conta cunha información agregada do territorio, reclamándose que dende o GALP GAN se poida asumir tamén o papel protagonista neste sentido, focalizando as iniciativas de difusión e de busca da participación global dentro desta liña de traballo tan importante, pensando en termos globais e de integración.
- Pénsase tamén que esta falta de información ven dado tamén polo pouco coñecemento que existe por parte das persoas do territorio, o que esixe tamén moita "intra información" de cara a difundilo ás persoas de fora.
- Sen ningunha dúbida considérase tamén imprescindible abrir novas canles de comunicación a través de internet, canle principal na busca de información e decisión na busca de destino turísticos.

- Ponse en especial valor a presenza que se ten tamén dos deportes náuticos, xa que é un tipo de turismo desestacionalizado e que se ve aumentar tanto en número como en días de estancia, factores esenciais no futuro turístico do GALP GAN.
- Faise unha mención especial as actividades deportivas (por exemplo as traíñas en Mugardos) que teñen unha capacidade de atracción de visitantes moi importante, tendo que ter presenza neste eventos o turismo mariñeiro.
- Estase tamén de acordo en que é necesario incidir na "culturización" e formación do empresariado hosteleiro, dado que se require dun avance na profesionalización e na ampliación dos produtos gastronómicos, aumentando o valor do turismo e o seu papel no territorio.
- Elo se une coa necesidade de maior presenza conxunta a través de xornadas gastronómicas, abrindo unha canle a este canle de turismo tan importante e de especial interese na conexión turismo - sector do mar.
- Vese de especial interese tamén impulsar un estudo para compaxinar e encaixar de xeito estratéxico a presenza do GALP GAN como produto turístico nas actividades ou eventos culturais e festas do territorio e en especiais eventos de fora do territorio (para o coñecemento de touroperadores, axencias de viaxe, restauradores, ...)
- Neste sentido, se podería abrir a posibilidade incluso de contar cos distintos centros de Formación Profesional a través de bolsas ou prácticas para facer un paso máis fluído entre a formación e o mercado laboral.
- Por último, e non menos importante, considérase especialmente importante que dende o GALP se busque esa integración turismo - mar coa presenza e papel dinamizador das propias confrarías, poñendo en valor o seu coñecemento e patrimonio.

## 6 ANÁLISE DIAGNÓSTICA

### 6.1 Ámbitos do diagnóstico

#### 6.1.1 Caracterización do espazo


O GALP GAN é no seu conxunto unha unidade socioeconómica moi homoxénea que se asenta sobre a área urbana de Ferrol e de Pontedeume, cidades que historicamente tiveron un protagonismo económico, social e de goberno que fixeron de polo de atracción entre o resto dos concellos do GALP.

Pontedeume dende a época da Idade Media coa referencia da Familia dos Andrade moi vinculados ao poder real de aquel entón, conseguindo manter a riqueza patrimonial e cultural que dende entón está presente na súa vila, seguindo a facer dela un punto de interese ao longo do territorio do GALP GAN.

Pola parte de Ferrol, segundo a bibliografía de referencia, tanto na época en que se converte porto de referencia para os barcos procedentes de América, como tamén como centro naval e militar de máxima importancia durante os últimos séculos a nivel nacional.

A estes dous concellos hai que sumar nos últimos anos o Concello de Narón a carón de Ferrol e que tense convertido na referencia económica do territorio cos distintos polígonos industriais cos que conta e que atraen a moita poboación do territorio dende fai décadas.

Por outra banda, tal e como se observa no seguinte mapa se pode comprobar tamén a vertebración do territorio do GALP GAN a través das estradas, verdadeiros canles de comunicación e de interrelación actual.



Así, pódese constatar como a N-651 que une Ferrol con Madrid atravesa a maioría dos concellos do Grupo e que atende aos camiños que xa na antigüidade conectaban esta zona do noroeste coa meseta, unindo tamén os mencionados polos sociais e de poder de Ferrol, Pontevedra e Betanzos.

Do mesmo xeito, contan coa AP-9, vía de alta capacidade que tamén está a conectar os concellos do GALP e que conta con sete enlaces que permiten aos concellos de Miño, Pontevedra, Cabanas, Neda, Narón e Ferrol estar conectados e poder potenciar a súa

relación.

En canto ao ferrocarril, pódese observar que tamén atende ao mesmo traxecto, aínda cun trazado diferente pola súa tipoloxía de servizo, mantendo oito estacións ao longo do seu percorrido a través dos municipios do GALP GAN, argumentando tamén así a cohesión e integración territorial que está a vivir o conxunto de concellos do Grupo.

### Superficie do territorio

Aínda que xa anteriormente se fixo unha primeira presentación da dimensión dos concellos do territorio do GALP GAN, a continuación vaise facer novamente con novas perspectivas.

## TAMAÑO DOS CONCELLOS DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

Superficie en quilómetros cadrados


Concello	Superficie	% s/ Total
Ares	18,3	5,03%
Cabanas	30,3	8,33%
Fene	26,3	7,23%
Ferrol	82,7	22,73%
Miño	33	9,07%
Mugardos	12,8	3,52%
Narón	66,9	18,38%
Neda	24,5	6,73%
Paderne	39,8	10,94%
Pontedeume	29,3	8,05%
Total	363,9	100,00%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Tal e como se observa na táboa anterior, son os concellos de Ferrol e de Narón os máis extensos do GALP GAN, acadando entre eles dous o 40% do territorio (o 41,11% exactamente) o que vinculado á densidade de poboación xeral (non só a poboación vinculada ao mar), fan destes dous concellos os principais polos de atracción social e económica do territorio, actuando así dende hai moito tempo debido ao impulso da actividade industrial e empresarial que teñen desenvolvido, tanto no ámbito naval como noutros sectores.


Neste sentido, os oito concellos se reparten o 60% restante do territorio, o que amosa tamén a súa pequena dimensión, xa que Pontedeume, que é o terceiro concello máis grande do territorio só representa o 8% do mesmo.

Graficamente, esta distribución atende ao seguinte reparto:



Fonte: IGE. Elaboración propia

A súa representación sobre o mapa do territorio, segundo tres niveis de distribución, é a seguinte:



Fonte: IGE. Elaboración propia

### 6.1.2 Demografía

A continuación, éntrase entón na análise do ámbito demográfico do GALP GAN, para ver a caracterización e factores principais da poboación do seu territorio.



Volver mencionar que no caso das cifras totais tomarase o conxunto con e sen o Concello de Ferrol, dado que metodoloxica e tecnicamente non se coñece exactamente como facer a distribución da poboación obxecto de integración no GALP GAN en función das características que se van analizar, tal como pirámide de idade, renda per cápita, evolución da poboación por lugar de nacemento ou o resto de indicadores avaliados.

### Poboación do territorio

Atendendo á evolución do censo de poboación, se observa o seguinte comportamento nos últimos anos dentro dos concellos e do conxunto do GALP GAN:

#### EVOLUCIÓN DO CENSO DE POBOACIÓN NOS CONCELLOS DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

Series históricas de poboación (Unidades en habitantes)

CONCELLO	2010		2011		2012		2013		2014		EVOLUCIÓN	
	Total	% s/ GALP	Total	% s/ GALP	Total	% s/ GALP	Total	% s/ GALP	Total	% s/ GALP	2010 - 2014	% S/ 2010
Ares	5.705	3,50%	5.801	3,57%	5.839	3,61%	5.801	3,61%	5.741	3,59%	36	0,63%
Cabanas	3.375	2,07%	3.346	2,06%	3.299	2,04%	3.287	2,04%	3.294	2,06%	-81	-2,40%
Fene	14.092	8,66%	13.902	8,55%	13.780	8,52%	13.639	8,48%	13.498	8,45%	-594	-4,22%
Ferrol	73.638	45,24%	72.963	44,88%	71.997	44,53%	71.232	44,29%	70.389	44,08%	-3.249	-4,41%
Miño	5.628	3,46%	5.760	3,54%	5.739	3,55%	5.786	3,60%	5.838	3,66%	210	3,73%
Mugardos	5.536	3,40%	5.481	3,37%	5.456	3,37%	5.470	3,40%	5.417	3,39%	-119	-2,15%
Narón	38.285	23,52%	38.910	23,93%	39.238	24,27%	39.450	24,53%	39.574	24,78%	1.289	3,37%
Neda	5.489	3,37%	5.442	3,35%	5.422	3,35%	5.413	3,37%	5.327	3,34%	-162	-2,95%
Paderne	2.653	1,63%	2.628	1,62%	2.597	1,61%	2.534	1,58%	2.502	1,57%	-151	-5,69%
Pontedeume	8.370	5,14%	8.342	5,13%	8.324	5,15%	8.213	5,11%	8.117	5,08%	-253	-3,02%
Total GALP sen Ferrol	89.133	-	89.612	-	89.694	-	89.593	-	89.308	-	175	0,20%
Total GALP	162.771	100,00%	162.575	100,00%	161.691	100,00%	160.825	100,00%	159.697	100,00%	-3.074	-1,89%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Obsérvase na anterior táboa como a poboación no conxunto do GALP GAN aumenta en 175 persoas, no caso de non contar coa evolución propia do Concello de Ferrol e como, ao telo en conta, se perden no seu conxunto máis de 3.000 persoas do censo de poboación entre os anos 2010 e 2014.


En calquera caso, destaca a perda 3.249 persoas do Concello de Ferrol, un 4,41% menos, fronte ao aumento que supón Narón (entre outros motivos polo mencionado anteriormente de que se converte en polo de atracción económica) de 1.289 persoas ou, o que é o mesmo, un 3,37% en termos porcentuais.

No resto de concellos destaca a perda de poboación do Concello de Paderne e de Fene cun 5,69% e un 4,22% respectivamente, seguidos de Pontedeume con 3,02% e un total de 253 persoas censadas menos.

No lado de incremento de poboación censada, xunto con Narón, destaca Miño, que lidera os incrementos cun 3,73% e un total de 210 persoas, acompañado só do Concello de Ares con 36 persoas máis censadas na evolución temporal avaliada.

A evolución observada na táboa anterior, ten a súa representación gráfica seguinte:

### EVOLUCIÓN DO CENSO DE POBOACIÓN NOS CONCELLOS DO GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE (2010-2014)




Fonte: IGE. Elaboración propia

### Pirámides de idade

En relación coa composición por idades dos concellos e do propio GALP GAN, a continuación farase un breve repaso polas súas respectivas pirámides de idade, de tal xeito que se poida avaliar a súa composición e distribución.


### PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE CONCELLO DE ARES (2014)



Fonte IGE. Elaboración propia

No caso do Concello de Ares obsérvase un lixeiro envellecemento e unha perda destacada de poboación infantil, tendo moito peso a poboación que se atopa entre os 40 e os 55 anos, o que pode supoñer a medio - longo prazo unha situación de claro incremento no índice de dependencia senil e envellecemento, tal e como se poderá ver máis adiante no apartado de indicadores demográficos e entendido como a relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE CABANAS (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

Case dun xeito similar o Concello de Cabanas tamén está a observar un envellecemento da súa poboación, agravado neste caso polo maior peso da poboación maior de 65 anos (principalmente mulleres), estando acompañado este efecto pola perda de poboación infantil o que está a incidir tamén no descenso no índice de dependencia infantil que pode ser destacado no futuro próximo.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE FENE (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

No caso do Concello de Fene a poboación de maior idade non tanto peso como nos casos anteriores, pero aínda así está a asumir un envellecemento da poboación moi marcado, cunha poboación menor de 20 anos moi feble para atender ao crecemento vexetativo do seu municipio.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE FERROL (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

Ao igual que no caso de Fene, no Municipio de Ferrol obsérvase tamén un incremento da importancia da poboación de maior idade, cun relevo xeracional que se pode ver insuficiente para atender á evolución dos vindeiros anos. Chama a atención tamén os valores da poboación feminina de maior idade que case está a duplicar os valores acadados pola poboación masculina, como tamén se pode confirmar no conxunto do territorio do GALP GAN.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE MIÑO (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

No caso do termo municipal de Miño, confírmase a evolución vista anteriormente en termos globais, cunha evolución totalmente diferente aos casos observados anteriormente. Neste sentido, vese unha poboación de menor idade, destacando a poboación de entre 35 e 49 anos, o que incide tamén no seu grao de concello con maior capacidade para atender ao desenvolvemento futuro e unha poboación xuvenil que cubre as capas de maior idade do municipio acadando niveis de crecemento destacables.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE MUGARDOS (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

No caso do Concello de Mugardos se volve á situación previa, cun peso moi importante da poboación maior e, igualmente, do xénero feminino, cun índice de envellecemento moi marcado.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE NARÓN (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

O Municipio de Narón é, xunto co visto de Miño, o caso destacado de poboación moza, cun predominio da poboación entre os 30 e os 45 anos e unha poboación menor de 19 anos que cubre os niveis máis altos da pirámide. Sen lugar a dúbidas, un reflexo do dinamismo social e da capacidade económica do seu territorio, tamén reflectido no índice de recambio da poboación en idade activa como se verá máis adiante.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE NEDA (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

O Concello de Neda, tal e como se vía anteriormente na análise global da poboación ten tamén unha pirámide de idade moi soportada polos grupos superiores, o que fai que o envellecemento tamén sexa un factor crítico de risco para o futuro da súa estrutura social.


**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE PADERNE (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

O Concello de Paderne é o caso máis destacado de envellecemento da súa poboación, cuestión que haberá que ter moi en conta xa no seu desenvolvemento social. Destaca neste caso tamén a maior similitude entre a poboación feminina e masculina de maior idade, a diferenza do resto dos concellos do GALP GAN.

**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
CONCELLO DE PONTEDEUME (2014)**




Fonte: IGE. Elaboración propia

E por último, o caso do Concello de Pontevedra. Nel se observa igualmente un incremento do envellecemento da súa sociedade, aínda que non tan destacado como noutros casos do territorio do GALP GAN. Aínda así, o incremento no seu índice de envellecemento fai necesario incidir na busca de alternativas para poder afrontar o futuro con capacidade.


Deste xeito, no seu conxunto, fai que as pirámides de idade para o conxunto do GALP GAN sexan as seguintes, tendo ou non tendo en consideración o Concello de Ferrol:

**PIRÁMIDE DE IDADE  
GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia

**PIRÁMIDE DE IDADE GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE  
SEN FERROL (2014)**



Fonte: IGE. Elaboración propia


Tal e como se comentaba ao principio deste apartado de análise e diagnóstico da poboación do GALP GAN, o peso que supoñen os concellos "máis urbanos" fan que non se produzan moita diferenza entre as dúas pirámides de idade presentadas para o conxunto do territorio con e sen Ferrol en canto a súa forma e distribución.

Aínda así, nun detalle máis concreto, obsérvase o papel do Concello de Narón no caso da pirámide do GALP GAN sen o Concello de Ferrol, xerando un menor peso da poboación de maior idade, xa que como se vía antes, Narón é o único concello que atende a unha distribución poboacional de maior presenza da habitantes mozos.

Nestes dous casos, preséntase a continuación a evolución anual por grupo de idade entre os anos 2010 e 2014:



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR GRUPOS QUINQUENAIS DO GALP GOLFO ÁRTABRO CON FERROL



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR GRUPOS QUINQUENAIS DO GALP GOLFO ÁRTABRO SEN FERROL



## Densidade de poboación

A continuación abordarase a análise da densidade de poboación no conxunto dos concellos do GALP GAN, lembrando a decisión metodolóxica de presentar os resultados totais para o conxunto do territorio contando e sen contar co Concello de Ferrol.

Neste caso, tal e como se mencionaba na definición metodolóxica anterior, é a única forma de avaliar a densidade de poboación, dado que se se collera só a poboación obxectivo da EDLP - Golfo Ártabro Norte (as mencionadas 670 persoas indicadas no Estudo de análise de resultados do Eixo IV do Fondo Europeo da Pesca - GAC2) e atendendo a que o dito concello é o máis extenso do GALP GAN, daría unhas cifras de despoboamento para nada reais. De aí a decisión metodolóxica tomada e explicada anteriormente.

### EVOLUCIÓN DA DENSIDADE DE POBOACIÓN NOS CONCELLOS DO GALP GOLFO ÁRTABRO

Persoas/km<sup>2</sup>


CONCELLO	2011	2012	2013	2014	Evo. 2011 - 2014
Ares	320,6	324,9	322,7	319	-1,6
Cabanas	109	107,7	108,1	108,5	-0,5
Fene	525,8	522,6	515,7	509,5	-16,3
Ferrol	870,2	861,5	848	837,5	-32,7
Miño	174,1	174,9	175,5	178,9	4,8
Mugardos	422,3	420,7	420,5	414,9	-7,4
Narón	569,3	575,5	576,7	578	8,7
Neda	221,3	221	219,8	216,1	-5,2
Paderne	67	66,5	65,7	65,4	-1,6
Pontedeume	279,7	278,6	278,5	276,5	-3,2
Total GALP sen Ferrol	318,7	319	318,6	317,6	-1,1
Total GALP	446,8	444,3	441,9	438,8	-8

Fonte: IGE. Elaboración propia

Neste caso, vese como Ferrol e Fene son os concellos que máis descenden (32,7 e 16,3 persoas por quilómetro cadrado respectivamente), fronte ao aumento de Narón e Miño, concellos que ven aumentar a súa poboación censada (con incrementos de 8,7 e 4,8 persoas por quilómetro cadrado respectivamente).

Mentres os demais concellos do GALP GAN asumen unha diminución máis suave, con Mugardos á cabeza e con Cabanas cunha moi lixeira diminución.

Territorialmente e distribuídas en catro graos, a densidade de poboación no 2014 é a seguinte:



Fonte: IGE. Elaboración propia

### Poboación do territorio segundo o lugar de nacemento

Outra análise interesante céntrase no estudo da poboación de cada concello e do conxunto do GALP GAN (con e sen o Concello de Ferrol) segundo o seu lugar de procedencia, atendendo á seguinte evolución:

POBOACIÓN SEGUNDO RELACIÓN ENTRE O LUGAR DE NACEMENTO E O DE RESIDENCIA

Series históricas de poboación (Unidades en habitantes)

	Ares	Cabanas	Fene	Ferrol	Miño	Mugardos	Narón	Neda	Paderne	Pontedeume	GALP		GALP sen Ferrol		
											Total	% s/ total	Total	% s/ total	
<b>2010</b>															
Total	5.705	3.375	14.092	73.638	5.628	5.536	38.285	5.489	2.653	8.370	162.771	100,00%	89.133	100,00%	
No concello de residencia	2.884	1.546	6.073	44.778	2.600	3.075	11.107	2.480	1.621	4.915	81.079	49,81%	36.301	40,73%	
Noutro concello da mesma provincia	2.006	1.397	6.365	16.366	2.124	1.938	20.757	2.384	803	2.336	56.476	34,70%	40.110	45,00%	
Noutra provincia de Galicia	171	153	664	3.969	229	135	2.598	289	58	312	8.578	5,27%	4.609	5,17%	
Noutra comunidade autónoma	329	167	498	4.858	279	231	1.877	167	69	461	8.936	5,49%	4.078	4,58%	
No estranxeiro	315	112	492	3.667	396	157	1.946	169	102	346	7.702	4,73%	4.035	4,53%	
<b>2011</b>															
Total	5.801	3.346	13.902	72.963	5.760	5.481	38.910	5.442	2.628	8.342	162.575	100,00%	89.612	100,00%	
No concello de residencia	2.885	1.527	5.984	44.305	2.575	3.043	11.200	2.433	1.588	4.877	80.417	49,46%	36.112	40,30%	
Noutro concello da mesma provincia	2.084	1.402	6.276	16.020	2.207	1.914	21.042	2.384	802	2.330	56.461	34,73%	40.441	45,13%	
Noutra provincia de Galicia	184	148	651	3.945	240	134	2.601	291	60	312	8.566	5,27%	4.621	5,16%	
Noutra comunidade autónoma	355	165	500	4.971	302	234	1.955	166	69	465	9.182	5,65%	4.211	4,70%	
No estranxeiro	293	104	491	3.722	436	156	2.112	168	109	358	7.949	4,89%	4.227	4,72%	
<b>2012</b>															
Total	5.839	3.299	13.780	71.997	5.739	5.456	39.238	5.422	2.597	8.324	161.691	100,00%	89.694	100,00%	
No concello de residencia	2.862	1.490	5.919	43.739	2.530	2.993	11.363	2.388	1.523	4.825	79.632	49,25%	35.893	40,02%	
Noutro concello da mesma provincia	2.135	1.402	6.234	15.726	2.248	1.933	21.110	2.402	824	2.355	56.369	34,86%	40.643	45,31%	
Noutra provincia de Galicia	183	150	648	3.913	246	142	2.591	281	64	316	8.534	5,28%	4.621	5,15%	
Noutra comunidade autónoma	366	154	507	4.925	305	231	1.986	173	77	462	9.186	5,68%	4.261	4,75%	
No estranxeiro	293	103	472	3.694	410	157	2.188	178	109	366	7.970	4,93%	4.276	4,77%	
<b>2013</b>															
Total	5.801	3.287	13.639	71.232	5.786	5.470	39.450	5.413	2.534	8.213	160.825	100,00%	89.593	100,00%	
No concello de residencia	2.842	1.481	5.887	43.227	2.527	2.959	11.501	2.369	1.485	4.754	79.032	49,14%	35.805	39,96%	
Noutro concello da mesma provincia	2.154	1.396	6.118	15.449	2.282	1.968	21.151	2.414	816	2.352	56.100	34,88%	40.651	45,37%	
Noutra provincia de Galicia	194	146	638	3.842	253	142	2.549	278	63	319	8.424	5,24%	4.582	5,11%	
Noutra comunidade autónoma	372	156	504	4.954	306	245	2.025	181	68	460	9.271	5,76%	4.317	4,82%	
No estranxeiro	239	108	492	3.760	418	156	2.224	171	102	328	7.998	4,97%	4.238	4,73%	
<b>2014</b>															
Total	5.741	3.294	13.498	70.389	5.838	5.417	39.574	5.327	2.502	8.117	159.697	100,00%	89.308	100,00%	
No concello de residencia	2.805	1.454	5.852	42.845	2.507	2.914	11.585	2.314	1.454	4.695	78.425	49,11%	35.580	39,84%	
Noutro concello da mesma provincia	2.141	1.428	6.020	15.146	2.341	1.959	21.147	2.375	816	2.321	55.694	34,87%	40.548	45,40%	
Noutra provincia de Galicia	190	147	637	3.768	263	148	2.569	276	64	313	8.375	5,24%	4.607	5,16%	
Noutra comunidade autónoma	374	150	501	4.973	321	241	2.079	185	73	455	9.352	5,86%	4.379	4,90%	
No estranxeiro	231	115	488	3.657	406	155	2.194	177	95	333	7.851	4,92%	4.194	4,70%	
<b>Variación 2010 - 2014</b>															
Total	36	-81	-594	-3.249	210	-119	1.289	-162	-151	-253	-3.074	-	175	-	
No concello de residencia	-79	-92	-221	-1.933	-93	-161	478	-166	-167	-220	-2.654	-	-721	-	
Noutro concello da mesma provincia	135	31	-345	-1.220	217	21	390	-9	13	-15	-782	-	438	-	
Noutra provincia de Galicia	19	-6	-27	-201	34	13	-29	-13	6	1	-203	-	-2	-	
Noutra comunidade autónoma	45	-17	3	115	42	10	202	18	4	-6	416	-	301	-	
No estranxeiro	-84	3	-4	-10	10	-2	248	8	-7	-13	149	-	159	-	

Fonte: IGE. Elaboración propia

Sen entrar no detalle concello a concello de cada unha das variables, na comparación entre o 2010 e o 2014 vese como no conxunto do GALP GAN co Concello de Ferrol ten un comportamento totalmente distinto sen contar o dito concello, loxicamente atendendo á evolución de minoración tan destacada que se produce no mesmo nestes anos.

En calquera caso, chama a atención como nos dous casos se perde poboación nacida nestes concellos (incluso concello a concello coa excepción de Narón), fronte ao aumento da poboación doutras comunidades autónomas e do estranxeiro que aumentan a súa participación na poboación do territorio e neste caso, tanto contando como excluindo Ferrol do conxunto dos datos: 416 e 301 persoas vidas doutras comunidades e 149 e 159 persoas estranxeiras, respectivamente.

### Entidades de poboación

Incidindo na análise poboacional do territorio do GALP GAN é o momento de avaliar os núcleos e demais entidades poboacionais que se atopan en cada un dos concellos e no conxunto do territorio do Grupo, asumindo novamente contar e excluír ao Concello de Ferrol para o total, noutro caso claro de dificultade manifesta de entender como distribuír as 670 persoas obxectivo da EDLP - Golfo Ártabro Norte.

A distribución de entidades de poboación por concello no ano 2014 é a seguinte:

#### ENTIDADES DE POBOACIÓN DOS CONCELLOS DO GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE - 2014

CONCELLOS	Entidades colectivas (parroquias)		Entidades singulares		Núcleos de poboación		Diseminados	
	Nº total	% no GALP	Nº total	% no GALP	Nº total	% no GALP	Nº total	% no GALP
Ares	3	4,29%	39	5,09%	25	7,69%	14	3,17%
Cabanas	7	10,00%	57	7,44%	15	4,62%	42	9,50%
Fene	8	11,43%	139	18,15%	96	29,54%	43	9,73%
Ferrol	12	17,14%	59	7,70%	2	0,62%	57	12,90%
Miño	8	11,43%	79	10,31%	32	9,85%	47	10,63%
Mugardos	4	5,71%	15	1,96%	14	4,31%	1	0,23%
Narón	7	10,00%	152	19,84%	37	11,38%	115	26,02%
Neda	4	5,71%	88	11,49%	57	17,54%	31	7,01%
Paderne	9	12,86%	60	7,83%	26	8,00%	34	7,69%
Pontedeume	8	11,43%	78	10,18%	21	6,46%	58	13,12%
Total GALP	70	100,00%	766	100,00%	325	100,00%	442	100,00%
Total GALP sen Ferrol	58	82,86%	707	92,30%	323	99,38%	385	87,10%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Neste caso se parte desta análise coas seguintes definicións metodolóxicas:

Entidade colectiva (parroquia): Unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio que existe nalgunhas rexións (como é no caso de Galicia) e que está constituída a súa vez por agrupación de entidades singulares e que goza de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica.

Entidade singular de poboación: Calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen na mesma vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o conxunto das mesmas coñécese por unha denominación.

Núcleo de poboación: Conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que habita as mesmas supere os 50 habitantes. Inclúense no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto, se ben na determinación de esta distancia excluíranse os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns, zonas deportivas, cemiterios, aparcamentos e outros, así como as canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes.

Diseminados: Están constituído polas edificacións ou vivendas dunha entidade singular que non poden incluírse no concepto de núcleo.

Dende este punto de vista, vese como Ferrol é o concello con máis parroquias do conxunto de municipios (12 das 70 do total), fronte a Narón que é a que ten máis entidades singulares (152 das 766 do conxunto), Fene que acada case un terzo dos núcleos de poboación (96 das 325 globais) e Narón novamente como concello que máis entidades diseminadas do territorio cunha cuarta parte do total (115 das 442 totalizadas para o territorio).

### Produto Interior Bruto e Renda per cápita

Continúase co estudo da poboación do territorio incidindo agora na distribución do Produto Interior Bruto e a Renda per cápita nos concellos e no total do GALP con e sen o Concello de Ferrol.

Como nota aclaratoria a este apartado é preciso mencionar que segundo aclara o IGE, para a obtención do PIB por habitante empregouse a poboación a 1 de xullo obtida coma o promedio dos anos 2012 e 2013 para os datos de 2012.

## PRODUTO INTERIOR BRUTO (PIB) E RENDA PER CÁPITA

Ano 2012. Unidade: Miles de euros/euros por habitante

Concello	Produto Interior Bruto	Renda per cápita
Ares	47.313	7.985
Cabanas	57.155	17.484
Fene	175.325	12.841
Ferrol	1.394.888	19.732
Miño	63.239	10.937
Mugardos	103.879	19.294
Narón	624.861	16.212
Neda	46.520	8.615
Paderne	24.932	9.476
Pontedeume	101.178	12.396
Total GALP sen Ferrol	1.244.402	13.874
Total GALP	2.639.290	16.323

Fonte: IGE. Elaboración propia


Neste sentido tamén destacan os concellos de Ferrol e de Narón, cun produto interior bruto moi por riba do resto de concellos, o que fai que tamén a súa renda per cápita sexan as maiores do territorio, coa excepción do Concello de Mugardos que é o segundo concello por este ratio (aínda que non se pode confirmar exactamente, seguramente debido ao emprazamento no seu territorio da pranta de regasificación Reganosa, pola súa dimensión e nivel de facturación).

Por debaixo, os concellos de Ares e Paderne, alternándose nun e outro ratio (o primeiro como o de menor Renda per cápita e o segundo como o menor no Produto Interior Bruto), moi por debaixo dos niveis dos concellos referencia.

Sendo así, para o total do GALP GAN a presenza ou non do Concello de Ferrol fai que se sitúe a Renda per cápita en 16.323 € ou en 13.874 €, respectivamente, o que significa un 15% de diferenza.


A distribución da distribución do Produto Interior Bruto no GALP GAN atende á seguinte distribución:

**DISTRIBUCIÓN DO PRODUTO INTERIOR BRUTO  
GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE 2012**



Fonte: IGE. Elaboración propia

**DISTRIBUCIÓN DO PRODUTO INTERIOR BRUTO  
GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE SEN FERROL 2012**




Fonte: IGE. Elaboración propia

E para o conxunto dos concellos, a Renda per cápita atende á seguinte distribución gráfica:




### RENDA PER CÁPITA POR CONCELLO DO GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE (2012)



Fonte: IGE. Elaboración propia

Distribuída xeograficamente e atendendo a catro niveis de renda, a representación da mesma no ano 2014 é a seguinte:




Fonte: IGE. Elaboración propia

### Tipoloxía dos concellos en función da relación entre o crecemento demográfico e a renda bruta dispoñible

En relación coa Renda per cápita e co crecemento da poboación nos concellos do GALP GAN,

preséntase a continuación a tipoloxía realizada polo IGE relacionando ámbolos dous conceptos, poñendo no mapa a dita relación.

Por último, especificar que neste caso, o dato máis actualizado co que conta o IGE é a comparativa entre o ano 2000 e 2009, que é a que a continuación se presenta:



Fonte: IGE. Elaboración propia

## Outros indicadores demográficos

Para pechar este apartado de análise de caracterización do territorio, preséntanse a continuación un conxunto de ratios por concello e que permitirán confirmar as conclusións presentadas nos puntos anteriores.

Sirva as seguintes definicións para unha mellor comprensión de cada un dos indicadores presentados:

Para poder interpretar cada un dos indicadores presentados se expresan a continuación o significado de cada un deles.

- Taxa de crecemento composto continuo da poboación: Incremento da poboación baseado nun modelo de crecemento exponencial continuo propio do IGE.
- Idade media no 1 de xaneiro: Media aritmética das idades dos individuos que compoñen a poboación municipal.
- Porcentaxes de poboación por grandes grupos de idade: Relación entre os grupos de poboación seguintes e o total de poboación: menores de 20 anos, de 20 a 64 anos e maiores de 64 anos. Neste caso, permite consolidar a interpretación feita neste apartado do punto anterior no que se avaliaba a pirámide de idade.
- Índice de envellecemento: Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe; é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos,; factor tamén moi importante de cara á interpretación do envellecemento da poboación de cada un dos concellos do territorio.
- Índice de dependencia global: Relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).
- Índice de dependencia xuvenil: Relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).
- Índice de dependencia senil: Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) .
- Índice de estrutura da poboación en idade activa: Relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.
Vertidos Cero, S.L. Gestión de residuos	4677	Comercio por xunto de serralla e produtos de refugallo
Vidrieras Alvaríño	2312	Manipulación e transformación de vidro plano
Wurth Autoservicio	4674	Comercio por xunto de ferraxaría, fontanaría e calefacción
Xoiván	4674	Comercio por xunto de ferraxaría, fontanaría e calefacción

### Caracterización das actividades económicas

Para concluír co apartado de estrutura económica e empresarial do territorio do GALP GAN analízanse a continuación as empresas con actividade nos concellos que o integran segundo a súa actividade principal (grupos CNAE 2009), considerando os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística e vendo as variacións entre os anos 2010 e 2013, a efectos de ver a súa evolución.

Na seguinte táboa, e como ven sendo habitual en toda a análise de situación, considéranse as perspectivas do territorio total e do mesmo sen contemplar os datos do Concello de Ferrol pola súa importancia relativa en relación ao total do GALP.

Para unha maior claridade, cada grupo se amosa totalizado e, a continuación e dentro de cada un deles, se ofrece o detalle do número de empresas por actividade desagregado a dous díxitos.

ACTIVIDADES (CNAE)	TOTAL GALP			TOTAL SEN FERROL		
	2010	2013	% VAR.	2010	2013	% VAR.
<b>2 Industria, incluída a enerxía</b>	<b>555</b>	<b>553</b>	<b>-0,36%</b>	<b>386</b>	<b>399</b>	<b>3,37%</b>
08 Outras industrias extractivas	10	5	-50,00%	9	4	-55,56%
10 Industria da alimentación	88	95	7,95%	71	74	4,23%
11 Fabricación de bebidas	4	4	0,00%	3	3	0,00%



ACTIVIDADES (CNAE)	TOTAL GALP			TOTAL SEN FERROL		
	2010	2013	% VAR.	2010	2013	% VAR.
13 Industria téxtil	12	12	0,00%	6	6	0,00%
14 Confección de roupa de vestir	39	32	-17,95%	19	17	-10,53%
15 Industria do coiro e do calzado	1	1	0,00%	1	1	0,00%
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	34	34	0,00%	24	25	4,17%
17 Industria do papel	2	3	50,00%	2	3	50,00%
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	41	42	2,44%	22	22	0,00%
20 Industria química	7	6	-14,29%	6	5	-16,67%
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4	3	-25,00%	2	2	0,00%
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	30	28	-6,67%	24	24	0,00%
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	4	3	-25,00%	4	3	-25,00%
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	112	101	-9,82%	86	84	-2,33%
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	3	3	0,00%	1	0	-100,00%
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	1	3	200,00%	1	3	200,00%
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	8	12	50,00%	6	10	66,67%
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2	1	-50,00%	2	1	-50,00%
30 Fabricación doutro material de transporte	14	13	-7,14%	7	7	0,00%
31 Fabricación de mobles	47	39	-17,02%	37	31	-16,22%
32 Outras industrias manufactureiras	29	24	-17,24%	18	14	-22,22%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	46	64	39,13%	24	42	75,00%
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	9	11	22,22%	6	9	50,00%
36 Captación, depuración e distribución de auga	3	2	-33,33%	2	1	-50,00%
38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	5	11	120,00%	3	7	133,33%
39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	0	1	0,00%	0	1	0,00%
<b>3 Construción</b>	<b>1.384</b>	<b>1.182</b>	<b>-14,60%</b>	<b>847</b>	<b>745</b>	<b>-12,04%</b>
41 Construción de edificios	580	469	-19,14%	313	255	-18,53%

ACTIVIDADES (CNAE)	TOTAL GALP			TOTAL SEN FERROL		
	2010	2013	% VAR.	2010	2013	% VAR.
42 Enxeñaría civil	45	35	-22,22%	16	13	-18,75%
43 Actividades de construción especializada	759	678	-10,67%	518	477	-7,92%
<b>4 Servizos</b>	<b>7.307</b>	<b>7.134</b>	<b>-2,37%</b>	<b>3.674</b>	<b>3.740</b>	<b>1,80%</b>
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	233	220	-5,58%	153	153	0,00%
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	454	470	3,52%	262	278	6,11%
47 Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.632	1.524	-6,62%	859	815	-5,12%
49 Transporte terrestre e por tubaxe	422	371	-12,09%	283	250	-11,66%
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	3	3	0,00%	3	2	-33,33%
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	39	42	7,69%	12	15	25,00%
53 Actividades postais e de correos	22	21	-4,55%	12	14	16,67%
55 Servizos de aloxamento	61	59	-3,28%	40	40	0,00%
56 Servizos de comidas e bebidas	1.205	1.196	-0,75%	649	667	2,77%
58 Edición	16	18	12,50%	6	9	50,00%
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	9	8	-11,11%	3	2	-33,33%
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	2	1	-50,00%	2	1	-50,00%
61 Telecomunicacións	5	4	-20,00%	1	1	0,00%
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	38	39	2,63%	18	19	5,56%
63 Servizos de información	3	7	133,33%	2	2	0,00%
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	5	5	0,00%	1	3	200,00%
65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria	1	1	0,00%	0	0	0,00%
66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	221	225	1,81%	119	119	0,00%
68 Actividades inmobiliarias	188	218	15,96%	78	102	30,77%
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	469	464	-1,07%	133	154	15,79%
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	5	15	200,00%	1	7	600,00%

ACTIVIDADES (CNAE)	TOTAL GALP			TOTAL SEN FERROL		
	2010	2013	% VAR.	2010	2013	% VAR.
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	374	325	-13,10%	172	174	1,16%
72 Investigación e desenvolvemento	36	11	-69,44%	12	2	-83,33%
73 Publicidade e estudos de mercado	52	45	-13,46%	20	19	-5,00%
74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	71	93	30,99%	31	41	32,26%
75 Actividades veterinarias	26	31	19,23%	11	12	9,09%
77 Actividades de aluguer	34	34	0,00%	16	19	18,75%
78 Actividades relacionadas co emprego	4	6	50,00%	1	2	100,00%
79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	17	16	-5,88%	9	11	22,22%
80 Actividades de seguranza e investigación	8	7	-12,50%	4	3	-25,00%
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	113	116	2,65%	66	75	13,64%
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	154	60	-61,04%	62	23	-62,90%
85 Educación	286	310	8,39%	126	139	10,32%
86 Actividades sanitarias	324	363	12,04%	116	148	27,59%
87 Asistencia en establecementos residenciais	7	7	0,00%	3	5	66,67%
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	33	36	9,09%	11	10	-9,09%
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	61	59	-3,28%	35	30	-14,29%
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	18	3	-83,33%	4	1	-75,00%
92 Actividades de xogos de azar e apostas	33	34	3,03%	14	18	28,57%
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	121	139	14,88%	56	66	17,86%
94 Actividades asociativas	52	67	28,85%	17	21	23,53%
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	56	50	-10,71%	27	22	-18,52%
96 Outros servizos persoais	394	411	4,31%	224	246	9,82%
<b>Total</b>	<b>9.246</b>	<b>8.869</b>	<b>-4,08%</b>	<b>4.907</b>	<b>4.884</b>	<b>-0,47%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Explotación do directorio de empresas e unidades locais. Elaboración propia

Dos datos obtidos pode apreciarse como as actividades relacionadas coa industria presentan un lixeiro descenso ao considerar todo o territorio do GALP, pero descontando os datos do Concello de Ferrol a tendencia que presentan é de crecemento, cun incremento superior ao 3% ata chegar case ás 400 empresas.

Dentro destas son as empresas relacionadas coa industria da alimentación as que presentan un mellor comportamento (en canto ao seu volume total), as empresas de recolla, tratamento e eliminación de residuos (aumentos superiores ao 100%), empresas de fabricación de equipamento eléctrico (cun incremento dun 200% pero cun número moi baixo, o que induce a unha gran variabilidade) ou as industrias do papel (un 50% de aumento), entre outras.

Fronte a estas, as empresas englobadas baixo outras industrias extractivas experimentan un descenso moi acusado, alcanzando ou superando o 50% de redución en calquera das dúas perspectivas, partindo dun datos inicial de 10 empresas que se ven reducidas a 5 en tan só tres anos. Hai outras divisións nas que se experimentan fortes descensos porcentuais, como é o caso das empresas do grupo 29 no que esta diminución acada o 50%, se ben ao partirse dun dato moi baixo (tan só 2 empresas), calquera incidencia nun sentido ou noutro vai supoñer un grande cambio en canto a porcentaxe.

No tocante á construción, a baixada é xeralizada e importante tanto si se considera todo o territorio do GALP como si se fai excluindo a Ferrol, xa que no mellor dos casos o número de empresas con actividade sofre unha baixada superior ao 12%, presentando ese mesmo comportamento negativo todas as súas compoñentes. Desde xeito, o número de empresas activas en todo o territorio dedicadas a esta actividade acaba situado en 1.182, fronte ás 745 que existen descontando Ferrol.

En canto aos servizos, que como xa se puido constatar anteriormente na análise do mercado laboral, é o sector predominante na economía da zona, presenta unha evolución lixeiramente negativa ao considerar o total do GALP, ao pasar de 7.307 empresas de 2010 a 7.134 en 2013. En cambio, descontando os datos correspondentes a Ferrol, a tendencia se inverte e resulta lixeiramente positiva, pasando das 3.674 empresas de 2010 a 3.740 empresas.

Dentro destas empresas destaca o crecemento das empresas de consultaría (grupo 70) que chegan a acadar un incremento do 600% no territorio do GALP exceptuando Ferrol, ou as actividades de almacenamento e anexas ao transporte, que neste mesmo territorio acadan un incremento do 25%.

Polo lado negativo, destaca en ambas perspectivas o imorante descenso porcentual e numérico das empresas dedicadas a investigación e desenvolvemento (dentro do grupo 72), especialmente por tratarse de actividades de alto valor engadido.

En definitiva, e analizando o resultado total, pode apreciarse como se produce un descenso global no número de empresas con presenza no territorio do GALP GAN. Non obstante, este descenso é porcentualmente máis acusado ao considerar os datos de Ferrol que si se consideran unicamente o resto de concellos, xa que se no primeiro caso falamos dunha redución do número de empresas lixeiramente por riba do 4%, no segundo este descenso non chega ao medio punto porcentual.

Non obstante o anterior, chama a atención nos datos do Instituto Galego de Estatística a ausencia de empresas do grupo 03 do CNAE dedicado á pesca e acuicultura, que cubre "a utilización dos recursos pesqueiros dos medios mariños, de augas salobres ou auga doce, coa fin de capturar ou colleitar peixes, crustáceos, moluscos e outros organismos e produtos do mar". Isto pode deberse a que nestes concellos esta actividade se desenvolve de xeito fundamental por persoas do réxime especial de traballadores autónomos e que, polo tanto, non constitúen empresas e non figuran nesta relación do CNAE.

#### 6.1.6 O Sector Pesqueiro

O territorio do GALP GAN, no ámbito do sector pesqueiro, se atopa emprazado dentro da Zona VII Coruña - Ferrol, que inclúe o espazo que vai dende o meridiano que pasa por Punta Langosteira ata o meridiano que pasa polo cabo Prioriño.


hai que mencionar tanto as Confrarías de Pescadores, a evolución nas capturas realizadas, a caracterización dos portos, os bancos de marisqueo e as zonas do litoral.

#### As Confrarías de Pescadores

Dentro do territorio do GALP GAN se atopan as seguintes confrarías de pescadores:

- Confraría de Pescadores de Ares
- Confraría de Pescadores de Ferrol
- Confraría de Pescadores de Miño
- Confraría de Pescadores Santiago Apostol de Barallobre-Fene
- Confraría de Pescadores San Telmo de Mugar dos
- Confraría de Pescadores Virgen del Carmen de Pontedeume

A distribución territorial das mesmas é a seguinte:



Fonte: Consellería do Mar. Elaboración propia

### A estrutura das Confrarías de Pescadores

Atendendo á evolución nos últimos tres anos, as confrarías do GALP GAN observaron a seguinte evolución da súa composición por sexo:

## EVOLUCIÓN DA COMPOSICIÓN DAS CONFRARÍAS POR SEXO (2013 - 2015)

CONFRARÍAS	ANOS	HOMES	MULLERES	TOTAL
BARALLOBRE	2013	89	68	157
	2014	92	71	163
	2015	92	56	148
FERROL	2013	223	41	264
	2014	215	42	257
	2015	236	47	283
MIÑO	2013	4	21	25
	2014	4	14	18
	2015	4	13	17
MUGARDOS	2013	17	56	73
	2014	15	47	62
	2015	33	35	68
PONTEDEUME	2013	45	13	58
	2014	47	16	63
	2015	47	17	64
TOTAL GALP	2013	378	199	577
	2014	373	190	563
	2015	412	168	580


Fonte: Confrarías de pescadores do GALP GAN. Elaboración propia

Se pode observar como, salvo Ferrol e Pontedeume, as demais confrarías ven baixar a súa dimensión, aínda que no total do GALP o resultado da evolución entre o ano 2013 e 2015 é de 3 membros máis.

Do mesmo xeito, no período avaliado son os homes os que asumen o incremento fronte a perda de importancia relativa das mulleres na súa participación na estrutura das confrarías.

Por outra banda, cabe destacar tamén que a confraría de Ferrol é a que acolle case o 50% do conxunto de persoas integrantes das cinco confrarías que compoñen o GALP GAN, tendo unhas dimensións moito máis grandes que calquera das demais.


PESO DAS CONFRARIÁS NO TOTAL DO SECTOR DO  
MAR NO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE (2015)




Fonte: Confrarías de pescadores do GALP Golfo Ártabro Norte. Elaboración propia

A continuación se presenta tamén a composición por sexos das ditas confrarías, atendendo á situación actual de 2015:


TOTAL COMPOSICIÓN DA CONFRARÍA BARALLOBRE  
POR SEXO (2015)




TOTAL COMPOSICIÓN DA CONFRARÍA DE FERROL  
POR SEXO (2015)



TOTAL COMPOSICIÓN DA CONFRARÍA DE MIÑO  
POR SEXO (2015)




TOTAL COMPOSICIÓN DA CONFRARÍA DE MUGARDOS  
POR SEXO (2015)






TOTAL COMPOSICIÓN DA CONFRARÍA DE  
PONTEDEUME POR SEXO (2015)



TOTAL COMPOSICIÓN DAS CONFRARÍAS DO GALP  
GOLFO ÁRTABRO POR SEXO (2015)



Fonte: Confrarías de pescadores do GALP Golfo Ártabro Norte. Elaboración propia

Nos anteriores gráficos destaca o peso dos homes na Confraría de Ferrol, Pontevedra e Barallobre, fronte ao liderado das mulleres no caso da Confraría de Miño principalmente e de Mugaridos en menor medida, aínda que igualmente por riba do 50%.

Dada a dimensión da Confraría de Ferrol e de Barallobre o resultado final para o conxunto do GALP GAN é dunha destacada maioría do sexo masculino sobre o feminino, sendo necesario incidir en actuacións que fomenten a igualdade de oportunidades e o fomento do emprego feminino.

### A composición das confrarías por tramos de idade

Doutra banda, as confrarías do GALP GAN amosan unha composición dispar en canto á distribución por tramos de idade.

Así, tal e como se reflicte na táboa seguinte, fronte a unha lixeira mostra de relevo xeracional como é no caso da Confraría de Ferrol, se observan casos de claro envellecemento da súa estrutura, como sucede co caso da Confraría de Miño e, en menor medida, no caso da Confraría de Mugaridos.

### COMPOSICIÓN DAS CONFRARÍAS POR TRAMOS DE IDADE (2015)







CONFRARÍAS	<=30 ANOS	31 - 40 ANOS	41- 50 ANOS	51-60 ANOS	>60 ANOS
BARALLOBRE	7	32	41	54	19
FERROL	20	75	95	74	19
MIÑO	0	1	4	7	4
MUGARDOS	6	12	12	17	8
PONTEDEUME	16	10	31	7	0
TOTAL GALP	49	130	183	159	50

Fonte: Confrarías de pescadores do GALP GAN. Elaboración propia

Isto fai que a nivel global, para o conxunto do GALP GAN, se obteña certo equilibrio xeracional, aínda que compensando entre elas, poñendo de manifesto tamén unha necesidade de impulsar novas fórmulas para a captación de novas incorporacións da poboación máis xoven.

De feito, tal e como se ten observado no grupo de traballo sobre o sector pesqueiro, se aprecia que esta tendencia de novas incorporacións se está a producir en maior medida coa situación de crise económica que se está a pasar nalgúns dos núcleos do GALP GAN, o que fai que a xente xoven busque alternativas económicas no sector do marisqueo, o que esixe tamén dun maior apoio en materia de formación para impulsar novas fórmulas de comercialización e de modernización do sector.

A continuación preséntase esa distribución por tramos de idade no 2015 de xeito gráfico:



Fonte: Confrarías de pescadores do GALP GAN. Elaboración propia

## A composición do marisqueo a pé

Nunha liña similar evoluciona a composición por sexos do marisqueo a pé nas confrarías do GALP GAN, dando unha visión adicional sobre a composición de xénero neste tipo de marisqueo.

Así, tal e como se observa no cadro seguinte, existe un predominio moi marcado do sexo feminino, aínda que non é homoxéneo, xa que a Confraría de Pescadores de Ferrol amosa un maior número de homes no marisqueo a pé.

### PERMISOS DE MARISQUEO A PÉ POR SEXO E CONFRARIÁS

CONFRARIÁS	2011		2012		2013		2014		VAR. 2011 - 2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
BARALLOBRE	2	52	2	49	13	45	13	40	11	-12
FERROL	18	2	17	2	15	2	15	2	-3	0
MIÑO	2	24	1	21	1	20	1	15	-1	-9
MUGARDOS	3	51	9	58	8	56	11	49	8	-2
PONTEDEUME	0	15	5	15	5	14	6	14	6	-1
TOTAL GALP	25	144	34	145	42	137	46	120	21	-24


Fonte: IGE. Elaboración propia

En todo caso, na evolución temporal observada vese como se incrementa o número de homes que contan con permiso de marisqueo a pé en 21 (pasando de 25 a 46), mentres que son 24 as mulleres que deixan o marisqueo a pé nese mesmo período (descendendo das 144 do 2011 ás 120 do 2014).

Deste xeito, as mulleres pasan de representar no 2011 o 85,21% do conxunto de mariscadores a pé no GALP GAN ao 72,29%.

A dita evolución gráfica para o conxunto do GALP GAN é a seguinte:


### EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NO CONXUNTO DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE POR SEXO (2011 - 2014)




Fonte: IGE. . Elaboración propia

Nese sentido, a evolución por cada confraría é a seguinte:

EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE BARALLOBRE POR SEXO (2011 - 2014)




EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE FERROL POR SEXO (2011 - 2014)




Fonte: IGE. Elaboración propia

Nestes dous primeiros casos, se observa unha evolución claramente contraria. Así, mentres que en Barallobre as mulleres van perdendo unidades, os homes viron incrementar a súa presenza de xeito crecente nos dous últimos anos. Pola outra banda, na Confraría de Ferrol aínda que os homes baixaron lixeiramente, as mulleres con permiso de marisqueo a pé se mantiveron estabilizadas en dúas unidades.

EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE MIÑO POR SEXO (2011 - 2014)




EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE MUGARDOS POR SEXO (2011 - 2014)



Fonte: IGE. Elaboración propia

Nos casos das Confrarías de Miño e Mugardos as mulleres teñen un protagonismo principal, pero mentres que en Mugardos vese no sexo feminino un descenso despois de dous anos crecendo, no caso de Miño o descenso é continuado. Tamén varía a evolución no caso dos homes, xa que mentres que na Confraría de Miño se produce cunha minoración nunha representación case que testimonial, fronte a un aumento no caso da Confraría de Mugardos.

EVOLUCIÓN NA COMPOSICIÓN DO MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE PONTEDEUME POR SEXO (2011 - 2014)



Fonte: IGE. Elaboración propia

E por último, no caso da Confraría de Pontedeume, a diminución no caso das mulleres é só dunha unidade, fronte ao incremento de 6 unidades no caso dos homes, dende un 2011 no que non había ningún, ata os 6 que había no ano 2014.

### Os plans de explotacións

A continuación farase un repaso polos plans de explotación que se están realizando ao longo do presente ano 2015.

#### PLANS DE EXPLOTACIÓNS EN AUTORIZACIÓNS MARISQUEIRAS

CONFRARÍA	MODALIDADE	ESPECIES	ZONA DE TRABALLO	DÍAS MÁX. EXTRACCIÓN	ÉPOCAS PROBABLES EXTRACCIÓN
C.P. Barallobre	A pé	AB, AF, AX, B, O, Abc, Cm	Praias de Barallobre e Maniños	124	De xaneiro a decembro
C.P. Ferrol e Barallobre (plan conxunto)	A pé Embarcación	AB, AF, AX, B,C, O, R	As Pías interna: delimitada pola liña imaxinaria que une o extremo oeste co extremo leste da ponte das Pías cara ao interior da ría, agás a enseada da Gándara. As Pías externa: Delimitada entre a liña imaxinaria que une o extremo oeste co extremo leste da ponte das Pías e a liña imaxinaria que une o extremo leste da ponte das Pías coa punta do Montón. Zona delimitada entre a liña imaxinaria que une o extremo leste da ponte das Pías coa punta do Montón e a liña imaxinaria que une o peirao de Caranza co peirao de Astano. Cabana-A Malata.	212	As Pías interna: de xaneiro a xuño e de setembro a decembro Resto zonas: de maio a novembro
C.P. Ferrol	A pé	AF, AB, AX, B	San Felipe, enseada de Cabana-A Malata, praia de Caranza-Montón, e de punta Cornida á ponte do tren	180	De xaneiro a decembro
C.P. Miño	A pé Embarcación	AF, AB, B, O, AX, Cd, LonV, Cm	Entre final da praia grande de Miño e punta Allo e entre a canle de Hervás e punta Curbeiros	110	De xaneiro a decembro
C.P. Pontedeume	A pé	AF, AX, AB, B, O	Entre praia Almieiras e punta Carboeira: A Magdalena, O Fabal e O Oito	175	De xaneiro a decembro
	Embarcación	AF, AX, AB, B, O	Entre praia Almieiras e punta Carboeira: A Magdalena, O Fabal e O Oito	192	De xaneiro a decembro

Fonte: Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015. Consellería do Mar

#### PLANS ESPECÍFICOS EN ZONAS DE LIBRE MARISQUEO

CONFRARÍA	MODALIDADE	ESPECIES	ZONA DE TRABALLO	DÍAS MÁX. EXTRACCIÓN	ÉPOCAS PROBABLES EXTRACCIÓN
C.P. Barallobre	A pé	AB, AF, AX, B	Zona intermareal dende San Valentín ata a desembocadura do	104	De xaneiro a abril e de xullo a decembro
C.P. Ferrol e Barallobre	A pé Embarcación	AB, AF, AX, B, AR, C, R, O	Zona comprendida entre a liña imaxinaria de Monte Ventoso a punta Segaña ata a liña imaxinaria que une o peirao da praia de Caranza co peirao de Astano	252	De xaneiro a decembro
C.P. Ferrol, Mugarbos e Barallobre (plan conxunto)	Rastro de vieira ou volandeira	Z	Zona media da ría comprendida entre a liña imaxinaria que une punta dos Castros e punta Caranza (agás as enseadas de Caranza e Cabana-A Malata) e a liña imaxinaria que une punta Redonda e punta do Vispón	42	De xaneiro a decembro
C.P. Miño	A pé Embarcación	AF, AB, B, AX, O, Cd, LonV, Cm	A pé: Bañobre, xuncal do río Baxoi e río Bañobre, punta Xurela-ponte do Porco, punta Cabanapraia do Pedrido Embarcación: de punta Curbeiroa a punta Mauruxo; de punta Satareixa a punta Allo	A pé: 110 Embarc: 30	De xaneiro a decembro

Fonte: Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015. Consellería do Mar

PLANS DE EXPLOTACIÓN DOUTRAS ESPECIES

CONFRARÍA	MODALIDADE	ESPECIES	ZONA DE TRABALLO	DÍAS MÁX. EXTRACCIÓN	ÉPOCAS PROBABLES EXTRACCIÓN
C.P. Ferrol	A pé Embarcación	Percebe	De faro de punta Frouxeira ata a Faisca	162	De xaneiro a decembro
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	Equinodermos	De punta Langosteira a punta Segaña	50	De xaneiro a abril e decembro
C.P. Ferrol	MSAS	Equinodermos	De faro de punta Frouxeira ata a ponte da Faisca	60	De xaneiro a marzo Decembro
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	Anemone	De punta Langosteira a punta Miranda	40	De maio a decembro
C.P. Ferrol	MSAS	Anemone	De punta Langosteira a punta Miranda	100	Xaneiro, febreiro e de maio a decembro
C.P. Ferrol	A pé MSAS	Am Hd Li	Dende a ponte do tren ata o faro de punta Frouxeira	180	De xaneiro a decembro
C.P. Miño	A pé	Am Hd Li Dn	Souto, Lombo de Castelo de Souto, río Láncara, Salinas, río Morto, Lombo do Castelo do Pedrido, punta praia Xurela, praia pequena de Miño (Cebado), praia pequena de Miño (Couce), Lombo de Espiñeira, Ponte do Porco, final praia Grande, Seixas e río Bañobre	140	De xaneiro a decembro

Fonte: Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015 e Plans para a explotación de poliquetos para o ano 2015. Consellería do Mar

Abreviaturas das especies

AB: Ameixa babosa	C: Carneiro	Am: Arenicola marina
Abc: Ameixa bicuda	Cd: Cadelucha	Dn: Diopatra neapolitana
AF: Ameixa fina	Cm: Caramuxo	Hd: Hediste diversicolor
AR: Ameixa rubia	LonV: Longueirón vello	Li: Lumbrineris impatiens
AX: Ameixa xaponesa	R: Reloxo	
B: Berberecho/birollo	Z: Zamburiña	

Abreviaturas das modalidades

MSAS: Mergullo con subministro de aire dende superficie

Como peche deste apartado, preséntanse a continuación os mapas das zonas das ditas autorizacións e das zonas de libre marisqueo, para coñecer de xeito gráfico o seu emprazamento.

## ZONA DE EXPLOTACIÓNS EN AUTORIZACIÓNS PARA O MARISQUEO NA RÍA DE FERROL



Fonte: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia - Intecmar.  
Elaboración propia

## ZONA DE EXPLOTACIÓNS EN AUTORIZACIÓNS PARA O MARISQUEO NA RÍA DE PONTEDEUME



Fonte: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia - Intecmar.  
Elaboración propia

## ZONA DE EXPLOTACIÓN EN AUTORIZACIÓN PARA O MARISQUEO NA RÍA DE BETANZOS



Fonte: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia - Intecmar.  
Elaboración propia

184

## ZONA DE LIBRE MARISQUEO NA RÍA DE FERROL



Fonte: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia - Intecmar.  
Elaboración propia



## ZONA DE LIBRE MARISQUEO NA RÍA DE BETANZOS - MIÑO



Fonte: Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia - Intecmar.  
Elaboración propia

### Volume de capturas e cifras de vendas

Para ter un pouco máis de detalle sobre a actividade do sector da pesca no GALP GAN a continuación farase un repaso sobre as principais cifras de vendas tanto en quilos como en valor de facturación.

EVOLUCIÓN DAS VENDAS NA LONXA POR ESPECIE

CONFRARÍA DE PESCADORES DE BARALLOBRE

ESPECIE	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Ameixa babosa	137.618,13	1.049.193,00	137.360,43	1.344.102,20	115.848,55	1.067.866,99	-257,70	294.909,20
Ameixa rubia	15.781,00	96.500,16	16.807,00	104.715,59	24.830,50	170.755,75	1.026,00	8.215,43
Carneiro	15.713,20	51.603,52	12.659,70	45.788,97	13.074,15	39.316,61	-3.053,50	-5.814,55
Ameixa fina	13.094,10	172.229,53	9.143,40	145.239,37	7.794,06	130.084,26	-3.950,70	-26.990,16
Berberecho	11.000,70	48.937,58	17.091,50	83.829,83	9.677,94	45.808,61	6.090,80	34.892,25
Ostra plana	7.369,00	26.054,18	2.822,60	12.777,72	5.790,32	18.708,83	-4.546,40	-13.276,46
Ameixa xaponesa	5.877,30	23.611,88	7.027,20	37.830,20	5.513,00	28.366,42	1.149,90	14.218,32
Ourizo	3.602,00	14.561,25	1.830,00	7.304,00	3.625,00	12.257,90	-1.772,00	-7.257,25
Choco	1.480,00	3.740,00	25,00	100,00	15,00	75,00	-1.455,00	-3.640,00
Ortiguilla de mar	483,00	3.381,00	1.115,00	7.805,00	68,00	476,00	632,00	4.424,00
Nécora	142,00	1.370,00	76,00	920,00	0,00	0,00	-66,00	-450,00
Sardiña	135,00	185,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-135,00	-185,00
Centola	88,00	465,00	35,00	570,00	0,00	0,00	-53,00	105,00
Linguado	72,00	770,00	30,00	300,00	0,00	0,00	-42,00	-470,00
Zamburiña	67,00	268,00	9,70	43,65	12,00	84,00	-57,30	-224,35
Robaliza	65,00	500,00	40,00	200,00	0,00	0,00	-25,00	-300,00
Anguilas	43,60	398,40	11,00	110,00	65,80	640,00	-32,60	-288,40
Camarón común	35,00	600,00	13,00	335,00	0,00	0,00	-22,00	-265,00
Polbo	31,50	157,50	38,00	235,47	30,00	180,00	6,50	77,97
Curuxo	10,00	30,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-10,00	-30,00
Ameixa bicuda	0,00	0,00	8,90	44,50	0,00	0,00	8,90	44,50
Caramuxo	0,00	0,00	0,00	0,00	24,20	48,40	0,00	0,00
Percebe	0,00	0,00	41,20	410,75	13,00	130,00	41,20	410,75
TOTAL ANO	212.707,53	1.494.556,00	206.184,63	1.792.662,25	186.381,52	1.514.798,77	-6.522,90	298.106,25

EVOLUCIÓN DAS VENDAS NA LONXA POR ESPECIE

CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL

ESPECIE	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Ameixa babosa	139.767,20	1.002.754,55	153.451,20	1.469.664,56	78.961,05	758.125,08	13.684,00	466.910,01
Vieira	51.729,91	158.269,84	44.984,32	96.617,31	38.402,50	122.373,90	-6.745,59	-61.652,53
Carneiro	25.193,50	70.918,85	15.371,50	50.142,99	14.383,50	38.853,27	-9.822,00	-20.775,86
Ourizo	20.382,00	52.919,40	15.441,00	41.460,90	10.010,60	28.331,80	-4.941,00	-11.458,50
Choco	19.356,39	101.159,80	15.942,43	87.210,37	12.073,80	79.510,43	-3.413,96	-13.949,43
Ameixa rubia	18.664,50	110.916,16	13.130,30	78.896,48	19.652,90	127.502,54	-5.534,20	-32.019,68
Polbo	12.242,10	64.387,96	15.473,80	79.242,89	4.726,00	25.855,67	3.231,70	14.854,93
Percebe	6.370,40	78.084,37	5.206,70	63.015,26	5.111,70	65.703,47	-1.163,70	-15.069,11
Pescada	3.666,60	10.504,05	4.047,80	11.150,70	1.190,60	3.502,15	381,20	646,65
Sargo común	2.612,10	12.829,35	1.092,90	5.846,40	919,30	5.646,60	-1.519,20	-6.982,95
Maragota	2.437,90	7.023,32	1.948,30	5.616,89	869,80	2.999,23	-489,60	-1.406,43
Ameixa fina	2.139,80	24.508,94	2.530,70	30.917,03	2.467,20	34.608,62	390,90	6.408,09
Faneca	2.025,80	4.876,10	1.743,50	4.171,95	504,10	1.279,14	-282,30	-704,15
Robaliza	1.968,70	13.474,71	2.201,20	14.398,70	622,10	5.074,84	232,50	923,99
Centola	1.961,80	15.022,67	4.489,90	42.803,69	606,70	6.883,75	2.528,10	27.781,02
Anguilas	1.787,00	17.070,00	163,00	1.615,00	2.420,00	23.209,00	-1.624,00	-15.455,00
Berberecho	1.580,30	3.500,77	6.346,00	17.078,34	2.449,40	10.585,72	4.765,70	13.577,57
Abadexo	1.193,30	6.820,69	1.112,00	4.870,91	461,20	2.389,90	-81,30	-1.949,78
Linguado	1.031,25	12.313,23	861,10	10.679,53	488,70	6.526,76	-170,15	-1.633,70
Peixes mariños nep	781,30	3.558,63	313,60	1.422,97	172,60	657,89	-467,70	-2.135,66
Ameixa xaponesa	752,00	2.497,69	1.658,90	6.882,09	1.464,30	7.548,88	906,90	4.384,40
Salmonete de rocha	745,10	6.256,53	816,70	7.688,74	344,70	3.187,53	71,60	1.432,21
Volandeira	729,00	3.890,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-729,00	-3.890,00
Sanmartiño	609,50	4.242,02	298,30	2.184,52	54,60	502,50	-311,20	-2.057,50
Pancho bicudo	607,70	1.804,83	447,90	1.294,66	79,20	282,86	-159,80	-510,17
Raias	557,90	1.014,58	116,80	246,76	235,20	586,02	-441,10	-767,82
Escarapote de pedra	438,20	1.733,56	403,20	1.565,28	99,60	466,55	-35,00	-168,28
Nécora	411,15	4.453,12	1.041,70	13.756,16	708,80	10.940,59	630,55	9.303,04
Ostra plana	333,24	689,95	0,00	0,00	3.171,85	13.160,98	-333,24	-689,95
Escachos	328,80	1.511,95	300,70	1.368,28	166,80	791,43	-28,10	-143,67
Linguado de area	243,40	1.787,63	181,50	1.325,97	59,20	464,73	-61,90	-461,66
Congro	241,80	494,07	419,10	785,77	120,00	235,46	177,30	291,70
Rodaballo	206,30	3.125,15	74,90	1.257,51	40,70	626,79	-131,40	-1.867,64
Choupa	154,90	283,30	82,10	181,05	19,60	45,90	-72,80	-102,25
Camaron común	147,80	3.493,07	305,60	6.573,61	149,40	3.273,71	157,80	3.080,54
Solla	125,50	342,21	316,90	865,36	221,60	611,60	191,40	523,15
Curuxo	124,20	1.286,39	114,50	1.223,04	56,50	601,51	-9,70	-63,35
Prago	103,40	483,60	41,80	197,47	13,60	84,36	-61,60	-286,13
Bacoreta	89,90	220,70	74,90	197,92	170,70	364,66	-15,00	-22,78
Lura	84,10	951,87	52,70	940,02	61,40	1.193,97	-31,40	-11,85
Xuliána	80,10	368,91	24,00	103,59	18,70	82,72	-56,10	-265,32
Peixe porco	77,20	154,55	42,60	94,18	3,90	7,30	-34,60	-60,37
Dourada	53,20	521,04	49,20	485,61	14,00	148,20	-4,00	-35,43
Barbada de area	43,10	121,89	19,60	63,93	25,50	81,95	-23,50	-57,96
Melgacho	39,90	75,85	12,80	27,00	12,20	20,80	-27,10	-48,85
Boi	22,80	230,00	23,00	301,83	47,80	478,18	0,20	71,83
Bertorella de lama	18,20	112,55	0,00	0,00	2,50	15,97	-18,20	-112,55
Breca	17,40	52,45	19,30	66,41	18,30	101,63	1,90	13,96
Marraxo sardiñeiro	15,70	31,40	0,00	0,00	21,70	43,40	-15,70	-31,40
Sardiña	11,80	28,84	0,00	0,00	20,00	50,00	-11,80	-28,84
Muxos	6,60	13,20	3,00	6,00	14,70	20,80	-3,60	-7,20
Lumbrigante	4,70	103,50	1,10	25,30	3,40	73,96	-3,60	-78,20
Xarda	2,00	4,00	211,00	147,21	156,80	111,42	209,00	143,21
Castañeta	0,90	3,60	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,90	-3,60
Zamburiña	0,00	0,00	4.524,00	26.324,60	2.025,00	13.446,00	4.524,00	26.324,60
Santiaguíño	0,00	0,00	5,60	102,60	0,00	0,00	5,60	102,60
Xurelo	0,00	0,00	4,80	11,04	10,00	10,00	4,80	11,04
Doncela	0,00	0,00	1,70	6,46	0,00	0,00	1,70	6,46
Corvina real	0,00	0,00	0,40	1,20	0,00	0,00	0,40	1,20
Bacallao	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	6,00	0,00	0,00
Ollomol	0,00	0,00	0,00	0,00	0,50	3,10	0,00	0,00
Saboga	0,00	0,00	0,00	0,00	1,40	1,40	0,00	0,00
TOTAL ANO	324.319,34	1.813.297,39	317.541,55	2.193.124,04	206.129,90	1.409.292,62	-6.777,79	379.826,65

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia

EVOLUCIÓN DAS VENDAS NA LONXA POR ESPECIE

CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO

ESPECIE	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Ameixa xaponesa	6.004,40	28.208,44	2.959,44	17.123,22	836,18	4.749,50	-3.044,96	-11.085,22
Ameixa fina	902,20	18.368,68	3.350,70	59.705,42	1.596,72	29.388,32	2.448,50	41.336,74
Miñoica de tubo	97,63	3.832,22	78,02	3.156,88	0,00	0,00	-19,61	-675,34
Berberecho	0,00	0,00	3.921,88	12.558,44	5,00	35,00	3.921,88	12.558,44
TOTAL ANO	7.004,23	50.409,34	10.310,04	92.543,96	2.437,90	34.172,82	3.305,81	42.134,62

Fonte: Pesca de Galicia

EVOLUCIÓN DAS VENDAS NA LONXA POR ESPECIE

CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUGARDOS

ESPECIE	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Ameixa Babosa	16.172,51	137.853,70	9.073,31	110.334,69	11.462,32	136.241,91	-7.099,20	-27.519,01
Ameixa fina	7.283,85	107.268,55	4.139,80	71.607,87	3.353,31	63.619,60	-3.144,05	-35.660,68
Berberecho	4.641,00	24.450,00	8.621,90	57.351,64	8.746,39	55.296,71	3.980,90	32.901,64
Ameixa Xaponesa	1.499,80	7.862,90	1.319,49	8.340,93	999,68	5.997,45	-180,31	478,03
TOTAL ANO	29.597,16	277.435,15	23.154,50	247.635,13	24.561,70	261.155,67	-6.442,66	-29.800,02

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia

EVOLUCIÓN DAS VENDAS NA LONXA POR ESPECIE

CONFRARÍA DE PESCADORES PONTEDEUME

ESPECIE	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Ameixa xaponesa	11.305,44	60.120,38	11.063,08	74.525,23	5.889,22	44.244,08	-242,36	14.404,85
Ameixa fina	8.038,33	117.874,42	10.518,00	184.534,34	7.740,06	142.433,90	2.479,67	66.659,92
Berberecho	5.597,95	21.918,84	7.813,08	36.892,32	3.054,81	15.303,06	2.215,13	14.973,48
Ameixa babosa	2.055,62	24.563,54	777,66	8.976,30	0,00	0,00	-1.277,96	-15.587,24
Ostra plana	4,12	28,84	0,00	0,00	0,00	0,00	-4,12	-28,84
TOTAL ANO	27.001,46	224.506,02	30.171,82	304.928,19	16.684,09	201.981,04	3.170,36	80.422,17

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia

Nas táboas anteriores chama a atención novamente a diferenza entre o volume de vendas das Confrarías de Ferrol e de Barallobre, as dúas cun maior tamaño, aínda que as condicións da ría e zonas nas que marisquean e faenan non son as óptimas.

Ademais, tal e como se pode comprobar no seguinte cadro resumo, a evolución entre o 2013 e o 2014 foi de baixada dos quilos vendidos, coa excepción da Confraría de Miño e Pontedeume que viron aumentar a súa produción, véndose tamén que aínda así as vendas en valor económico subiron en todas elas coa única excepción da Confraría de Mugardos que baixou lixeiramente o valor comparativamente un 10,74%.

En consecuencia, no conxunto do GALP GAN a evolución tamén foi de perda de quilos vendidos (-13.267 q.) e de aumento do prezo da produción(770.000 euros), para acabar no 2014 cun incremento de case o 20% (19,96%).

### EVOLUCIÓN DAS VENDAS TOTAIS NA LONXA

#### TOTAL CONFRARÍAS DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

CONFRARÍA	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Barallobre	212.707,53	1.494.556,00	206.184,63	1.792.662,25	186.381,52	1.514.798,77	-6.522,90	298.106,25
Ferrol	324.319,34	1.813.297,39	317.541,55	2.193.124,04	206.129,90	1.409.292,62	-6.777,79	379.826,65
Miño	7.004,23	50.409,34	10.310,04	92.543,96	2.437,90	34.172,82	3.305,81	42.134,62
Mugardos	29.597,16	277.435,15	23.154,50	247.635,13	24.561,70	261.155,67	-6.442,66	-29.800,02
Pontedeume	27.001,46	224.506,02	30.171,82	304.928,19	16.684,09	201.981,04	3.170,36	80.422,17
TOTAL ANO	600.629,72	3.860.203,90	587.362,54	4.630.893,57	436.195,11	3.421.400,92	-13.267,18	770.689,67

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia

Por último, se estas cifras as traducimos en vendas "per cápita" ou por membro de cada confraría o resultado, loxicamente orientativo, sería o seguinte:

### EVOLUCIÓN DAS VENDAS POR MEMBRO DAS CONFRARÍAS NA LONXA

#### TOTAL CONFRARÍAS DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

CONFRARÍA	2013		2014		2015 (A 30 de outubro)		VAR 2013 - 2014	
	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe	Quilos	Importe
Barallobre	1.354,83	9.519,46	1.264,94	10.997,93	1.259,33	10.235,13	-89,89	1.478,46
Ferrol	1.228,48	6.868,55	1.235,57	8.533,56	728,37	4.979,83	7,09	1.665,01
Miño	280,17	2.016,37	572,78	5.141,33	143,41	2.010,17	292,61	3.124,96
Mugardos	405,44	3.800,48	373,46	3.994,12	361,20	3.840,52	-31,98	193,63
Pontedeume	465,54	3.870,79	478,92	4.840,13	260,69	3.155,95	13,38	969,34
TOTAL ANO	1.040,95	6.690,13	1.043,27	8.225,39	752,06	5.898,97	191,20	7.431,40

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia

Aínda que non se trata máis que de un exercicio de ponderación directa interanual entre os membros de cada confraría e os quilos vendidos, se pode observar tamén como é Barallobre a confraría que xera máis valor por integrante, cun incremento entre o ano 2013 e 2014 de preto de 1.500 € por membro, aínda que os quilos vendidos baixasen en case 90 quilos.

No outro extremo están os integrantes da Confraría de Mugardos, aínda que entre o ano 2013 e 2014 incrementan o valor das vendas por membro en 193 euros, ou o que é o mesmo, un 5,09%.

No medio se atopan Ferrol, Miño e Pontedeume, xa distanciados das cifras acadadas pola Confraría de Barallobre.

En calquera caso, en cifras globais do conxunto das confrarías do GALP GAN o resultado é de incremento do valor por quilo vendido, cun 111% de incremento entre o 2013 e o 2014, destacando o caso da Confraría de Miño que incrementa o seu valor en case un 155%.

### A innovación nas Confrarías

Segundo as entrevistas e reunións de traballo feitas no desenvolvemento do presenta EDLP Golfo Ártabro, a actividade das confrarías do GALP GAN estase a ver apoiado tamén por un interese manifesto e crecente en materia de impulsar e combinar novas vías de xeración de riqueza coa actividade actual e máis tradicional levada a cabo dende hai tempo, buscando tamén liñas de mellora no ámbito da sostibilidade medioambiental.


Isto ven a consolidar actividades de mellora comercial e de ampliación de mercados e busca da diversificación da oferta cara o mercado, como é o caso da Confraría de Barallobre, a minoración do impacto ambiental, como é o caso da Confraría de Mugardos, facendo máis sostibles as súas instalacións ou a busca de novas iniciativas complementarias como é son os casos de Mugardos e Miño para pór en valor as súas instalacións, abrindo novas oportunidades laborais e económicas para os seus integrantes.

Neste sentido, se observa moito interese por impulsar actividades de:

- Coñecemento da situación actual do contorno mariño de cara á novas vías de acuicultura.
- Colaborar con especialistas científicos que permita coñecer mellor o medio mariño para seguir avanzando na sostibilidade e na mellora medio ambiental das rías do GALP GAN.
- Impulsar mellora na capacitación comercial e na busca de novas vías de comercialización e novos produtos xeradores de máis valor para as confrarías.
- Abrir novas vías de colaboración e dinamización do sector da pesca no territorio.
- Acadar unha mellor tecnificación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) para a súa integración na cadea de valor.
- Desenvolvemento de actuacións conxuntas en materia de divulgación e dinamización baixo o paraguas de "pesca de rías", potenciando o seu posicionamento nos mercados.

### Os bancos de marisqueo

En canto á xeografía mariña dos bancos nos que se asenta a actividade de marisqueo e de pesca das Confrarías do GALP Golfo Ártabro Norte se presenta a continuación o mapa da tipoloxía de fondos:



Fonte: Intecmar - Información Xeográfica Sigremar

Cabe destacar neste caso, a importancia dos fondos mariños compostos por area, que son a norma xeral ao longo da costa do FALP Golfo Ártabro Norte, coa matización da base da Ría de Ferrol que conta cun fondo de fango o que fai necesario tamén incidir na mellora

medioambiental destes espazos mariños.

Por outra banda, a continuación se presentan as zonas de marisqueo segundo a súa clasificación:




Fonte: Sistema Sigremar - Inst. Tecnolóxico Control medio mariño



Obsérvase xa aquí o que se verá máis adiante no apartado de medio ambiente co tratamento de augas residuais. O funcionamento xeral das estacións depuradoras é moi diverso, sendo moi deficiente as que verten á zona de esteiro da ría de Betanzos, e que producen a mala calidade das súas augas chegando a ser declarada a zona de marisqueo do Pedrido como de calidade microbiana C, o que prohibe a venta do marisco sen pasar por a depuración en bateas antes de ser comercializados.

### Portos e instalacións portuarias

Para pechar este apartado, a continuación se representan as distintas instalacións portuarias coas que conta o territorio do GALP GAN, podéndose comprobar a intensa relación que teñen todos os seus concellos co mar, habida conta do número tan importante deste tipo de instalacións todo ao longo da súa franxa costeira.



Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao, Consellería do Mar e Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

### 6.1.7 O Sector Turístico

O sector turístico no desenvolvemento do GALP GAN ten ido crescendo ao longo dos últimos anos, acadando unha posición cada vez máis destacada no territorio.


Aínda así, o seu desenvolvemento tense realizado ao redor da estación estival, aínda que conta con recursos moi interesantes tamén para incidir na súa desestacionalización e na consecución de novas e máis variadas ofertas que sirvan para seguir potenciando este sector económico, onde ademais, o sector pesqueiro pode contar cunha vía de especial interese para acadar fontes de ingresos alternativos.

Farase a continuación, un repaso sobre a infraestrutura hoteleira, hostaleira e outros recursos turísticos cos que conta o GALP GAN.

#### Oficinas de turismo

Como puntos de información ao turismo as oficinas de información turística representan os puntos principais de contacto "in situ" entre a poboación visitante e a presentación dos contidos destacados do territorio.

Tal e como se pode observar na seguinte imaxe, todos os concellos coa única excepción do Concello de Paderne contan con este tipo de infraestrutura, destacando Ferrol que conta con dúas oficinas. En todos os casos, se trata de instalacións que traballan como puntos locais de referencia.



Distribución territorial das oficinas e puntos de información turística

Fonte: Axencia de Turismo de Galicia. Elaboración propia

Neste sentido, será importante entón impulsar a coordinación e a presenza do GALP GAN dentro dos contidos cos que contan estas instalacións, para poder dinamizar os contidos de xeito integrado e baixo unha visión conxunta colaborativa.

### A estrutura hoteleira

Ao longo do territorio do GALP GAN se atopa unha ampla oferta hoteleira coa única excepción do Concello de Mugar dos no que non se atopa nin un só hotel, tal e como se pode apreciar na seguinte táboa:

INFRAESTRUTURA HOTELEIRA NO TERRITORIO DO GALP

TIPO INSTALACIÓN	ARES	CABANAS	FENE	FERROL	MIÑO	NARÓN	NEDA	PADERNE	PONTEDEUME	TOTAL GALP
HOTEL 4 *				2		1				3
HOTEL 3*		1		3		1			1	6
HOTEL 2*						1				1
HOTEL 1*	1			4	1	4				10
PENSIÓN 3*		1		1	1	2			1	6
PENSIÓN 2*	1		2	4		4	1	1	3	16
PENSIÓN 1*			1	10	3	2		1	4	21
TURISMO RURAL G.A PAZO							1			1
T. RURAL G.B CASA ALDEA					1			1	1	3
VIVENDAS TURÍSTICAS				2		1	1			4
APARTAMENTOS 1 LLAVE		1								1
ALBERGUES DO XACOBEO					1		1			2
ALBERGUE TURÍSTICO				1						1
<b>TOTAL HOTEIS</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>27</b>	<b>7</b>	<b>16</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>10</b>	<b>75</b>
CAMPING 2 CAT					1					1
CAMPING 3 CAT	2				3	1			2	8
<b>TOTAL CAMPINGS</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>9</b>
RESTAURANTE 5 GARFOS										0
RESTAURANTE 4 GARFOS										0
RESTAURANTE 3 GARFOS					1					1
RESTAURANTE 2 GARFOS		2	2	10		13			4	31
RESTAURANTE 1 GARFO	2	4	2	31	7	21	2	1	7	77
<b>TOTAL RESTAURANTES</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>41</b>	<b>8</b>	<b>34</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>109</b>

Fonte: Axencia Galega de Turismo. Elaboración propia

Na táboa anterior destaca a importancia de Ferrol e Narón en canto a número total de hoteis, supoñendo o 80% no caso dos hoteis de unha ou máis estrelas que hai en todo o territorio do GALP GAN, e por riba do 50% no caso das pensións.

Tamén resalta a infraestrutura de Pontedeume, cun total de 10 hoteis, o que permite

reflectir tamén a súa capacidade de atracción turística, baseada tanto na contorna natural como cultural.

Mencionar neste apartado que o Parador de Ferrol é o único que conta co distintivo de Q de Calidade Turística, o que tamén é preciso resaltar.

Ademais do número de instalacións, a continuación se presenta o número de prazas cos que conta cada municipio, segundo as categorías presentadas anteriormente.

#### INFRAESTRUTURA HOTELEIRA NO TERRITORIO DO GALP

TIPO INSTALACIÓN	ARES	CABANAS	FENE	FERROL	MIÑO	NARÓN	NEDA	PADERNE	PONTEDEUME	TOTAL GALP
HOTEL 4 *				386		28				414
HOTEL 3*		282		185		166			120	753
HOTEL 2*						58				58
HOTEL 1*	48			236	32	169				485
PENSIÓN 3*		152		17	20	64			24	277
PENSIÓN 2*	20		29	113		107	20	20	50	359
PENSIÓN 1*			20	193	32	20		8	64	337
TURISMO RURAL G.A PAZO							16			16
T. RURAL G.B CASA ALDEA					20			29	20	69
VIVIENDAS TURÍSTICAS				18		10	10			38
APARTAMENTOS 1 LLAVE		22								22
ALBERGUES DO XACOBEO					22		28			50
ALBERGUE TURÍSTICO				54						54
TOTAL PRAZAS HOTEIS	68	456	49	1.202	126	622	74	57	278	2.932
TAMAÑO MEDIO HOTEIS	34	152	16	45	18	39	19	19	28	369
CAMPING 2 CAT					180					180
CAMPING 3 CAT	384				320	45			340	1089
TOTAL PRAZAS CAMPINGS	384				500	45			340	1.269
TAMAÑO MEDIO CAMPINGS	192				125	45			170	532

Fonte: Axencia Galega de Turismo. Elaboración propia

Volven destacar loxicamente Ferrol e Narón con instalacións máis grandes e máis adaptadas ao aloxamento de cidade e de negocios, destacando tamén o hotel de tres estrelas que se empraza no Concello de Cabanas.

Chama tamén a atención da capacidade dos campings do territorio, emprazados tamén en catro dos dez concellos que integran o GALP GAN e centrados, coa excepción de Narón, na zona costeira.

### A restauración

Polo que respecta aos establecementos de restauración é preciso tamén incidir na escasa oferta de calidade contrastada, habida conta da ausencia case absoluta de restaurantes de tres ou máis garfos, tal e como se observa no seguinte cadro:

#### INFRAESTRUTURA HOTELEIRA NO TERRITORIO DO GALP


TIPO INSTALACIÓN	ARES	CABANAS	FENE	FERROL	MIÑO	NARÓN	NEDA	PADERNE	PONTEDEUME	TOTAL GALP
RESTAURANTE 5 GARFOS										0
RESTAURANTE 4 GARFOS										0
RESTAURANTE 3 GARFOS					1					1
RESTAURANTE 2 GARFOS		2	2	10		13			4	31
RESTAURANTE 1 GARFO	2	4	2	31	7	21	2	1	7	77
TOTAL RESTAURANTES	2	6	4	41	8	34	2	1	11	109

Fonte: Axencia Galega de Turismo. Elaboración propia

No cadro anterior se observa que salvo un restaurante de tres garfos (Restaurante El Pinar) o resto se sitúan na categoría de dous e un garfo, sendo tamén relevante que ningún dos 109 restaurantes ten recoñecido o seu servizo coa Q de calidade turística.

Aínda así, loxicamente son Ferrol e Narón os dous concellos que máis restaurantes teñen nos seus termos municipais (acaparan o 68% do total), o que tamén esixe abrir novas oportunidades no resto dos concellos do GALP GAN.

A distribución territorial dos establecementos hoteleiros e hosteleiros detallados anteriormente é a seguinte:



Distribución territorial dos establecementos hoteleiros e restaurantes

Fonte: Axencia Galega de Turismo. Elaboración propia

## Os cruceiros




Dende os últimos anos o Porto de Ferrol está a destacar no volume de tráfico de buques de cruceiros, o que sen lugar a dúbidas é tamén un factor de máxima referencia no ámbito do turismo do GALP GAN.

Tal e como se observa na seguinte gráfica, a evolución dende o ano 2010 deste tipo de turismo en Ferrol ten subido máis dun 700%, pasando de 3.730 pasaxeiros no ano 2010 aos 31.700 do 2015.

Estas cifras poñen de manifesto, por un lado, o crecente atractivo que o territorio do GALP GAN e o seu contorno representa para os consignatarios e operadores destes tipos de servizos turísticos e, por outro lado, ter que deseñar novos contidos para mellorar esta fonte de aproveitamento turístico, o que se haberá de buscar no futuro próximo poñéndose así de manifesto no presenta EDLP - Golfo Ártabro Norte.

EVOLUCIÓN DE PASAXEIROS DOS CRUCEIROS  
2009 - 2015



Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao. Elaboración propia

(\*) Datos definitivos pero aínda non presentados nas respectivas memorias anuais da Autoridade Portuaria

Chama a atención tamén o nivel do ano 2014, representando o volume máximo de pasaxeiros de cruceiros no Porto de Ferrol, amosando unha clara capacidade desta infraestrutura turística para absorber este volume de tráfico e poder focalizar máis esforzos en acadar novas cifras récord.

## As praias

Aínda que obviamente non se trata dun recurso turístico en si, xa que tamén é un recurso natural de referencia, queríase pór de manifesto aquí a potencialidade das praias coas que conta o GALP GAN.



Dende Miño ata Narón se conta con numerosas praias cun mar tranquilo e xeneroso, ofrecendo a posibilidade de gozar de arenais de máxima calidade, perfectas para tomar o sol e gozar dos deportes náuticos, moi arraigados no seu territorio.

Son o principal polo de atracción turística, xunto co propio Camiño de Santiago, os transatlánticos e o patrimonio cultural.

Entre as súas tres rías se poden destacar as seguintes praias:

## RELACIÓN DE PRAIAS DO GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE


CONCELLO	NOME DA PRAIA	BANDEIRA AZUL 2015
Ares	Río Sandeu	Non
	Redes	Non
	Sabadelle	Non
	Raso	Non
	Da Campa	Non
	Ensenada de Ares	Non
	Centeas	Non
	As Estacas	Non
	Ribada	Non
	As Mirandas	Non
	Chanteiro	Non
Cabanas	Da Cabanas a Madalena	Non
	Chamoso	Non
	Río Castro	Non
Fene	Almeiras	Non
	Coido	Non
	Río Sandeu	Non
	Maniños	Non
	O Carril	Non
Ferrol	Caranza	Non
	Da Xunqueira	Non
	Dos Curas	Non
	Da Graña	Non
	San Felipe	Non
	Castillo	Non
	As Anclas	Non
	San Cristobo	Non
	Cariño	Non
	Entrepieiros	Non

## RELACIÓN DE PRAIAS DO GALP - GOLFO ÁRTABRO NORTE

CONCELLO	NOME DA PRAIA	BANDEIRA AZUL 2015
	Lume Bo	Non
	Doniños	Si
	Lombadiz	Non
	San Xurxo	Si
	Esmelle	Si
	Pareixal	Si
	Lacha	Non
	Vilar	Non
	Penarroiba	Non
	Cabaliños	Non
	Do Porto	Non
	Santa Comba	Non
	Sartaña	Non
	Medote	Non
	Ponzos	Non
Miño	Alameda	Non
	Riveira	Si
	Grande de Miño	Si
	Lago	Non
	Marín	Non
	Perbes ou San Pedro	Si
Mugardos	Bestarruza	Non
Narón	Casal	Non
Neda	O Puntal	Non
Pontedeume	Insua	Non
	Paredes	Non
	Ver	Non
	Sartexes	Non
	Centroña	Non

Relación de praias segundo a Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

Destaca loxicamente o papel da costa de Ares, Ferrol e de Miño que aglutinan a meirande número de praias do territorio, ademais de que estes dous últimos son os dous concellos que contan con praias recoñecidas con bandeiras azuis neste ano 2015.



Distribución municipal das praias na costa do GALP GAN

Fonte: Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

Aínda así, de calquera xeito, se trata dun territorio con 56 praias, unha cantidade moi destacada, o que tamén amosa a especial relevancia que ten a costa no desenvolvemento turístico actual do territorio do GALP GAN.

### 6.1.8 O Patrimonio medioambiental

O patrimonio medioambiental do GALP GAN é moi extenso e variado, grazas ao cal a propia comarca eumesa ten sido declarada ben de interese cultural xa polo ano 1971.

Ribeiras, praias, humidais, estuarios, etc. conforman un amplo abanico de espazos de especial relevancia e interese para o desenvolvemento futuro do Grupo de Acción Local.

Aínda así, para concretar ao máximo a información dispoñible sobre o seu patrimonio medioambiental, a continuación se fará un repaso sobre os principais recursos, centrándose nos espazos máis salientables e destacados.

#### A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

A candidatura a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” foi promovida pola Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, contando co apoio da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, así como dos dezasete concellos que conforman este territorio.



A aprobación definitiva desta Reserva da Biosfera pola UNESCO, tivo lugar na 25ª Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB, celebrada en París o día 28 de maio de 2013.

A Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abrangue un total de 113.970 ha, que

representa o 14,33% da superficie da provincia da Coruña, repartidas en 17 concellos, entre os que están Miño e Paderne, integrantes do GALP GAN.



Con esta superficie é a segunda Reserva da Biosfera galega por orde de superficie, sendo a primeira da provincia da Coruña.

Os municipios que conforman a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” son: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza -

Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

Neste ámbito, é preciso incidir no proxecto desenvolvido dende a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas - Betanzos, responsable da xestión da Reserva da Biosfera de impulsar os ENIL (Espazos Naturais de Interese Local) dentro da mesma.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza reconece como unha categoría de espazo natural protexido o Espazo Natural de Interese Local (ENIL), e que está regulado no Decreto 124/2005, do 6 de maio.

Segundo o Decreto 124/2005, os Espazos Naturais de Interese Local son aqueles espazos integrados no termo municipal, que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais e que poden ser promovidos por petición dos concellos.

Dentro do Plan de Xestión (2013-2017) da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” enmárcase a da Liña Estratéxica C. “Conservación dos Recursos Naturais e Patrimoniais”, na que se inclúen toda unha serie de actuacións encamiñadas á mellora e valorización do patrimonio natural e cultural da Reserva, contribuindo á mellora do estado de conservación dos seus elementos clave, así como á mitigación das súas ameazas. En consecuencia, o presente documento enmárcase dentro da devandita Liña Estratéxica C do Plan de Xestión (2013-2017), coa finalidade de estimular as iniciativas para a declaración de novos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) como estratexia de protección e xestión das áreas naturais de importante valor ambiental dentro do ámbito territorial da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.



En consecuencia, o presente documento enmárcase dentro da devandita Liña Estratéxica C do Plan de Xestión (2013-2017), coa finalidade de estimular as iniciativas para a declaración de novos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) como estratexia de protección e xestión das áreas naturais de importante valor ambiental dentro do ámbito territorial da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas - Betanzos atópase na actualidade desenvolvendo xunto con distintos concellos iniciativas para promover áreas que conteñen valores de interese ambiental dentro do seu ámbito territorial para que podan ser recoñecidas como ENIL, traballando actualmente na declaración do Esteiro do Río Baixoi en colaboración co Concello de Miño.

Con esta figura os concellos poden traballar especificamente na:

- Recuperación e restauración dos ecosistemas costeiros (dunas, trasdunas, marismas)

- Conservación das especies de interese para a conservación
- Eliminación de flora invasora
- Conservación dos elementos clave da paisaxe
- Promoción de actividades de interpretación e divulgación ambiental
- Compatibilización do uso público coa conservación dos valores do espazo

### LIC Betanzos-Mandeo

O LIC-ZEPVN Betanzos - Mandeo inclúe os medios fluviomarinos do estuario dos ríos Mandeo e Lambre na Ría de Betanzos, onde destacan as superficies e o estado de conservación que presentan os tipos de hábitat de marisma.

Igualmente, neste LIC se inclúen os corredores fluviais dos ríos Mandeo e Mendo (o seu principal afluente). Estes corredores presentan unhas formacións de bosques de ribeira en bo estado de conservación, contando cunha notable continuidade dos mesmos. Ademais, estes contactan con masas arbóreas autóctonas de carballos caducifolios principalmente, nas cales se identifican elevados valores de conservación (tipos de hábitats de interese comunitario, especies de interese para a conservación).

### LIC Costa Ártabra

O GALP Golfo Ártabro Norte forma conta do Lugar de Interese Comunitario "Costa Ártabra".

O LIC Costa Ártabra repártese polos concellos costeiros de Ares, Mugardos, Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Cariño e Ortigueira. Trátase dun tramo de costa moi variado en canto a ecosistemas se refire, albergando areas, cantís, humidais, pequenas illas e mesmo serras, e que conforman un espazo único integrado dentro da Rede Natura 2000.



Está repartido entre tres áreas:

No seu extremo sur, entre as rías de Ares e Ferrol, encóntranse as puntas do Segañó e Coitelada, separadas pola cala de Chanteiro, cuxa costa de acantilados de baixa altura, constituídos por granodioritas biotíticas e cercados de extensas superficies de toxeira-uceira, se estende dende o castelo da Palma ata punta Avarenta, no extremo noroccidental da ría de Ares, ó longo duns 8,5 km. Esta área tamén inclúe as augas da boca da ría de Ferrol ata unha profundidade de 20 m.



Máis ao norte, na entrada á ría ferrolá, alongándose ininterrompidamente cara ó nordeste nun litoral relativamente pouco recortado, un novo sector, o máis extenso do espazo natural (aproximadamente 65 km de lonxitude), iníciase no cabo Prioriño Chico e remata no interior da ría de Cedeira, antes da praia de Santo Isidro,

nos arredores da punta Robaleira.

E finalmente, remata na costa de Narón e Valdoviño cunha fronte costeira aberta, salpicada de pequenos cabos e baías moi expostas, é unha sucesión constante de areais e abruptos cantís mariños. O litoral areoso abarca uns 15 km, e caracterízase pola existencia de praias abertas con extensos sistemas dunares.



Os romanos denominaron este territorio como "Magnus Portus Artabrorum" un lugar do ángulo noroeste da costa de Galicia, entre as rías de Ares e a de Ortigueira, cuxo emprazamento exacto se descoñece.

Son cen quilómetros de liña costeira coas combinacións paisaxísticas de mar e terra máis espectaculares do arco atlántico: tres rías (dentro do GALP a de Betanzos e Ferrol, xunto coa de Cedeira fóra do mesmo), areais xenerosos en ondas e dunas, lagoas litorais e os cantís máis altos de Europa. Este é un lugar declarado de alto interese xeolóxico, e o seu renome internacional xustificárase por si só na variedade de rochas na que se alicerzan estas auténticas serras como a da Capelada debruzadas sobre o océano.

Os camiños por terra que ata eles conducen contaxian a emoción escénica coa inmensidade do mar e a paisaxe. Na ría de Ferrol, o do cabo Prioriño e, un pouco máis ao norte, o seu irmán do cabo Prior son dúas desas pequenas luces solitarias. Entre elas sitúase a praia de Doniños que posúe a primeira das lagoas litorais características desta zona. A lagoa de Doniños caracterízase por ser a lagoa costeira máis profunda do litoral de Galicia; presenta un extenso anel de vexetación acuática (*Nymphaea alba*, *Phragmites australis*) e atópase separada do mar por un ancho sistema dunar ben conservado.

Dentro deste ámbito tamén se encontra o espazo mariño protexido de competencia estatal Costa de Ferrolterra - Valdoviño, circundante ás illas Gabeiras e Os Cabalos, declarado así por ser unha extensión mariña de referencia colonia da cría máis importante de Galicia de paíño europeo e de varios núcleos reprodutores de cormorán moñudo. Ademais, a zona é relevante para unha grande diversidade de aves mariñas migratorias, entre as que destacan, polo seu grao de ameaza, a pardela balear.

### LIC Fragas do Eume

O río Eume e a súa rede hidrográfica conforman o Parque Natural das Fragas do Eume, que abarca os concellos de Pontedeume, Cabanas, As Pontes, A Capela e Monfero.



É un dos últimos Parques Naturais declarados en Galicia e un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Dentro das súas 9.000 hectáreas de extensión viven menos de 500 persoas, o que dá unha idea do estado virxe destes exuberantes bosques que seguen o curso do río Eume. O parque ten a forma dun triángulo cuxos vértices e fronteiras serían As Pontes de García

Rodríguez, Pontedeume e Monfero.

Entre a flora destacan os carballos, castiñeiros, bidueiros e outras especies arbóreas características do norte enchen as ladeiras do val do río Eume, constituíndo o bosque atlántico de maior interese ecolóxico de Galicia. As depresións e o canón que se forma ó longo do cauce do río dan lugar a un contorno natural verdadeiramente único.



Pescadores de Pontedeume.

Na súa zona baixa e litoral, ten importancia a zona estuario do río Eume e a súa desembocadura, onde se alimentan diferentes especies migratorias e se empraza o importante banco marisqueiro da Confraría de

En calquera caso, como no resto do territorio do GALP GAN existen zonas afectadas pola contaminación por augas fecais e outros vertidos, cuestión importante para o desenvolvemento sostible do seu territorio.



Este espazo, ademais do envolvente e fascinante que resulta a súa contorna natural, non o é menos a súa historia e a monumentalidade histórica dos seus mosteiros. Así, dentro da área territorial do GALP GAN, se atopa o Mosteiro de Caaveiro situado no máis denso do bosque sobre un promontorio, parece vixiar sen alterarse o pasado, presente e o futuro desta paraxe. A súa beleza e estado de conservación reclaman ser apreciados en directo.

A mellor forma de coñecer o parque é a pé. Así, se un sabe ver, quizá descubra aos xogadores trasnos que habitan nel. Carballos, chopos, freixos, ameneiros, máis de 20 especies de fentos e 200 de liques danse aquí. Ás veces a vexetación é tan tupida que apenas deixa pasar a luz. Pero este bosque sombrío e secreto é xeneroso como as súas augas, fontes e fervenzas. Aquí non hai verde, aquí hai paisaxes de mil verdes. E escondido no corazón do bosque, o mosteiro de Caaveiro, un antigo cenobio con máis de 10 séculos de historia e unhas vistas espectaculares desta fraga máxica.

### LIC Río Xubia - Castro



O Lugar de Interese Comunitario Xubia - Castro está formado polas cuncas do río Xubia e o seu afluente, o río Castro, así coma pola Serra do Forgoselo. É un reduto natural declarado como Lugar de Importancia Comunitaria no ano 2001, conservando gran parte dos bosques tradicionais de ribeira.

A conca do río Grande de Xubia esténdese ao longo de 31 Qm., de leste a oeste entre as terras de Somozas e a ría de Ferrol, bañando os concellos de As Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda e Narón.

Esta zona protexida abrangue dous espazos naturais diferentes. Por unha banda, o treito do Río Grande de Xubia co seu afluente o Castro; por

outra, a serra de Forgoselo.

Na parte alta do río Castro localízase unha grande extensión de turbeiras ben conservadas. Inclúese ademais no espazo protexido a Serra do Forgoselo, con zonas húmidas estancadas, turbeiras de moito interese e xacementos megalíticos.

Na súa zona baixa ou litoral forma a ría de Ferrol, de grande produtividade marisqueira e pesqueira.

O río Grande de Xubia ten o seu nacemento preto de Tafornelos no concello de Somozas a uns 460 mts. de altitude, recibindo posteriormente o regacho de Tócaa, para continuar dirixíndose a través de meandros cara ao norte.

Entrando no concello de Moeche recibe as augas do regacho de Moeche e do río Pequeno, a medio camiño entre San Sadurniño e Xubia incorpóraselle pola esquerda o máis importante dos afluentes, o río Castro, que xunto co subafluente Cando recollen as augas da vertente setentrional da serra de Forgoselo. Despois de rodear o coto de Ancos o río Grande desemboca en Xubia.




A antiga fábrica e muíño de fariñas de Ponte Xubia sinala a punto da desembocadura no fondo da ría de Ferrol, entre os concellos de Narón e Neda. No seu breve curso fluvial atravesa húmidos vales como o de Moeche, que

conta cun famoso castelo restaurado, e San Sadurniño onde a cor verde triúnfa na paisaxe. Recibe tamén a achega do río Castro, que reflicte o outeiro da torre de Naraío.

A serra do Forgoselo destaca polas súas formas suavemente onduladas que roldan os 500 metros de altitude. A orografía e as abundantes chuvias son favorables para a formación de áreas húmidas e vexetación asociada de moito interese como a coñecida como Veiga das Lagoas.

A distribución territorial deste impresionante patrimonio natural é a seguinte:





Distribución territorial dos máis destacados espazos naturais do GALP GAN. Elaboración propia

### 6.1.9 A xestión medioambiental de residuos

#### Depuración de augas residuais

Para seguir avanzando no estudo medioambiental do GALP GAN a continuación farase unha análise dos datos de núcleos, vivendas e poboación dos concellos de referencia que contan ou non con servizo de depuración de augas residuais.

É preciso recalcar que ao ser uns datos referidos ao ano 2013, último ano do que se dispón no Instituto Galego de Estatística, na actualidade pode ter variado polo que a seguinte información ten que ser avaliada con certa cautela.

### NÚCLEOS, VIVENDAS E POBOACIÓN CON E SEN SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS ANO 2013

Unidades en nº de núcleos, vivendas e habitantes

CONCELLO	CON SERVIZO			SEN SERVIZO			TOTAL			PORCENTAXE SEN SERVIZO		
	Núcleos	Vivendas	Poboación	Núcleos	Vivendas	Poboación	Núcleos	Vivendas	Poboación	Núcleos	Vivendas	Poboación
Ares	1	38	131	6	2.908	5.581	7	2.946	5.712	85,71%	98,71%	97,71%
Cabanas	6	1.683	2.459	20	216	468	26	1.899	2.927	76,92%	11,37%	15,99%
Fene	0	0	0	14	6.317	13.671	14	6.317	13.671	100,00%	100,00%	100,00%
Ferrol (*)	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..
Miño	19	3.027	5.069	10	429	1.010	29	3.456	6.079	34,48%	12,41%	16,61%
Mugarbos	3	1.989	4.063	5	741	1.418	8	2.730	5.481	62,50%	27,14%	25,87%
Narón (*)	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..	..
Neda	8	2.596	5.179	5	115	211	13	2.711	5.390	38,46%	4,24%	3,91%
Paderne	13	1.041	2.178	12	286	623	25	1.327	2.801	48,00%	21,55%	22,24%
Pontedeume	13	6.390	13.067	7	596	690	20	6.986	13.757	35,00%	8,53%	5,02%
Total GALP	63	16.764	32.146	79	11.608	23.672	142	28.372	55.818	55,63%	40,91%	42,41%

(\*)Os municipios de máis de 50.000 habitantes non entran dentro do ámbito da enquisa do IGE . Fonte: IGE. Elaboración propia

Por riba de todo, salientar os datos do concello de Fene, Ares, Mugarbos e Cabanas, xa que contan con máis dun 50% dos seus núcleos sen servizo de depuración de augas, aínda que son máis salientables os datos de poboación sen servizo de Ares e de Fene.

Ademais, estas cifras individuais supoñen que no conxunto do territorio do GALP GAN (sen contar Ferrol e Narón) a porcentaxe de núcleos de poboación e de habitantes sen servizo de depuración sexa do 55,63% e un 42,41% respectivamente.

Como se pode comprobar na táboa anterior, a Ría de Ferrol sufriu importantes cambios nos últimos anos que produciron unha diminución na calidade das augas e perda de hábitats de interese pesqueiro e marisqueiro, debido entre outras á creación de novas infraestruturas portuarias, recheos para instalacións de novas empresas, etc.

Esta situación vese confirmada polas conclusións obtidas no grupo de traballo participativo específico, xa que na actualidade existen zonas produtivas con problemas de contaminación principalmente de fecais, por mor da falta dunha rede de saneamento integral dos municipios da ría de Ferrol e de Betanzos.

É evidente que na maior parte dos asentamentos de poboación de carácter rural é complicado e custoso cubrir as demandas de saneamento. Este resultado é consecuencia da dispersión da poboación no territorio e tamén da dispersión das edificacións dentro dos núcleos, o que dificulta a creación de redes continuas de saneamento, provocando así que unha gran parte dos asentamentos dispoñan de sistemas de saneamento autónomos. O máis estendido son o uso de foxas sépticas e mesmo as verteduras incontroladas ás cuncas fluviais.

Situación que se ve corroborada tamén polo recente estudo de principios do 2015, centrado na investigación do estado do litoral da Ría de Betanzos, feito pola Asociación de

Desenvolvemento Rural Mariñas - Betanzos.

Este estudo tiña como obxectivo coñecer o estado natural e socio - económico da ría de Betanzos, analizar os usos, aproveitamentos e actividades actuais que nela se desenvolven, realizar unha diagnose da situación e identificar accións de mellora e iniciativas de futuro.

Nel se observa como as infraestruturas e asentamentos do territorio de análise "producen unha serie de vertidos á ría de diversa relevancia e gravidade, o que provocan a alteración no estado natural da mesma. Segundo o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), existen máis de 84 puntos de vertido de diferente tipoloxía. Sería de interese unha análise pormenorizada de todos estes puntos e o estudo da súa posible eliminación ou diminución".

Sen lugar a dúbidas, importantes retos para as administracións responsables, a cidadanía, este propio GALP e para toda a sociedade que deben tomar conciencia e atopar a maneira de xestionar a zona costeira sen renunciar a traballar a prol de ámbalas dúas metas: o desenvolvemento económico e a protección dos recursos naturais.

### Recollida selectiva de residuos

A continuación faise un repaso sobre o sistema de recollida selectiva de residuos no territorio do GALP GAN. Para elo, preséntase a seguinte táboa:

#### NÚCLEOS DE POBOACIÓN CON E SEN RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS - ANO 2013

CONCELLO	CON RECOLLIDA SELECTIVA	SEN RECOLLIDA SELECTIVA	TOTAL	% SEN RECOLLIDA SELECTIVA
Ares	7	0	7	0,00%
Cabanas	24	2	26	7,69%
Fene	3	11	14	78,57%
Ferrol (*)	..	..	..	..
Miño	20	5	25	20,00%
Mugardos	8	0	8	0,00%
Narón	21	1	22	4,55%
Neda	7	6	13	46,15%
Paderne	24	0	24	0,00%
Pontedeume	17	1	18	5,56%
Total GALP	131	26	157	16,56%

(\*)Non dispoñible

Fonte: IGE. Elaboración propia

Se observa como tamén neste caso o Concello de Fene presenta unha porcentaxe moi elevada de núcleos de poboación sen recollida selectiva do lixo, tendo máis dun 75% dos núcleos de poboación sen o dito servizo.

En cambio, no conxunto do territorio do GALP GAN se obteñen cifras moito máis baixas que no caso das augas residuais, situándose por riba do 15% do total de núcleos de poboación sen recollida selectiva.

Pola outra banda, a ría de Betanzos constitúe unha das maiores marismas do litoral de Galicia, cunha parte alta integrada dentro do LIC “Betanzos - Mandeo” e unha parte baixa formada por unha extensa e produtiva superficie aproveitada de maneira tradicional para o marisqueo e a pesca, e na actualidade tamén para o turismo náutico, a pesca deportiva e a acuicultura. Aínda así, actualmente existen certos factores que poden poñer en risco a súa viabilidade ambiental, entre os que están: focos de contaminación por vertidos das redes de saneamento; baixa conciencia ambiental sobre a fragilidade da ría por parte da cidadanía; falta de coordinación entre administración e axentes locais e identificación de obxectivos comúns; escaso coñecemento sobre a cultura mariñeira e a súa historia na ría; ou dificultade para comercialización dos produtos do mar de calidade. Sen lugar a dúbidas, factores sobre os que haberá que incidir no desenvolvemento do presente EDLP - Golfo Ártabro Norte.

#### 6.1.10A climatoloxía

Para pechar este apartado de medio ambiente se presenta a continuación a evolución dos principais indicadores climatolóxicos que poidan reflectir tamén os cambios que se puideran ter producido no clima do GALP GAN, como factores a ter moi presentes de cara á responsabilidade de fomentar a cultura e a sensibilización polo cambio climático no que estamos inmersos.

Estes datos foron obtidos, segundo indica a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, durante os últimos anos a través da estación meteorolóxica coa que conta no CIS Ferrol.

## EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS INDICADORES CLIMATOLÓXICOS 2010 - 2014

Estación meteorolóxica do CIS Ferrol

INDICADORES PRINCIPAIS	2010	2011	2012	2013	2014	VAR 2010 - 2014
Temperatura media (°C)	14,4	14,6	14,1	14,2	14,7	0,3
Temperatura máxima media (°C)	18,3	18,8	18,5	18,2	18,8	0,5
Temperatura mínima media (°C)	11,1	11,2	10,3	10,7	11,3	0,2
Temperatura máxima absoluta (°C)	32,2	35,3	34,8	32,9	32,0	-0,2
Temperatura mínima absoluta (°C)	-0,5	1,3	-1,8	0,3	-0,5	0,0
Humidade estándar (%)	77,0	82,0	83,0	83,3	82,8	5,8
Precipitación total (mm)	1.174,0	884,0	1.127,3	1.671,7	1.416,6	242,6
Horas de sol (horas / mes)	2.099,0	2.154,8	2.110,1	2.059,8	1.964,3	-134,7
Insolación (%)	46,0	48,0	47,0	45,0	42,2	-3,8
Vento (m/s)	3,2	3,1	12,9	3,3	3,3	0,1
Días de chuvia > 0,1 mm	174	174	187	208	197	23

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. . Elaboración propia

### Anuario climatolóxico de Galicia

Obsérvase entón como todas as temperaturas medias subiron con respecto ao ano 2010 (entre 0,2 graos e 0,5 graos), aínda que a temperatura máxima absoluta baixou tamén en 0,2 graos e a temperatura mínima absoluta non sufriu variacións.

Por outra banda, chama a atención o aumento das precipitacións e o menor número de horas de sol, aínda que tamén pode ser un efecto propio e exclusivo do clima.

Coa cautela de non ter unha proxección a máis longo prazo, estes datos poderían pór de manifesto certo efecto do cambio climático, que sen lugar a dúbidas debería de afondarse para coñecer realmente o seu efecto no territorio do GALP GAN en xeral e nos seus ecosistemas (terrestres e mariños), comportamento das mareas e do nivel do mar en particular, polos efectos que puideran estar a producir no futuro próximo, e aos que o GALP GAN debería poder afrontar ao longo do desenvolvemento desta EDLP.

#### 6.1.11 O Patrimonio cultural. Os Bens de Interese Cultural

No que se refire ao patrimonio arquitectónico e artístico, o territorio do GALP Golfo Ártabro Norte se beneficia dun conxunto histórico artístico de especial relevancia.

Aínda que se atopan diversos restos xa da época romana e castros que falan da actividade que durante séculos asumiu este territorio, a importancia da vida monástica e a protección da poderosa casa dos Andrade emprazada en Pontedeume permitiu chegar á actualidade un valioso conxunto monumental que na meirande parte forman parte do conxunto histórico e paraxe pintoresco da zona do Eume.

A familia dos Andrade era unha das familias máis poderosas de Galicia medieval , senón a que máis, intimamente ligada a Pontedeume e de gran influencia histórica, social e de cohesión

co desenvolvemento dos territorios que van dende A Coruña ata Ferrol.

A relación do patrimonio do Golfo Ártabro Norte en canto a Bens de Interese Cultural é a seguinte:

### RELACIÓN DE BENS DECLARADOS DE INTERESE CULTURAL

CONCELLO	BEN DE INTERESE CULTURAL	CLASIFICACIÓN
Ares	Santa Eulalia - Templo de Lubre	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
	Ermida de Chanteiro	
	Santa Catalina de Montefaro	
Cabanas	Comarca Eumesa	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
Fene	Comarca Eumesa	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
Ferrol	Arsenal de Ferrol	Monumento
	Batería de San Cristovo	Monumento
	Batería de San Carlos	Monumento
	Batería de Viñas	Monumento
	Castelo de San Felipe	Monumento
	Torre Antiga	Monumento
	Barrio da Magdalena	Conxunto histórico artístico
	Barrio de Ferrol Vello	Conxunto histórico
Miño	Igrexa de San Xoán de Vilanova	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
Mugardos	Castelo da Palma	Monumento e contorno
	Comarca Eumesa	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
Narón	Igrexa parroquial e casa reitoral de San Martiño de Xubia	Monumento histórico artístico
Neda	Comarca Eumesa	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
Pontedeume	Castelo de Nogueirosa ou Castelo de Andrade	Monumento
	Igrexa de San Miguel de Breamo	Monumento histórico artístico
	Igrexa de Santiago - Parroquial de Pontedeume	Conxunto histórico e paraxe pintoresca
	Torreón da Homenaxe do antigo pazo dos Andrade	Conxunto histórico e paraxe pintoresca

Fonte: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Xunta de Galicia. Elaboración propia

Éntrese a continuación nun breve detalle de cada un deles:

### Igrexa de Santa Eulalia de Lubre



A igrexa de Santa Eulalia de Lubre, ás veces tamén denominada de Santa Olaia, atópase na parroquia de Ares, moi preto dos restos dun poboado castrexo.

Esta igrexa é considerada románica pero o máis probable é que a construción actual teña as súas orixes a finais do século XIV ou mesmo a principios do XV.

Así o seu estilo representa unha transición entre o románico e o gótico. Con todo se sabe que a súa orixe é moito máis antigo e xa é nomeada nalgún documento do século XII.

O que hoxe se observa seguramente é unha mestura da estrutura orixinal románica coas seguintes reformas dos séculos XV, XVII e XVIII (1753 - intervindo na súa reconstrución Francisco de Monteagudo).

### Ermida de Chanteiro


Situada na parroquia de San Pedro de Cervás foi edificada no S. XIV por orde de Fernán Pérez de Andrade.



Mostra de estilo románico serodio, con elementos oxivais, consta dunha nave dividida por arcos apuntados que descansan en semicolumnas e unha ábsida rectangular, cuberto con bóveda de crucería e os arcos apuntados da nave á entrada da ábsida.

Ao exterior a fachada reedificada no S. XVII conserva o dintel da porta primitiva. Porta apuntada cuxo tímpano está decorado con catro figuras. Tres das cabezas foron esnaquizadas por uns soldados nos anos vinte e substituídas por unhas de cemento, dous contrafortes, xanela circular rodeada por un baquetón, rematando o conxunto nunha espadana barroca.

A esta Ermida acoden en peregrinación en cumprimento do voto de Chanteiro que data de 1404, nunha romaría na que os ferroláns lembran a peste negra do S. XIV da que se libraron milagrosamente segundo din por intercesión da nosa Señora de Chanteiro.



### Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro

Fernán Pérez de Andrade mandou construír este mosteiro en Montefaro no ano 1393.

Arquitectonicamente é complicado saber como era en orixe xa que sufriu numerosas reformas ó longo dos anos (debidas sobre todo a que a finais do século XIX pasou a mans do exército, sufrindo diversas modificacións para

adaptarse ao seu novo uso).

En calquera caso, parece que o seu estilo era de transición entre o románico e o gótico.

Da construción orixinal só se conserva unha portada gótica cujos capiteis mostran esceas da vida de San Francisco de Asís. O edificio posúe dous claustros, ambos bastante modificados. Na entrada conservase una torre barroca do século XVIII.

### Batería de San Cristovo



Antiga batería de defensa da Ría de Ferrol, que protexía dende a súa ribeira Norte.

Construída no século XVIII, xunto co Arsenal, consta dun recinto amurallado de planta irregular, trapezoidal, con diferentes estancias distribuídas arredor dun patio enlousado.

No muro occidental, orientado cara a entrada da Ría, ábrense ata seis aberturas para canóns ademais de troneiras e outros dispositivos para a defensa.

### Batería de San Carlos

O Castelo de San Carlos é unha batería costeira que formaba parte do sistema de fortificacións da entrada da Ría de Ferrol. O castelo foi construído seguindo as trazas neoclásicas de Juan de la Ferriere e Juan Vergel entre 1731 e 1739.



A batería debía servir de apoio aos castelos de San Felipe, da Palma e de San Martiño.

O castelo é de grandes dimensións, construído en cachote de gran tamaño e conta cunha pranta que se organiza en dúas fronte articúladas en forma de L, a máis curta cara o Oeste, en dirección á entrada da ría, con cinco grandes troneiras para canóns.

A fronte máis longa, orientada ao Sur, cara a enseada, amosa sete postos artilleiros.

### Batería de Viñas



Batería de defensa da Ría de Ferrol que foi trasladada da súa antiga situación ao verse afectada polas obras do porto exterior.

A estrutura orixinal estaba composta por un pequeno cuartel, o polvorín e a estancia chamada "bala bermella", na que se quetaban as balas antes de ser disparadas.



## Castelo de San Felipe

Aproveitando a orografía do lugar onde se asenta, o castelo de San Felipe érguese como un triángulo defensivo na boca da ría ferrolá, apuntando o vértice cara o mar.



Triángulo tamén o que está formado polos castelos da Palma, de San Martiño e o propio de San Felipe, que protexían a ría e o corazón do Naval.

A orixe deste castelo remóntase ó 1589 cando Filipe II manda construír un castelo na ría de Ferrol (de aí o santo). A colonización de América e a expansión dos imperios europeos fan que a ría de Ferrol sexa un baluarte de resguardo e aprovisionamento de boa parte das flotas amarradas españolas e obrigaron a deseñar un

lugar defendible tanto polo mar como pola terra.

Deste xeito, o rei Filipe envía a varios enxeñeiros que seguindo o modelo do enxeñeiro Cristóbal Rojas, deseñan a fortaleza de Ferrol, sendo entre os anos 1731 e 1755 cando queda configurado o castelo tal e como o vemos agora. O enxeñeiro Francisco Montaigú é o encargado desta vez de deseñar as reformas, entre elas o foxo e o proxecto da porta principal.

No promontorio sitúase a base defensiva; que en realidade son catro: a do castelo antigo con dous baluartes cara o monte e traza estrelada onda o mar, unha segunda batería que barre de sur a oeste e outras dúas: alta e baixa cara o interior da ría.

O edificio nunca chegou a ter todos os baluartes que se proxectaran, pechouse polo lado norte cun muro liso e curvo onde se asentou o cuartel, nun comezo de modo provisional e logo definitivamente. A fortaleza queda completa cun complexo sistema de adarves, troneiras e trincheiras, escarpas e contraescarpas, parapetos altos e baixos, espaldóns e garitas. Está rodeado dun foxo e fronte a unha esplanada inclinada, obrigaba ó atacante a moverse no terreo batido polo fogo cruzado de canóns e fusís.

## Barrio da Magdalena



Conxunto histórico de centros urbanos declarados como tal, declarado o 9 de marzo de 1984.

É fácil atopar un Ferrol especial, mestura de contradicións e polos contrarios que se atraen. Mar aberto e ría de estreita bocana, o pequeno núcleo que xa existía e o que se fixo por decreto, racionalista e modernista, o militar e o proletario, o mariñeiro e o pechado ao mar, a fama popular e alegre de longa tradición musical e outro calado e solitario como as súas rúas molladas de inverno...

O Ferrol Lanuxe conserva a estrutura orixinal, moi compacta e orientada cara ao porto nun abrigo natural na enseada da Graña, anterior á creación da poboación como cidade de nova planta durante o reinado de Carlos III. Xurdiu deste xeito o Barrio da Magdalena, trazado con espírito racionalista a partir de sucesivos cruces entre rúas perpendiculares. Obtéñense así cuadrículas ortogonales nun rectángulo perfecto de seis por nove cales, sempre rectas e adaptadas ao desnivel do terreo. Este último factor xunto cos espazos reservados nos extremos para as Prazas do Marqués de Amboage e a de Armas e o coidado detallista que individualiza moitos edificios réstalle monotonía á cidade lineal. A rúa Magdalena e a rúa Real atesouran os mellores exemplos de vivendas. No exterior locen dende os grandes balcóns de ferro labrado como o Ateneo Ferrolán ata o conxunto de galerías aínda de madeira e vidro mellor conservado de Galicia. O breve período modernista asomo tamén con forza, por exemplo en Cásaa Romeu ou no Teatro Jofre.

O estilo neoclásico que se impuxo na cidade departamental tamén deixou a súa pegada nos edificios relixiosos. Os máis importantes son a Igrexa de San Xiao, elevada a categoría de concatedral da diocese de Mondoñedo; e o Convento de San Francisco.

Ao longo de leste mesmo período desenvolvéronse as instalacións da Armada nos Arsenais, recinto moito tempo amurallado con entradas emblemáticas como a Porta do Dique. Componse entre outros elementos da Praza e Sala de Armas, as murallas de Cortina, ou a imponente obra hidráulica que no seu tempo foi o Dique do Senón.

### Barrio de Ferrol - Vello



No Barrio de Ferrol Lanuxe ten lugar a principios do s. XIII a fundación da cidade como vila. Primeiro núcleo de poboación e antiga barriada de pescadores; destaca polo seu trazado medieval, rúas estreitas e irregulares que soben dos peiraos, e casas tipicamente mariñeiras, dunha soa planta e con balcóns de madeira, ocupadas agora por tendas de efectos navais e vellos bares.

### San Xoán de Vilanova



A igrexa de San Juan de Vilanova foi construída no século XI e por tanto ten un milenio de antigüidade, e é unha das principais xoias do románico galego.

Trátase dunha sinxela igrexa edificada ao pé do ponche de Breamo, destacando por pertencer ao románico incipiente.

A razón para atribuírle tal antigüidade é a curiosa e excepcional articulación da ábsida ao estilo "lombardo", é dicir con decoración de lesenas e arcuacións cegas.

Este tipo de estruturas son propias do primeiro románico catalán e aragonés, e fóra destas rexións é practicamente inexistente. Con todo, a ábsida de

San Juan de Vilanova presenta claras diferenzas estruturais e estéticas co románico lombardo puro, como é o uso de sillería en lugar de sillarexo.

A portada da igrexa foi refeita no século XVIII porque se atopaba bastante deteriorada, aínda que xa sufrira diversas restauracións dos seus muros, que nalgún momento da súa historia chegaron a sufrir un lixeiro esborralle cara a fóra no seu parte superior.

### Castelo da Palma

Construído no ano 1596, sendo responsable da obra Martín Padilla.

Este castelo xunto co de San Felipe e o de San Martín formaban un triángulo para defender a entrada da ría de Ferrol.



Unha ría que podía pecharse cunha cadea submariña que partía da Palma cara San Felipe.

Era, en orixe, un castelo con forma pentagonal e de pequeno tamaño. O aspecto que presenta actualmente debese ás reformas realizadas entre os séculos XVIII e XIX. O edificio está totalmente realizado en pedra, tendo

estilo neoclásico.

Destaca a terraza que o cubre na súa maioría. Neste castelo tiveron lugar unha serie de acontecementos históricos como o seu asalto en 1800 por militares ingleses, a chegada da futura esposa de Carlos II (Mariana de Neoburgo) e o encarceramento de militares como Tejero que participaron no golpe de estado do 23F.

Fai anos este inmobile foi adquirido por unha empresa privada para convertelo nun hotel de luxo.

### Mosteiro de San Martiño de Xubia



Conxunto monacal clunniacense, que pasou por diferentes momentos de esplendor, sendo primeiro abadía, despois priorado e terminando, despois da exclaustación de 1836, nunha simple igrexa.

Foi fundado polos condes de Traba ou Trastámara. É un bo exemplo de arte románico galego.

Construción toda de pedra de grosos muros, con contrafortes no exterior, xanelas que se abren debaixo de arcos de medio punto, modillóns e canzorros que sosteñen o tellado.

### Castelo da Nogueirosa dos Andrade

Construído na Pena de Leboreiro a uns 300 metros sobre o nivel do mar, componse de foxo, murallas, patio de armas e torre do homenaxe. As reducidas dimensións deste castelo amosan

inequivocamente o seu carácter estratéxico.

A súa planta adáptase ao escabroso terreo no que se asenta, constituíndo a súa escarpada situación unha das defensas naturais máis efectivas en caso de ataque.



A porta de entrada está situada ó leste, enmarcada por dúas torres cadradas que destacan da muralla. Esta porta abocinada, é de arco apuntado ó exterior e de medio punto cara ó interior, onde se pechaba cun rastrel e alamudes. Enriba da porta e a ámbolos lados da mesma están labrados ámbolos dous escudos de Fernán Pérez de Andrade, coa banda diagonal, presentados por anxos

axoenllados.

No lado esquerdo, no mesmo silar co escudo, hai unha inscrición enmarcada nun rectángulo na que posiblemente lembre o patrocinador da construción do castelo e a data do mesmo. As escasas almeas que lle quedan, danlle un aspecto pobre. O máis destacado e visíbel do Castelo dos Andrade é a súa torre do homenaxe, á que se accede tras cruzalo patio de armas, de 140 metros cadrados, cinguida de distintas dependencias de tres andares, con fiestras abertas na muralla, dende onde se accedía ó adarve.

Neste patio de armas aínda se conserva o brocal da cisterna-pozo, que recollía a auga procedente da imposta con canle que cinguía a torre. Esta torre do homenaxe, situada nun dos ángulos do recinto, de planta cadrada de 10 metros de lado, levántase ata uns vinte metros de altura, e ten dous metros e medio de grosor. Dispón de tres andares, destinado o superior, con almeas, á vixiancia; e o intermedio ao aloxamento do alcaide. Dispón ademais dunha planta subterránea, escavada na pena sobre a que se asenta o castelo e que foi utilizada como prisión.

Remata a torre nunha terraza, que conserva parte do matacán, asentado en ménsulas de modillóns de rolo e unha moldura gótica. Os vans son escasos. Estivo cinguida por un foxo coa súa ponte levadiza, que aumentarían o seu imponente aspecto. Do foxo pódense apreciar hoxe en día algúns restos no flanco sur e leste.

### Igrexa de San Miguel de Breamo

Igrexa románica do S. XII (1187, segundo inscrición na fachada).

Conta con pranta de cruz latina e tres ábsidas na cabeceira. Na fachada ábrese un rosetón cunha estrela de once puntas encerrada nun círculo. É o único resto dun priorato de coengos regulares de Santo Agostiño abandonado no século XVI.



A cabeceira está formada por tres ábsidas semicirculares. No interior do edificio destacan os capiteis con figuración humana e animal (por exemplo, con escenas cotiás de caza). No exterior da construción destacan tres portas románicas. A

fachada principal conta cunha porta de entrada enmarcada por dous contrafortes no medio

dos cales se acha un rosetón.

### Igrexa de Santiago de Pontedeume

Edificio de gran riqueza arquitectónica, que lle vén dada polas distintas contribucións que foron feitas en séculos diferentes e nos seus correspondentes estilos.



Debido a un incendio, da primitiva igrexa tan só se conserva a capela maior, edificada no ano 1538, por mandato de Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, mentres que o resto do templo foi reconstruído no século XVIII, por mandato do Arcebispo Raxoi, rematando as obras no ano 1763.

A capela maior, inscrita nun corpo cuadrangular, posúe un arco de ingreso apuntado e percorrido por delgados baquetóns que se continúan polas xambas, sobre pequenos capiteis. A través da rosca do arco e da xamba esténdese unha faixa de decoración vexetal, constituída na parte da nave por un armazón que vai trazando eses, mentres que pola parte da capela vai deixando tras de si grandes cabezas de cardo.

A estrutura aérea da capela vén dada a través dunha gran bóveda estrelada, de dezasete claves, presentando a principal unha decoración composta polo escudo de don Fernando de Andrade. Os nervios apoian sobre ménsulas, unidas entre si por unha liña imposta. Nos costados da capela ábreanse cadanseus ocos de medio punto baquetonados e situados a considerable altura.

Proveniente das obras feitas no século XVIII é o arco sepulcral aberto no espazo correspondente ó Evanxeo, e nel atópase o sepulcro de don Fernando de Andrade, que anteriormente estaba situado no centro da capela. En conxunto, o interior da capela encádrase dentro do gótico flamenco, que alcanza o seu esplendor na capela do Hospital Real de Compostela.

Cara ao exterior, grosos contrafortes angulares contrarrestan os empuxes da bóveda, mentres que a cornixa posúe unha decoración renacentista e diversas gárgolas que recollen as augas. O século XVIII corresponde o corpo no que se inscriben as tres naves -principal e laterais- e a fachada principal, de aí que presenten características barrocas propias do seu tempo. A fachada organízase en tres lenzos, ocupando os laterais cadansúas portas de entrada e as torres campanario. No lenzo central, separado dos laterais cadansúas columnas, sitúase a porta principal, decorada con orellóns e aplacados, un amplo oco e, como remate, unha torre campanario de dous corpos que remata nunha pequena cúpula.

### Torreón da Homenaxe dos Andrade

Na vila de Pontedeume erguíase un pazo-fortaleza no lugar que actualmente ocupan o mercado, a capela de San Miguel, derrubada no ano 1909, e o propio torreón, un alcázar dende onde os señores da vila repartían xustiza e administración do patrimonio.



A fortaleza foi destruída en 1935, a pesares de que fora declarado Monumento Histórico-artístico poucos anos antes. Do conxunto tan só permanece a poderosa Torre da Homenaxe coa pedra armeira que estaba na porta de acceso ó castelo.

Conxunto que estaba formado por dous conxuntos paralelos, recuado un respecto ó outro, que daban á "Praza do Conde". No primeiro deles abríanse cinco xanelas e na fachada colocábase o brasón coas armas dos Andrade, Castro e Enríquez, de grandes dimensións e que foi recuperado para o torreón. No segundo corpo trazábase a porta orixinal, con arco de medio punto e grandes doelas graníticas.

As Revoltas Irmandiñas e os incendios que padeceu a vila nos anos 1533 e 1607 foron os que provocaron o deterioro do edificio.

Tamén dispoñía dun cárcere, as dependencias do servizo e garda de defensa, a cociña, o comedor e as estancias máis privadas. No aspecto exterior, está construída con pedra de lousa nos muros, que teñen máis de dous metros de grosor, reservando a cantería para os esquinais. Conta con varios vans, seteiras, letrina, portas e xanelas. Coróase con peitoril de cantería que apoia sobre canzorros moldurados.

Na terraza hai ameas saíntes sobre ménsulas coas esquinas redondeadas. No muro sur, enriba da porta, hai unha grande pedra armeira formada por dezoito bandeiras gañadas os franceses na batalla de Seminara no ano 1503 e un colar do que colga un vélaro. Enriba da coroa condal aparece un anxo cunha banda co lema "molite nocere" (non fagades mal).

Na actualidade a torre foi restaurada e esta dedicada a diversas actividades culturais ademais de ser a oficina de turismo do Concello.

### Comarca Eumesa

Para o último, hai que pechar este apartado de bens de interese cultural coa Comarca Eumesa, conxunto histórico relacionado con varios dos concellos do territorio que afectan, e que foron declarados BIC o 13 de agosto de 1971.



Este conxunto histórico abarca o treito máis recollido do golfo Ártabro, de excelentes areas entre Miño, Cabanas e Ares, dando maior argumentación, se cabe, á cohesión social, cultural e económica do propio GALP Golfo Ártabro Norte actual.

Prolóngase pola marxe esquerda da ría de Ferrol, de vilas con forte personalidade, mesmo gastronómica como por exemplo o polbo ó xeito de Mugardos, ameixa de calquera das súas rías e o pan de Neda.

E cara ó interior vertébrase coa paisaxe natural das ribeiras do Lambre en Vilarmaior e, sobre todo, do Eume ó seu paso polo concello da Capela ata a desembocadura monumental de Pontedeume.

Trátase daquela dun conxunto histórico que non coincide coa actual distribución comarcal que reparte en tres esta ampla zona das rías de Ferrol, de Ares e mais a de Betanzos con estreitos vínculos entre si.

Pontedeume segue a exercer en certo xeito a capitalidade das terras do Eume. A vila contemplada dende a ponte de quince arcos, dos case oitenta que seica tiña orixinariamente, achega unha grata evocación medieval.

Aos lados da estrada actual aínda están presentes o oso e o xabarín que asinan as obras dos Andrade. Ao seu poder feudal tamén se debe a Torre dos Andrade, adornada cun escudo meirande cá porta e pequenas ventás oxivais que rompen a solidez cadrada do seus grosos muros.

Existen ademais mostras de arquitectura relixiosa como a Igrexa de Santiago vencellada tamén ó apelido dos nobres pois no seu interior atópase un sartego de Fernando de Andrade; e xa no alto do monte, a Igrexa de San Miguel de Breamo, destino de popular romaría.

A pasaxe litoral tanto cara a Perbes e Miño coma a Cabanas e Ares é de enorme beleza. Ademais neste último concello contamos con núcleos que en si mesmos merecen un paseo demorado. Falamos da poboación de Redes, coas vivendas mariñeiras mollándose na primeirísima liña de mar.


A paisaxe interior segue o curso do Eume e introdúcese nas fragas húmidas onde carballos e castiñeiros enredan co ritmo cromático das estacións. No corazón do Parque Natural está o Mosteiro de Caaveiro, un dos primeiros cenobios fundados en Galicia e despois de anos de abandono en fase de restauración.

Xa na boca da ría de Ferrol gardan a súa entrada, pola banda de Mugar dos, o Castelo da Palma, formando parella, mar por medio, co Castelo de San Felipe.

Na tranquilidade da ría, Neda conserva tamén anacos do que foi a antiga ribeira con arquitectura de soportais na rúa Real.

O concello é de mención obrigada por situarse nas dúas grandes rotas de peregrinación: Camiño Inglés cara a Santiago e, para o norte, cara ao santuario de San Andrés de Teixido. A propia casa do Concello foi en orixe hospital de peregrinos. Por outro lado, sempre arrimados á auga atoparemos fermosas mostras construtivas como o Pazo da Mercé.

Á distribución dos BIC ao longo do territorio do GALP - Golfo Ártabro Norte é a seguinte:



Distribución dos BIC ao longo do territorio do GALP - Golfo Ártabro Norte. Elaboración propia

#### 6.1.12 Patrimonio cultural Intanxible

Adicionalmente, dentro do territorio do GALP- Golfo Ártabro Norte tamén se teñen que ter en conta as distintas actividades relixiosas e laicas que se desenvolve ao longo do seu territorio.

Para non facer demasiado extenso a súa presentación, centramos esta información coas festas de interese turístico, por ser tamén, aquelas outras que poden ter maior aproveitamento de cara á dinamización turística do GALP GAN, sen que elo supoña non ter en conta o resto de festas, eventos e actividades culturais e lúdicas que salpican o seu territorio.



## Festa das alfombras florais do Corpus Christi de Ares

Desde 1986, Ares celebra o Corpus Christi coa confección de alfombras florais que ano tras ano son admiradas polos milleiros de visitantes que se achegan á vila mariñeira. Os veciños, perfectamente organizados en seis grupos de traballo, son os artífices desta espectacular obra de arte vexetal á que dedican semanas de esforzo e que acada unha lonxitude de máis dun quilómetro.



Tradición, gran vistosidade e a participación do pobo únense en Ares para celebrar o Corpus, de tal xeito que, cando pasa a procesión o domingo pola tarde, as rúas da vila están perfectamente engalanadas. Ares recende a rosa, caravel, hortensia, labaza, tuia, pampillo e piñeiro, entre outros aromas vexetais.

Se a confección é importante nestes traballos, a colleita non o é menos. Sabedores de onde poden atopar as ramas, herbas e flores axeitadas, os veciños, da man da Asociación de Alfombras Florais de Ares, preparan un calendario de recollida. Primeiro o verde, que hai que tratar con moita paciencia, e despois as flores.

Cada un dos seis grupos elabora a súa alfombra cos motivos escollidos. A tradición obriga a non desvelar o tema ata momentos antes da súa elaboración. Na minuciosa confección participan centos de persoas. Familias enteiras colaboran nestes traballos e os máis pequenos, alén de realizar as súas achegas, gozan das alfombras confeccionadas con motivos infantís.

## Oenach Atlántico

Esta festa céntrase na recreación dunha aldea castrexa e conforma un evento multidimensional con base etnográfica e antropolóxico-cultural que tenta recrear as raizames da cultura e xeitos de vida rurais a partir da cultura castrexa. O festival Oenach emprega unha didáctica museística dinámica e viva, centrada na veciñanza da parroquia de Sedes como dinamizador esencial.

Trátase dun mercado celta que recrea un "Oenach", espazo que as tribos celtas utilizaban na Idade de Hierro pra establecer alianzas militares, operacións mercantís e matrimonios.



A organización instala un mercadillo de artesáns con postos de cerámica, gando, comida da época, etc. e todo amenizado con representacións teatrais, que tratan de mostrar como era a vida na época celta e exhibicións de deportes rurais propios de Galicia e Euskadi (demostracións de pulsos ártabros, corte de troncos con machada, serrados con tronizador, lanzamentos de pedras e carreiras con peso. Ideal para "revivir" a época celta e gozar nunha contorna propia da antigüedad.

O Oenach Atlántico nace na localización da parcela da

Feira do Trece, con centos de anos de antigüidade, de gran relevancia na comarca e que durante o florecemento das feiras da segunda metade do século XX chegou a congregar a máis de 23 mil persoas ao longo dos dous días que duraba. Era un lugar de encontro no territorio das comunidades veciñais que nese espazo trocaban e comerciaban, realizaban tratos e pactos e resolvían conflitos, ao tempo que fortalecían os vínculos familiares e veciñais, celebraban xogos e desenvolvían rituais máxico-relixiosos colectivos.

O Oenach inclúe diversas actividades como o acendido do lume, que consiste no acendido de lumes naturais dentro de cuncos de ferro e mais a realización dun espectáculo musical de dúas horas no que se mestura a danza e que se celebra no lusco-fusco do primeiro día.

Tamén se fai unha recreación museística viva dunha aldea castrexa coa construción dun grupo de pallozas nas que se expoñen útiles de cerámica castrexa, cantarías, muíños, etc. Recréase teatralmente a vida cotiá e realízanse tarefas cos obxectos da época. Tamén se celebra unha feira de artesanía galega na que participan uns 40 artesáns e unha feira rural con produtos do agro e mercado aberto, no que se desenvolve a tradicional Feira do Trece de Sedes durante o domingo.

### Festa do Polbo - Mugarbos

A pesca do polbo foi no século XVIII unha das actividades máis destacadas do porto de Mugarbos, daquela tamén entre os primeiros de Galicia. O polbo é o seu produto máis típico e aquí prepárase ao tradicional estilo mugardeés, característico pola súa salsa feita con cebola, pemento verde e pemento vermello.



Cada xullo, dentro do programa das Festas do Carme, Mugarbos réndelle tributo ao polbo e celebra unha festa gastronómica no paseo marítimo. Máis de douscentos voluntarios de distintas asociacións culturais da vila

serven todos os anos arredor de 1.200 quilos do cefalópodo en 3.000 racións, nun ambiente festivo dominado pola música das charangas.

### Festa do Pan de Neda

Coa Festa do Pan en setembro, Neda pon en valor o seu produto gastronómico por excelencia, aquel que durante séculos converteu á real vila en capital do trigo de Galicia.



A orixe da tradición panadeira de Neda remóntase á Idade Media, cando nacen importantes industrias, como os muíños de trigo, en torno ao río Belelle. A calidade das súas augas dan como resultado un pan sen comparación e que incluso Filipe II, escolle á vila para o asentamento das chamadas Casas Reais, fábricas de biscoito e fornos de provisión con destino ás Armadas dos

Reis de España.

Nos últimos 25 anos, Neda celebra a súa festa de exaltación do pan. Sempre, o primeiro

domingo do mes de setembro. E, tamén, de participar nunha festa que, grazas ao traballo que durante todo o ano realiza o Concello, suma novos atractivos e actividades.

Como vén sendo habitual nos últimos tempos, o escenario elixido é o Paseo Marítimo. Dende primeira hora da mañá, as panadarías comezan a venda de pan, empanadas ou repostaría. Xunto ao despacho das panadarías, a xa tamén tradicional feira de artesanía con ducias de postos que ofrecen unha coidada selección de produtos de todo tipo.

A música ten un papel fundamental ao longo de toda a festa, coa participación de grupos e bandas de diferentes estilos musicais pero cun único obxectivo: manter o ánimo ben alto.

### Semana Santa de Ferrol

Desde o Domingo de Ramos ata o de Resurrección, succédense sen parar as procesións que rememoran a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.



Durante a celebración desta festa de interese turístico internacional, as rúas de Ferrol énchense de fervor relixioso e bulicio, en torno aos pasos das súas cinco confrarías, herdeiras dunha tradición secular e dun espírito de fondo calado popular que resiste aos cambios sociais e xeracionais. Vistasas, multitudinarias, emotivas e solemnes, destacan entre todas elas as do Venres Santo: pola mañá, o Santo Encontro, na praza de Armas, ante a Casa do Concello; pola tarde, a do Santo Enterro, de marcado carácter litúrxico, na que se leva a Santa Urna, toda unha reliquia da Semana Santa ferrolá e, pola noite, a procesión dos Caladiños, que percorre as rúas do casco histórico da Magdalena, cos pasos das Tres Marías, S. Xoán e a Virxe das Dolores, e retírase de madrugada, tras o tradicional canto da Salve. Destacan a procesión dos Caladiños, o Venres Santo pola noite.

O Xoves Santo ten lugar a procesión do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade, a máis longa e numerosa de todas, na que participan 1.800 confrades, sete pasos e nove bandas de música e que remata co emotivo canto dos militares da Brilat.

### Festa das Pepitas de Ferrol



Arraigada no corazón da poboación de Ferrol dende hai máis de 100 anos, na Festa das Pepitas homenaxéase a todas as mulleres da cidade a través de tunas e cancións. Numerosas agrupacións musicais da cidade e a súa comarca participan nesta celebración con valsos, danzas e habaneras, que soan a través dos seus laúdes, mandolinas ou bandurras.


Desde 1903, na véspera de San Xosé reúnen as tunas: bandas de instrumentos de corda ataviadas con traxes similares aos dos típicos tunos da Universidade (capas, lazos, cintas ou escarapelas), que percorren as rúas da cidade cantando á muller ferrolá. Cada formación ten a súa madriña.

Ademais, esta noite, os hostaleiros da cidade regalan aos seus clientes un singular doce de

chocolate e laranxa en forma de corazón, coñecido como o “bico das Pepitas”.

Ao longo dos anos, esta tradición acadou carácter institucional, xa que se fai un acto no Teatro Jofre, entréganse insignias de honra e conmemórase a irmandade do Concello de Ferrol co de Mondoñedo. A rolda está presente nas rúas a través das agrupacións locais e as convidadas dos municipios limítrofes e, ademais, faise un festival de tunas na praza de Amboaxe.

A súa distribución territorial ao longo do GALP GAN é a seguinte:



Distribución das Festas de Interese Turístico ao longo do territorio do GALP - Golfo Ártabro Norte. Fonte: Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

### 6.1.13 Museos e centros de divulgación

#### Exponav- Exposición nacional da Construción Naval

Este impresionante edificio industrial de Ferrerías data do século XVIII, de estilo neoclásico, do cal as primeiras trazas de autor descoñecido aprobou Carlos III, o 26 de setembro de 1781, seguiu segundo parece un proxecto anterior de Julián Sánchez Bort, foi deseñado para albergar as Ferrerías do complexo dos estaleiros e do Arsenal da Armada Española en Ferrol, de aí o seu nome.



O edificio Ferrerías trátase dun edificio de planta rectangular moi alongado, con noventa e sete metros de fronte por vinteun de fondo ó que lle apega outro corpo, de menor entidade, configurando unha planta en forma de "L". Ambas cubertas con bóvedas de arista moi sólidas sobre 132 arcos de medio punto de sillería, que permiten a entrada de abundante luz ao interior.

A parte aliñada de Leste a Oeste componse de tres naves abovedadas e dous patios, de dous módulos cada un. Curiosamente, nestes patios existen dous pozos de auga potable, a pesar de ter sido construído o edificio nunha zona de mareas. Nesta parte atopábanse as fraguas, que era a zona destinada a obras fortes e de martelos. Había unhas 32 fraguas, catro delas de grande tamaño destinadas á construción de áncoras. Neste obradoiro traballaban 144 operarios. A outra parte, aliñada de Norte a Sur, ten tan só dúas liñas de bóvedas, e nela rematábanse as obras menores dos traballos de ferrería. Tamén se traballaba a fundición.

No ano 1994, este edificio de Ferrerías foi elixido para albergar a Exposición Nacional da Construción Naval inaugurándose o 10 de marzo de 2008. Unha exposición moi interesante tanto polo edificio como polo que nos ensina sobre a historia da construción naval.

#### Museo do Humor

O Museo do Humor é un museo para se divertir e rir, nel poderás encontrar obras de importantes humoristas a nivel nacional e internacional que tratan os temas da maior actualidade en clave de humor xa sexa gráfica ou literariamente.



É un dos do seu xénero en España e ten a súa sede na Casa da Cultura de Fene Na actualidade este museo amosa nas súas instalacións máis dun milleiro de orixinais de humoristas gráficos galegos e de todo o mundo.

Grandes creadores como Xaquín Marín, Siro, Torres, Tomé, Chumy Chúmez, Máximo, Vázquez, René de la Nuez, Mort Walker ou Fontanarrosa teñen o seu espazo neste museo que salienta pola súa singularidade e por ser único dentro do seu xénero en España.

### Centro Torrente Ballester

Situado no antigo Hospital de Caridade de Ferrol, o Centro Torrente Ballester caracterízase por unha programación contemporánea dende que comezou no ano 1993 encamiñando a súa actividade cara a difusión e promoción das artes plásticas.




A versatilidade que lle permite manexar dous espazos de gran calidade, xa sexa o antigo hospital de 1786 ou o novo espazo inaugurado en 2002, outorga ao Centro Torrente Ballester unha oportunidade para funcionar como un dos centros artísticos galegos de referencia.

A programación capaz de agrupar distintas xeracións, preténdese construír un lugar activo capaz de reflexionar sobre a cultura contemporánea dende unha óptica do século XXI, entendendo o Centro Torrente Ballester como un punto de encontro da cultura na cidade e Galicia.

Neste sentido, buscarase unha relación fluída con outros centros de exposicións e formación.

### Centro Interpretativo de Cabo Prioriño

O Centro Interpretativo inclúese dentro dos proxectos da Autoridade Portuaria que fomentan a relación entre o porto e os cidadáns e nace co fin de achegar ao visitante unha parte vital da historia de Ferrol: a orixe e evolución das súas baterías defensivas e a construción e integración, nese mesmo contorno, dunha obra de gran magnitude como é o porto exterior.



O Centro Interpretativo consta do seguinte:

O Edificio Interpretativo, que alberga unha exposición permanente sobre a evolución do contorno, as baterías defensivas e a expansión do porto de Ferrol.

A Batería de Punta Viñas, creada en 1739, destaca polo seu valor histórico e simbólico. O Porto recuperou de forma integral o antigo fortín existente na zona e que fora desmontado en 1994. Foi recolocada peza a peza ata a súa localización actual. Agora pódese contemplar coa súa estrutura orixinaria un edificio que albergaba un pequeno cuartel, a polvoreira e a estancia denominada bala vermella, na que se quentaban as balas antes de ser disparadas.

A Batería de Prioriño Mozo, fortificación de gran valor histórico que data do século XVIII, e que foi recentemente rehabilitada e posta en valor.

Un observatorio ornitolóxico, como punto de observación de aves mariñas e migratorias e dende onde se pode gozar dunhas fantásticas vistas.

### Parque Temático Aldea Nova

Parque temático preparado para visitas didácticas de escolares e grupos organizados; visitas culturais de particulares e grupos organizados, e visitas lúdicas de público en xeral.



Céntrase especialmente nas enerxías renovables, a agricultura e a gandaría ecolóxica. Inclúe un museo etnográfico, a reprodución dun castro que se pode visitar, bancales de agricultura ecolóxica, colmenares e gandaría autóctona.

Realiza cursos e charlas de agricultura ecolóxica e aplicación de enerxías renovables.

### Museo Naval de Ferrol

Neste museo sobre a mariña de guerra española, inaugurado en 1986 e situado no antigo Cuartel de Presidarios, móstrase unha variada colección de obxectos relativos á Armada, dende elementos de mabiobra a instrumentos náuticos, artillaría ou material eléctrico, ademais de maquetas de buques ou de batallas navais.



É tamén sede da Biblioteca Naval, cunha importante colección de documentos e de cartografía.

Está situado dentro das mesmas instalacións do Arsenal Militar de Ferrol, declarado Ben de Interese Cultural dende 1994, e un dos 100 elementos que conforman o catálogo incluído no Plan Nacional de Patrimonio Industrial de 2011, aínda que só se pode visitar mediante autorización do Ministerio de Defensa.

Os museos presentados se distribúen ao longo do GALP GAN do seguinte xeito:



Distribución dos Museos e Centros de divulgación ao longo do territorio do GALP - Golfo Ártabro Norte

Fonte: Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

#### 6.1.140 Camiño Inglés

Pola súa situación estratéxica, Ferrol é un dos puntos de partida das dúas alternativas do Camiño Inglés, xunto co que comeza na Coruña.



O primeiro itinerario marítimo coñecido remóntase ao escrito entre 1154 e 1159 polo monxe islandés Nicolás Bergsson, quen describe a viaxe dende Islandia ata Dinamarca, e a pé ata Roma. Esta ruta marítima seguirona os islandeses e escandinavos que peregrinaron a Santiago.

Durante o S. XIV e o primeiro terzo do XV, os británicos empregaron o barco para vir a Santiago de Compostela. A súa presenza está sobradamente probada coas pezas de cerámica e numismática inglesas da época achadas nas escavacións da catedral compostelá.

Este novo percorrido supuxo un itinerario anfíbio cunha ruta práctica e segura, xa que aventurarse á viaxe por mar, non exento de riscos, reducía a peregrinaxe a tres semanas, ida e volta, fronte aos preto de cinco meses que duraba o periplo para aqueles que cruzaban Francia e os duros Pirineos.

As ofrendas ao Apóstolo son outra pegada da existencia das peregrinacións marítimas, a máis soada é o retablo portátil de alabastro doado en 1456 polo clérigo John Goodyear; ou a Cruz de perlas doada polo rei Jacobo IV de Escocia (1475-1513).

Os peregrinos contaron cos hospitais da orde franciscana do Sancti Spiritus, baixo os auspicios do nobre Fernán Pérez de Andrade, "O Bo". No tramo que parte de Ferrol situábanse en Ferrol, Neda, Miño, Paderne e Betanzos.



Detalle do conxunto do percorrido do Camiño Inglés dende Ferrol ata Santiago

Fonte: Axencia Turismo de Galicia. Elaboración propia

De feito, a importancia histórica deste trazado favoreceu a instauración de mosteiros, hospitais e as ordes relixiosas que se encargaban da súa atención e que hoxe enriquecen o territorio do GALP Golfo Ártabro Norte, e lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros.

Trátase, polo demais, dun itinerario xeralmente ben sinalizado nos dezaioito municipios que atravesamos, grazas ao plan Xacobeo e, en gran medida, ao labor do Consorcio do Camiño Inglés.

Dividido en cinco etapas dende Ferrol a variante norte do Camiño Inglés conflúe co que sae da Coruña nun na aldea de Bruma.

No caso que nos afecta, o Camiño percorre unha ruta de mercado carácter costeiro, moi importante no caso que ocupa, tamén rural e interior, podéndose artellar como un eixo de especial relevancia para o desenvolvemento turístico e de marca do territorio do GALP Golfo Ártabro Norte.

De feito, salvo Ares e Mugardos, o Camiño Inglés percorre todo o seu territorio, achegando unha mestura de historia, cultura, espiritualidade e turismo que sen lugar a dúbidas ten que axudar ao desenvolvemento do territorio.

Por último, e segundo se extrae das estatísticas da Oficina de Acollida ao Peregrino, dependente da Catedral de Santiago, a evolución no volume de peregrinos que percorren o Camiño Inglés ata Santiago de Compostela ten reflectido un manifesto incremento, cun 39,30%, aumentado ano tras ano dende o ano 2010 (último ano Xacobeo), tanto en valores absolutos, como en termos relativos en comparación cos outros camiños cara Santiago de Compostela.

### EVOLUCIÓN NO VOLUME DE PEREGRINACIÓN POLO CAMIÑO INGLÉS (2010 - 2015)

	2010	2011	2012	2013	2014 (*)	2015 (*)	Inc. 2010 - 2015	Var 2010 - 2015
Total peregrinos	6.442	2.720	3.577	4.404	7.743	8.974	2.532	39,30%
Porcentaxe sobre total de peregrinos	2,37%	1,48%	1,86%	2,04%	2,97%	3,23%	0,86%	36,29%


234

Fonte: Oficina de acollida ao peregrino. Elaboración propia


(\*) Cifra ata o 31 de outubro

Graficamente, esta evolución atende á seguinte tendencia alcista:

### EVOLUCIÓN DE PEREGRINOS NO CAMIÑO INGLÉS 2010 - 2015



Fonte: Oficina de acollida ao peregrino. Elaboración propia



Detalle do percorrido do Camiño Inglés polo territorio do GALP - Golfo Ártabro Norte

Elaboración propia

### 6.1.15 Programas e actuacións de carácter estratéxico

De entre o repertorio de normas e medidas estratéxicas que teñen relación co territorio,

destacan as seguintes:

- Programa Operativo para España - Fondo Europeo Marítimo e da Pesca - 2014 - 2020
- Estratexia de Especialización Intelixente Galicia 2014 - 2020
- Estratexia Europa 2020
- A muller innovadora no sector da pesca e a acuicultura - Plataforma Tecnolóxica Española da Pesca e a Acuicultura - 2014
- Plan integral de Turismo de Galicia - 2015 - Axencia Turismo de Galicia
- Plan Estratéxico da náutica recreativa en Galicia 2012-2020
- Plan de Ordenación do Litoral da Xunta de Galicia - 2011
- Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación candidata a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativo no período de programación do FEMP 2014 - 2020
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento(CE) nº 1083/2006, do Consello
- Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, Orde do 6 de abril de 2015 pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia (DOG nº 71 do 16 de abril de 2015)
- ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015
- ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se aproban os plans para a explotación dos poliquetos en Galicia para o ano 2015 e se regula o seu exercicio
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas

## 6.2 Metodoloxía de traballo

Como metodoloxía de traballo básica se atendeu á seguinte:

### 6.2.1 Consolidación metodolóxica.

Etapa de arranque de proxecto necesaria para a definición e validación da metodoloxía de traballo entre o GALP Golfo Ártabro Norte e o persoal da empresa contratada, entrando en todos os aspectos operativos, loxísticos, organizativos, de comunicación e de calendario necesarios.

Aproveitouse tamén esta toma de contacto co proxecto para facer un repaso dos obxectivos, pasos e resultados finais a obter co proxecto, de tal xeito que se obtivo un aliñamento de todos os axentes involucrados no proceso.

### 6.2.2 Recompilación da documentación de referencia.

Para o desenvolvemento do proxecto, en concordancia coa propia idiosincrasia do GALP Golfo Ártabro Norte, se considerou de especial interese contar coa máxima información de partida que aportase referencias e contidos abordados nos últimos anos; en concreto, e como mínimo, se identificaron os seguintes:

- Recompilación do estudo de análise de resultados da implantación no anterior período (2007 - 2013) do Eixo IV do Fondo Europeo da Pesca no seu territorio, posto que o mesmo estaba integrado, na súa maior parte, dentro do anterior Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro, atendendo principalmente ao seu desenvolvemento territorial actual dentro do GALP Golfo Ártabro Norte, polo que se considera de especial interese como punto de partida de análise.
- Na mesma liña, a documentación presentada na candidatura presentada polo Grupo á convocatoria da Consellería do Mar para constituírse como Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, tamén foi de especial interese. Habida conta de que a mesma incluía información de gran relevancia e actualidade en materia de organización e participación das entidades integrantes xunto coa proposta de proxecto de definición de estratexia de desenvolvemento local participativo que a acompañaba, sendo por tanto un punto de partida moi destacado.
- Do mesmo xeito, atendendo aos requirimentos iniciais para optar a ser Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, foi de máximo interese tamén contar coa información relativa ao Plan de Responsabilidade Social Corporativa que se tivo desenvolvido ata a data dentro da súa estrutura e organización.
- Tamén, a título orientativo de cara a definir a toma de decisións e a organización estratéxica, avaliáronse os estatutos e documentos asociados á constitución como asociación, achegando tamén unha visión interna de interese á hora de definir a estratexia do GALP, principalmente en materia dos contidos transversais anteriormente mencionados.

### 6.2.3 Análise da documentación e información de referencia.

A continuación, o persoal técnico da empresa eleixida abordou un traballo de análise, revisión, categorización, exame e valorización de toda esta información para poder obter o escenario de Diagnose que permitira coñecer e representar a situación actual do territorio do GALP Golfo Ártabro Norte, incidindo nos factores, datos e valores máis representativos do territorio.

Pola súa propia particularidade xeográfica, demográfica e demais, considerouse interesante potenciar o uso de ferramentas visuais sobre mapas, que permitise unha representación gráfica e directa sobre a situación do territorio nos distintos parámetros e recursos avaliados, estratificadas en diferentes capas. Utilizáronse para isto diversas ferramentas gráficas de mapas virtuais que permitiron presentar os datos tamén nas reunións e entrevistas que se levaron a cabo ao longo do proxecto.

Entre os contidos e espazos de análise, durante a diagnose avaliáronse cando os seguintes apartados:

- Caracterización do espazo
- Demografía
- Mercado Laboral
- Estrutura económica e empresarial
- Sector pesqueiro
- Sector do turismo
- Patrimonio medioambiental
- Patrimonio cultural

### 6.2.4 Entrevistas, reunións e contactos con axentes involucrados e partes interesadas.

Ademais, tal e como se comentaba anteriormente, a participación do territorio na definición da estratexia foi esencial.

Por isto, para completar a análise e a diagnose da situación do territorio abordáronse un proceso de entrevistas, contactos e reunións coas distintas partes interesadas e axentes do mesmo, promovendo a máxima participación de todos os axentes, fomentando o desenvolvemento local participativo.

Esta metodoloxía de traballo buscou obter unha información de máxima validez e de referencia para coñecer o pulo das distintas entidades e axentes do territorio en relación co novo horizonte temporal que se abría para o GALP Golfo Ártabro Norte.

Neste sentido, estas actividades de contacto desenvolvéronse con:

- Axentes involucrados na constitución do GALP

- Axentes do territorio non vinculados na actualidade co GALP
- Outros axentes de referencia

En relación con estes "outros axentes de referencia", pola súa marcada vinculación co territorio no ámbito medio ambiental, promoveuse tamén a participación e apoio (documental e de coñecemento do territorio) da Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos", dado que se trata dunha asociación cun especial protagonismo territorial e cun importante coñecemento do mesmo, dinamizadora e líder da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo". Con isto, tamén se puido asegurar en maior medida a consecución de novos retos e novas propostas en materia de xestión innovadora de recursos naturais, ecoturísticos e culturais do territorio.

Con toda esta información e contidos de contraste, abordouse a elaboración da Diagnose de partida, información que finalmente presentada e confirmada por parte as entidades que estean a integrar o GALP Golfo Ártabro Norte e o resto das entidades que desexaron participar nun proceso aberto, consensuando e compartindo a situación de partida para acadar unha visión común.

#### 6.2.5 Elaboración da Estrategia de Desenvolvemento Local

Unha vez que se contou coa diagnose de partida, procedeuse a deseñar a estratexia coas súas respectivas seccións, de tal xeito que se puido concretar finalmente por parte da organización do GALP Golfo Ártabro Norte.

Neste sentido, incidiuse na definición da:

- Visión e Misión
- Obxectivos Estratéxicos
- Liñas de actuación
- Medidas

Tal e como se comentara anteriormente, incidiuse tamén nun conxunto de apartados que, non sendo estritamente de carácter estratéxico, si se haberán de ter en conta de cara ao desenvolvemento da Estrategia de Desenvolvemento Local do GALP Golfo Ártabro Norte. Este foron:

- Plan de financiamento
- Capacidade e xestión interna do grupo de acción local
- Seguimento, avaliación e mellora do Plan (Indicadores de seguimento)
- Plan de participación e Cooperación
- Plan de comunicación

Durante o seu desenvolvemento, foi preciso a interacción e comunicación permanente entre

o equipo técnico e os órganos executivos do GALP Golfo Ártabro Norte para que o xurdimento da estratexia non se observase como algo externo e definido dende fóra, senón que se buscará en todo momento unha involucración e coparticipación que facilitase a súa asimilación e integración, logrando así sen dúbida un mellor desenvolvemento futuro da mesma.

Para isto, tal e como se comentaba na fase de Asentamento Metodolóxico, mantivéronse contactos continuados cos responsables do GALP Golfo Ártabro Norte para que o deseño estratéxico logre esa participación e motivación.

### 6.2.6 Presentación e Revisión

Posteriormente, no momento en que se tivo definida a Estratexia do GALP Golfo Ártabro Norte, realizáronse dous reunións nas que todos os axentes que desexaron participar puideron achegar a súa valoración definitiva, enriquecendo e consolidando a versión definitiva da Estratexia de Desenvolvemento Local elaborado.

Estas reunións abordáronse segundo o prazo e compromisos aos que teña que atender o GALP, tanto en relación coa Consellería do Mar como para pechar dun xeito acorde e coherente o proceso de elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local .

### 6.2.7 Entrega Documento final

Finalizouse o proxecto coa entrega da documentación revisada e actualizada trala presentación e valoración feita na fase anterior.

## 6.3 Diagnóstico da zona pesqueira (Análise DAFO)

Unha vez feitos os distintos procesos de análise e de participación no diagnóstico do territorio é o momento de abordar un proceso de síntese a través do método DAFO. Neste sentido, en dada a estruturación do Plan e das mesas participativas, procédese a deseñar as matrices dos tres bloques principais e, como agregación xeral, a DAFO do conxunto do GALP Golfo Ártabro Norte.

### 6.3.1 DAFO O sector do mar

#### DEBILIDADES

- Confrarías cun tamaño moi pequeno para potenciar un incremento de valor do produto da pesca.
- Salvo a Confraría de Ferrol, se conta cunha composición que vai esixir no curto prazo un proceso de relevo xeracional.
- Perda de representación das mulleres no total das confrarías do GALP GAN, fronte a un lixeiro aumento da participación masculina.
- Insuficiente nivel medio de ingresos por membro de confraría para poder manter a actividade como fonte única de sostibilidade económica.



- Escasas actuacións de formación para as persoas participantes nas confrarías en materia de comercialización, tecnoloxías da información e xestión, moito máis aló de accións didácticas en materia de requisitos normativos ou legais.
- Fondos mariños da ría de Ferrol, principalmente, cunha composición de lodos e fango que limita o seu desenvolvemento para a acuicultura e marisqueo, principal actividade do sector da pesca no territorio do GALP GAN.
- Impacto urbano sobre as áreas de explotación marisqueira que incide no volume de vertedoiros e de puntos incontrolados de contaminación.
- Efecto moi dañino da pesca ilegal e do furtivismo nas rías do GALP GAN, tanto a nivel de sobrexplotación, conservación e desenvolvemento correcto da produción como a nivel comercial e de saúde, xerando unha grande competencia desleal.
- Este efecto vese tamén agravado polos destrozos que están a producir nas zonas de explotación marisqueira, sendo preciso incidir na protección destes espazos.

### AMEAZAS

- A presión do furtivismo e o escaso impacto que as medidas disuasorias do mesmo están a ter en apreciación das partes interesadas dentro do territorio do GALP GAN, supón a introdución no mercado de importantes cantidades de produto de baixa calidade e con potencial risco sanitario, incidindo na baixada tanto dos prezos como da calidade percibida do produto por parte dos clientes.
- A utilización da pesca deportiva, debido á súa regulación actual, estase a utilizar de xeito frecuente como unha vía para realizar a explotación comercial de capturas sen estar suxeito ás esixencias marcadas pola normativa profesional.

### FORTALEZAS

- Evolución das cifras de vendas en termos monetarios do conxunto das confrarías de pescadores e no total das Confrarías do GALP GAN, aumentando o seu valor.
- Crecente interese das confrarías por aumentar o valor dos seus recursos, incidindo en novas vías de rendibilidade do seu patrimonio e da comercialización do produto.
- Utilización por parte de todas as confrarías da marca pescaderías, o que pode facilitar a súa evolución nos mercados onde se poida recoñecer a dita marca.
- Elevado grao de participación e liderado de actividades do conxunto das Confrarías nas actividades vinculadas co GALP GAN, converténdose no eixo vertebrador de referencia para o seu impulso.
- Afán innovador das confrarías en materia de sostibilidade medio ambiental,

recoñecendo a importancia do coidado do medio natural como fórmula para xerar máis riqueza.

- Afán colaborativo na busca de novas vías de desenvolvemento de oportunidades de incremento do valor das capturas e de alternativas económicas.
- Ecosistemas mariños e costeiros con grande capacidade de rexeneración o que permite, coas medidas oportunas, abrir novas canles para a acuicultura, o turismo e o emprego.
- Recoñecemento da calidade e do valor do marisco das confrarías do territorio do GALP GAN.

### OPORTUNIDADES

- Posibilidade de pór en marcha proxectos conxuntos de dinamización comercial e de depuración de marisco, apoiándose na marca de pesca de rías.
- O papel que pode chegar a ter a colaboración co sistema universitario galego, a través do Campus Mar ou das distintas facultades da UDC ou da USC.
- Nesa liña, a posta en marcha con éxito de proxectos no ámbito da I+D+i que están a traballar con descartes do sector e que poden dan un pulo ao desenvolvemento de novas liñas de produtos.
- Presenza no territorio de Centros de Formación Profesional con estudos moi vinculados cos obxectivos de desenvolvemento dos GALP.
- Impulso da marca pescaderías como paraugas para ampliar a comercialización e a difusión do produto tanto dentro como fora do territorio do GALP GAN.
- Importante crecemento das actividades complementarias á actividade marisqueira e pesqueira (turismo e ocio) no territorio, abrindo novas vías de ingresos para as persoas integrantes das Confrarías.
- A potencialidade das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para acceder a novos coñecementos, mercados e para abordar a divulgación da actividade mariñeira do territorio.
- Auxe acadada nos últimos meses da dieta atlántica e do consumo de pescado fronte os últimos estudos referidos á carne vermella da OMS.

### 6.3.2 DAFO Patrimonio medio ambiental e cultural

#### DEBILIDADES

- Depuración deficiente das augas residuais, de forma especialmente grave nos esteiros, o que está a producir unha contaminación permanente nas rías o que impide realizar un aproveitamento dos recursos e do propio medio ambiente.
- Necesidade de actuar sobre os lodos que están a contaminar as rías, sendo preciso incidir tanto nos focos como na retirada dos mesmos.
- Taponamento dos regos naturais que desembocan nas rías e que están a provocar movementos de terra e erosións que co paso do tempo se asentán sobre as zonas de marisqueo matando os cultivos.
- Se observa un importante número de núcleos de poboación e habitantes sen servizo de depuración de augas residuais.
- Carencia de información científica contrastada para observar a evolución do efecto do cambio climático no territorio, así como o seu impacto nas rías.
- Crecente avance das prantas invasoras, que están supoñendo un grave problema medioambiental.
- Dificultades para xestionar correctamente os recheos que se están a realizar ao longo das rías do GALP GAN, creando problemas graves de gobernanza.
- Impacto das grandes infraestruturas portuarias nas correntes mariñas e no asentamento de area nas rías e nos aproveitamentos marisqueiros.
- Falta de coñecemento da riqueza patrimonial cultural o que está a pór en perigo o seu mantemento.
- Falta dun liderado asumido dentro do territorio para a divulgación do patrimonio cultural e medio ambiental.
- Perda do patrimonio inmaterial co envellecemento da poboación sen que se produza unha recuperación da memoria tradicional mariñeira.

#### AMEAZAS

- Presión urbanística asociada ao propio crecemento da poboación urbana do territorio nas áreas limítrofes.
- Evolución do cambio climático como efecto que semella imparable e que hai que contrarrestar e que está a incidir nas distintas variables da climatoloxía (mareas, niveis do mar, temperaturas, comportamento das especies mariñas, ...).
- A crise económica está a esixir atender outras necesidades o que supón unha perda de

investimentos no coidado do medio ambiente e do patrimonio cultural.

### FORTALEZAS

- Existencia no territorio da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, do Parque Natural das Fragas do Eume e outros espazos da Rede Natura, que sitúan ao GALP GAN nun espazo de marca medio ambiental moi interesante para o turismo mariñeiro, natural, ornitolóxico e costeiro.
- Impulso de iniciativas innovadoras no ámbito do medio ambiente, como no caso do Concello de Miño en cooperación coa Asociación de Desenvolvemento Rural "As Mariñas - Betanzos", para incidir en novas figuras de protección e aproveitamento como os Espazos Naturais de Interese Local na Ría de Betanzos.
- Riqueza ambiental tanto mariña como costeira de moito valor e sen ningún tipo de aglomeración, que fai posible o seu aproveitamento cunha fórmula sustentable.
- Elevado interese das experiencias levadas a cabo no territorio en inmersión educativa no ámbito medioambiental como fórmula de sensibilización e concienciación ante a sostibilidade do territorio.
- A presenza da pegada histórica dos Andrade e o percorrido do Camiño Inglés como eixos temáticos que aglutinan á meirande parte dos concellos do GALP GAN e que atraen cada vez máis visitantes ao territorio.
- Existencia no territorio de entidades privadas sen ánimo de lucro que están a asumir parte da recuperación e mantemento do patrimonio.

### OPORTUNIDADES

- O papel das universidades e dos Centros de Formación Profesional como espazos formativos de referencia para o desenvolvemento de actividades científicas no medio mariño.
- O impulso que se está a dar coa posta en marcha con éxito de proxectos no ámbito da I+D+i que están a traballar con descartes do sector e que poden dan un pulo ao desenvolvemento sostible.
- O desenvolvemento de programas a nivel nacional e europeo de apoio ao desenvolvemento sostible do territorio coa integración en materia de sostibilidade social.

### 6.3.3 DAFO Emprego, Emprendemento e Igualdade

#### DEBILIDADES

- Escasa cualificación do persoal contratado no sector servizos, o que evidencia unha baixa cualificación profesional dos empregados do sector e pon en risco a calidade percibida polos potenciais clientes e, en consecuencia, o éxito destas iniciativas ao orientarse ao turismo.
- O pequeno tamaño das empresas asentadas no territorio, e en especial as vinculadas co marisqueo e a pesca, fan que a súa capacidade de xerar emprego por conta allea sexa moi baixa, sendo o a opción do autoemprego (autónomo) a saída máis frecuente.
- O envellecemento da poboación dedicada ao marisqueo e a pesca e a falta de incentivos para o relevo xeracional crea o risco a medio prazo de pasar de ser unha zona de "pobos mariñeiros" a unha zona de "pobos con mar.
- Non existe no territorio do GALP unha oferta formativa regulada (a través de formación profesional) vinculada ás actividades mariñeiras e marisqueiras, e os contidos da formación para o emprego ou para persoas ocupadas ten contidos desactualizados.
- A valoración social que existe no contorno en relación ao marisqueo sitúa esta actividade, na percepción das partes interesadas, como unha ocupación non desexada por parte da mocidade.
- Non existe no territorio do GALP unha oferta de produtos e servizos relacionados cos traballos no mar (artes da pesca, embarcacións...) o que dificulta o desenvolvemento desta actividade a nivel profesional e a encarece, ao ter que recorrer a profesionais ou empresas doutras zonas.
- A dureza das condicións de traballo no mar, a súa dependencia das circunstancias ambientais e a existencia de complexos industriais que no seu momento foron moi potentes no contorno fixo que a economía da zona se teña desenvolvido de costas ao mar.
- A configuración do marisqueo como unha actividade complementaria debido a este desenvolvemento económico de costas ao mar, supuxo que esta actividade, e en especial a do marisqueo a pe, sexa hoxe de forma fundamental unha actividade realizada por mulleres.
- A desvinculación existente entre a hostalería e os produtos da zona fai que a demanda destes no propio territorio do GALP sexa menor que fóra del, o que reduce o impacto económico das actividades tanto pesqueiras como agrícolas no territorio.
- O recurso á tipoloxía de contratos temporais, tanto a tempo completo como a tempo parcial, é a máis frecuente na zona, o que configura un mercado laboral cun baixo índice de estabilidade.
- A utilización da fórmula do contrato de formación ou en prácticas e case anecdótica, a pesares de contar no territorio do GALP con numerosos centros de formación

profesional.

- Con carácter xeral, as contratacións realizadas no contorno do GALP son para persoas con niveles baixos de cualificación, o que supón empregos con baixa capacidade de crear valor engadido.

### AMEAZAS

- O furtivismo e o escaso impacto que as medidas disuasorias do mesmo están a ter en apreciación das partes interesadas, supón a introdución no mercado de importantes cantidades de produto de baixa calidade e con potencial risco sanitario, incidindo na baixada tanto dos prezos como da calidade percibida do produto por parte dos clientes.
- A figura da pesca deportiva, debido á súa regulación actual, estase a utilizar de xeito frecuente como unha vía para realizar a explotación comercial de capturas sen estar suxeito ás esixencias marcadas pola normativa profesional.
- A burocracia requirida par a posta en marcha de iniciativas emprendedoras pode xogar en contra de aquelas persoas que pretenden diversificar a súa actividade desde o marisqueo, ao xerar desánimo e requirir dun tempo e dunha cualificación para a realización de trámites tanto administrativos como técnicos (estudios de viabilidade...) dos que non dispoñen.
- A pesares das condicións do contorno natural para a posta en marcha de iniciativas empresariais no eido da agricultura ecolóxica, os esixentes requisitos que se esixen para a súa posta en marcha en caso de terreos que xa tivesen sido explotados dificulta que novos negocios se implanten.

246

### FORTALEZAS

- Existencia no territorio do GALP de oferta formativa relacionada coa profesionalización do sector servizos e as súas actividades, o que fai posible o xurdimento de novas actividades económicas de servizos de calidade e complementarias ás actividades de marisqueo.
- O riqueza do contorno natural do GALP permite o xurdimento de múltiples actividades empresariais vinculadas ao turismo de natureza e turismo activo, como vía para a creación de emprego e a xeración de riqueza complementaria.
- Amplo e profundo coñecemento en relación á profesión e aos fondos mariños da zona por parte das confrarías existentes no GALP, que unha vez recompilado e estruturado pode supoñer unha base de coñecemento de grande valor para novas incorporacións á actividade.

## OPORTUNIDADES

- O desenvolvemento de actividades de rexeneración dos fondos mariños nas zonas de marisqueo conduciría á obtención de mariscos de maior calidade e, ao mesmo volume de capturas, unha maior rendibilidade.
- Posibilidade de actualizar contidos formativos vinculados ás ocupacións mariñeiras e ao marisqueo, que poidan servir de porta de entrada ao emprego para novas persoas emprendedoras.
- Posibilidade de abrir vías colaborativas de especial interese cos centros formativos de educación superior do territorio.
- As iniciativas desenvolvidas a nivel institucional no desenvolvemento de programas de insercións da mocidade ao mercado laboral, tales como o Sistema de Garantía Xuvenil.
- Papel dinamizador da Fundación da Universidade da Coruña como axente de referencia no desenvolvemento de actuacións de inserción laboral e iniciativas de bolseiros.
- O Campus do Mar como referente no ámbito do coñecemento no medio mariño.
- O importante pulo que está a experimentar a ruta do Camiño Inglés nos últimos anos supón un escaparate de primeira orde para a atracción e fidelización de clientes do turismo mariñeiro.
- A través da implicación das tres universidades galegas, en especial pola súa proximidade á da Coruña, supón unha oportunidade para o xurdimento de proxectos de innovación e spin-offs que poidan instalarse no territorio con produtos e servizos de valor engadido vinculados á actividade mariñeira.
- Posibilidade de desenvolver toda unha nova gama de servizos e produtos arredor da economía pesqueira e mariñeira, nos ámbito dos produtos e servizos vinculados como a fabricación ou reparación de artes da pesca e o marisqueo.
- A existencia en Ferrol da Escola Náutico Pesqueira, dentro do territorio do GALP, supón unha oportunidade para potenciar a formación especializada para as actividades vinculadas co mar, especialmente co marisqueo.
- Utilizar as plataformas de apoio ao emprendemento para potenciar o coñecemento e a vinculación de novos negocios de hostalería e de turismo cos produtos do mar e do campo característicos da zona (pan de Neda, polbo de Mugardos, as ameixas da zona...).

#### 6.3.4 DAFO Turismo mariñeiro

##### DEBILIDADES

- Falta dunha figura coordinadora dos contidos turísticos a nivel GALP GAN, tanto a nivel institucional como privado.
- Necesidade de mellorar profesionalidade na atención da oferta hoteleira.
- Necesidade de impulsar novas alternativas hoteleiras vinculadas coa calidade turística e o turismo mariñeiro.
- Escasa atención á oferta turística fora da época estival.
- Escaso esforzo inversor na divulgación e promoción privada.
- Elevado descoñecemento, incluso no propio territorio do GALP GAN, dos recursos turísticos e de ocio cos que se contan.
- Repercusión dos focos de vertidos e falta de saneamento das rías como freo á atracción turística.
- Concentración da oferta hoteleira e de restauración nos concellos de Ferrol e Narón.

##### AMEAZAS

- Presión turística exercida por doutros territorios de Galicia, cunha oferta similar á do GALP GAN.
- Protagonismo doutros destinos similares nos que se está a investir en calidade turística e que teñen maior capacidade de atracción.

##### FORTALEZAS

- Espazo terrestre e mariño con excelente capacidade de integración como turismo activo.
- Capacidade de absorción para atender á demanda turística potencial.
- Recoñecemento nacional e internacional de múltiples actividades culturais e de ocio de alto valor engadido cunha grande atracción de público.
- Infraestrutura museística que se pode utilizar para afondar na unión entre a cultura mariñeira e a oferta destes espazos.
- Papel atraínte do Camiño Inglés ao longo dos concellos do GALP GAN.



- Valor da tradición mariñeira e dos contidos das confrarías para poder atraer poboación turística.
- Papel do Porto de Ferrol como punto de referencia no turismo de cruceiros.
- Riqueza das praias do territorio para atender á crecente demanda de deportes acuáticos, como actividade desestacionalizada e de alto valor hoteleiro e de ocio.
- Alta dispoñibilidade de portos e instalacións náuticas con moi bos servizos.
- Poder de atracción das festas culturais e gastronómicas que percorren o territorio do GALP GAN.
- Calidade dos produtos gastronómicos tanto das rías do GALP GAN como do interior dos concellos que o integran.

#### OPORTUNIDADES

- Papel dinamizador e de referencia da Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.
- Importantes liñas de financiamento e de apoio ás iniciativas turísticas por parte da propia Secretaría Xeral de Turismo.
- Iniciativas desenvolvidas a nivel institucional no desenvolvemento de programas de insercións da mocidade ao mercado laboral, tales como o Sistema de Garantía Xuvenil.
- Incremento sostido do volume de visitantes que se achegan a Galicia.
- Incremento continuado no volume de peregrinos dende o ano 2010, ano Xacobeo.
- Alta demanda de actividades de deportes acuáticos, con novas modalidades e para un amplo abano de público.
- Crecemento do turismo activo e non masivo, no que se busca novas vivencias máis aló do turismo estival.
- Amplo espazo para a oferta hoteleira e de restauración centrada na calidade contrastada.

### 6.3.5 DAFO agregado do GALP GAN

SECTOR DO MAR				
DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES	NECESIDADES
<p>1. Polo xeral, se conta cunha composición das Confrarías que vai esixir no curto prazo un proceso de relevo xeracional.</p> <p>2. Insuficiente nivel medio de ingresos por membro de confraría para poder manter a actividade como fonte única de sostibilidade económica.</p> <p>3. Minoración nos últimos anos da produción, o que supón tamén un risco importante de sostibilidade económica.</p> <p>4. Escasas actuacións de formación para as persoas participantes nas confrarías en materia de comercialización, tecnoloxías da información e xestión,</p>	<p>1. Escaso impacto que as medidas disuasorias do mesmo están a ter en apreciación das partes interesadas dentro do territorio do GALP GAN contra o furtivismo.</p> <p>2. A utilización da pesca deportiva, debido á súa regulación actual, utilizándose de xeito frecuente como vía para realizar a súa explotación comercial ilegal.</p>	<p>1. Evolución das cifras de vendas en termos monetarios do conxunto das confrarías.</p> <p>2. Crecente interese das confrarías por aumentar o valor dos seus recursos, incidindo na rendibilidade do seu patrimonio e da comercialización do produto.</p> <p>3. Afán innovador das confrarías en materia de sostibilidade medio ambiental.</p> <p>4. Ecosistemas mariños e costeiros con grande capacidade de rexeneración o que permite abrir novas canles para a acuicultura, o turismo e o emprego.</p>	<p>1. Posibilidade de pór en marcha proxectos conxuntos de dinamización comercial e de depuración de marisco, apoiándose na marca de pesca de rías.</p> <p>2. O papel que pode chegar a ter a colaboración co sistema universitario galego, a través do Campus Mar ou das distintas facultades da UDC ou da USC.</p> <p>3. Presenza no territorio de Centros de Formación Profesional con estudos moi vinculados cos obxectivos de desenvolvemento dos GALP.</p> <p>4. Importante crecemento das actividades turísticas e de ocio complementarias á</p>	<p>1. Impulsar accións de relevo xeracional entre a poboación moza do territorio.</p> <p>2. Buscar novas vías de desenvolvemento profesional alternativas no turismo mariñeiro.</p> <p>3. Impulsar a formación como fórmula dinamizadora para o aumento de valor do sector, incidindo en coñecementos de xestión e comercialización.</p> <p>4. Incidir na sostibilidade medioambiental do territorio, potenciando a súa protección e estudo científico.</p> <p>5. Incidir na difusión e presenza no mercado co recoñecemento do produto a través da</p>

SECTOR DO MAR				
DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES	NECESIDADES
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
Fomentar a protección dos valores naturais de xeito compatible co desenvolvemento das actividades económicas		3.2.1.3	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono			
3.2. Mantemento e mellora do medio natural			
3.2.1. Coidado do medio natural e mariño			
DESCRINCIÓN DA MEDIDA			
Fomentar proxectos destinados á conservación e recuperación dos valores naturais nos contornos dos espazos mariños produtivos, así como aqueles destinados a promover entre os profesionais do sector formas de traballar sostibles que permitan compatibilizar o desenvolvemento da actividade económica co mantemento e protección dos valores naturais			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de recuperación/restauración realizados			
Nº de proxectos realizados en cooperación co sector			
Nº de accións para a promoción e a utilización de formas de traballo sostibles			
Nº de profesionais alcanzados (por xénero)			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
92.149,05			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE			
TÍTULO		MEDIDA	
Promover a identificación de riscos para o medio natural e mariño e a definición e implantación de plans de prevención ou mitigación destes, con especial atención ás especies invasoras no referente a flora e fauna		3.2.1.4	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono			
3.2. Mantemento e mellora do medio natural			
3.2.1. Coidado do medio natural e mariño			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Potenciar a realización de proxectos de identificación de riscos para o medio mariño e natural que contemplen propostas de medidas preventivas, así como proxectos para a erradicación ou minoración destes riscos, dando especial relevancia á loita contra as especies invasoras (flora e fauna) e á limpeza de plásticos e derivados			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de riscos identificados			
Nº de medidas preventivas propostas			
Nº de proxectos de erradicación ou minoración de riscos			
Nº de entidades participantes			
Nº de proxectos realizados de xeito cooperativo			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
Apoiar a realización de obradoiros prácticos e participativos en relación á construción sostible e a súa aplicabilidade en relación ás infraestruturas produtivas do sector do mar		3.3.1.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono			
3.3. Potenciar o desenvolvemento de elementos patrimoniais e infraestruturas produtivas sostibles			
3.3.1. Difusión dos principios, vantaxes e estado da arte no eido da construción sostible dirixido a empresas do sector e confrarías de pescadores da zona			
DESCRIPCIÓN DA MEDIDA			
Fomentar a realización de accións de formación e concienciación entre os profesionais do sector sobre de técnicas de construción sostible, novidades e tendencias nesta materia, coa finalidade de promover o coñecemento e uso das mesmas na construción ou reforma das súas instalacións produtivas			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de accións de difusión realizadas			
Nº de entidades alcanzadas			
Nº de persoas participantes (por xénero)			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
36.859,62			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE			
TÍTULO		MEDIDA	
Potenciar o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación destinados ao aproveitamento de subprodutos ou refugallos da actividade pesqueira e marisqueira para a construción sostible		3.3.1.2	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono			
3.3. Potenciar o desenvolvemento de elementos patrimoniais e infraestruturas produtivas sostibles			
3.3.1. Difusión dos principios, vantaxes e estado da arte no eido da construción sostible dirixido a empresas do sector e confrarías de pescadores da zona			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Potenciar proxectos en réxime de cooperación con grupos de investigación e/ou centros tecnolóxicos para o identificar novos aproveitamentos para subprodutos ou refugallos da actividade pesqueira e marisqueira como materiais para a construción sostible			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos realizados			
Nº de entidades participantes			
Nº de resultados protexidos			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
92.149,05			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
Apoiar a execución de proxectos singulares que poidan ser pioneiros e de referencia no ámbito da construción sostible, e que sexan susceptibles de converterse en iniciativas empresariais		3.3.2.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono			
3.3. Potenciar o desenvolvemento de elementos patrimoniais e infraestruturas produtivas sostibles			
3.3.2. Promover a execución de elementos e infraestruturas vinculadas ás actividades do mar que resulten singulares ou pioneiras na aplicación de criterios de sostibilidade			
DESCRIPCIÓN DA MEDIDA			
Apoiar proxectos de construción ou reforma de instalacións produtivas no sector do mar que sexan innovadores, singulares ou pioneiros no eido da construción sostible, que poidan supoñer un reto e un estímulo para a adopción destas técnicas amosando na práctica a súa viabilidade, e que á súa vez poidan converterse en elementos de atracción dun novo tipo de turismo			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de construción realizados			
Nº de proxectos emprendedores realizados			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
92.149,05			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE			
TÍTULO		MEDIDA	
Apoiar o desenvolvemento de proxectos sostibles de catalogación do patrimonio mariño do territorio de xeito ordenado, baixo criterios de rigor científico contrastables		4.1.1.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.1. Posta en valor do patrimonio mariño			
4.1.1. Potenciar de xeito activo a catalogación e recuperación do patrimonio mariño relevante do territorio do GALP Golfo Ártabro Norte			
DESCRIZACIÓN DA MEDIDA			
Promover proxectos que, baixo criterios de rigor e con metodoloxías unificadas e contrastadas, procuren de xeito harmonizado a identificación e catalogación do patrimonio mariño existente no territorio do GALP, con soporte nas novas tecnoloxías para facilitar o tratamento e manexo da información recompilada, así como a súa posterior posta a disposición da sociedade, potenciando a participación da cidadanía no enriquecemento da información a través destas vías telemáticas			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARIÁS DE PESCADORES		SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de catalogación baixo metodoloxía unificada			
Nº de entidades participantes			
Nº de bens catalogados e publicados			
Nº de visitas (páxinas web)			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
Favorecer as accións tendentes ao tratamento da información sobre o medio mariño para a súa presentación a colectivos específicos, potenciando o acceso multicanle conforme ás características do público obxectivo		4.1.2.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.1. Posta en valor do patrimonio mariño			
4.1.2. Favorecer o acceso da sociedade á información sobre o patrimonio mariño para a súa posta en valor			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Fomentar proxectos que teñan por obxecto o tratamento e presentación da información sobre o patrimonio mariño recompilada a través dos proxecto de catalogación para presentala a colectivos específicos, conforme ás capacidades e características destes (escolares, afeccionados, turistas, estudosos, poboación en xeral...) empregando en cada caso os soportes e os medios máis axeitados en función do público obxectivo, e promovendo nos casos en que resulte posible o acceso a través de ferramentas de software libre			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de adaptación do inventario de recursos mariños			
Nº de entidades participantes			
Nº de visitas (páxinas web)			
Nº de eventos realizados			
Nº de persoas alcanzadas			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			



MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE			
TÍTULO		MEDIDA	
Favorecer o aproveitamento sostible e responsable do medio mariño como elemento de valor que complementa á oferta turística da zona		4.1.2.2	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.1. Posta en valor do patrimonio mariñeiro			
4.1.2. Favorecer o acceso da sociedade á información sobre o patrimonio mariñeiro para a súa posta en valor			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Impulsar accións para a difusión e posta a disposición do sector turístico e os seus clientes da información relacionada co patrimonio mariñeiro do territorio do GALP, así como das condicións e normas para o seu aproveitamento responsable e sostible, de forma que se converta de xeito efectivo nun apoio aos restantes recursos turísticos dispoñibles na zona e se favoreza o seu aproveitamento de xeito sostible			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de accións de difusión realizadas			
Nº de empresas/entidades alcanzadas			
Nº de materiais promocionais distribuídos para turistas			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
Apoiar o desenvolvemento de proxectos de recuperación da memoria mariñeira (toponimia, fala, tradicións, lendas populares...) no territorio de xeito ordenado e planificado, fomentando a participación de toda a comunidade de xeito presencial ou mediante as TIC		4.2.1.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.2. Recompilación da memoria mariñeira			
4.2.1. Potenciar a recompilación e catalogación da memoria mariñeira no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
<p>Promover proxectos que, baixo criterios de rigor e con metodoloxías unificadas e contrastadas, procuren de xeito harmonizado a recuperación da memoria mariñeira identificación e catalogando o patrimonio inmaterial existente no territorio do GALP en relación á cultura mariñeira, con soporte nas novas tecnoloxías para facilitar o tratamento e manexo da información recompilada, así como a súa posterior posta a disposición da sociedade, potenciando a participación da cidadanía no enriquecemento da información a través destas vías telemáticas</p>			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de catalogación baixo metodoloxía unificada			
Nº de entidades participantes			
Nº de entradas catalogadas e publicadas			
Nº de visitas (páxinas web)			
Nº de empresas creadas			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
4.2.2.1. Favorecer as accións tendentes ao tratamento da información sobre a memoria mariñeira para a súa presentación a colectivos específicos, potenciando o acceso multicanle conforme ás características do público obxectivo		4.2.2.1	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.2. Recompilación da memoria mariñeira			
4.2.2. Difundir de xeito activo entre a toda a comunidade esta información, con especial atención ás novas xeracións			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Fomentar proxectos que teñan por obxecto o tratamento e presentación da información sobre a memoria mariñeira recompilada a través dos proxecto de catalogación para presentala a colectivos específicos, conforme ás capacidades e características destes (escolares, afeccionados, turistas, estudosos, poboación en xeral...) empregando en cada caso os soportes e os medios máis axeitados en función do público obxectivo, e promovendo nos casos en que resulte posible o acceso a través de ferramentas de software libre			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de proxectos de adaptación do inventario da memoria mariñeira			
Nº de entidades participantes			
Nº de visitas (páxinas web)			
Nº de eventos realizados			
Nº de persoas alcanzadas			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

MEDIDAS DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

TÍTULO		MEDIDA	
4.2.2.2 Favorecer o aproveitamento da memoria mariñeira como elemento de valor que complementan á oferta turística da zona		4.2.2.2	
DEPENDENCIA DOS OBXECTIVOS			
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras			
4.2. Recopilación da memoria mariñeira			
4.2.2. Difundir de xeito activo entre a toda a comunidade esta información, con especial atención ás novas xeracións			
DESCRICIÓN DA MEDIDA			
Impulsar accións para a difusión e posta a disposición do sector turístico e os seus clientes da información relacionada coa memoria mariñeira do territorio do GALP, de forma que se converta de xeito efectivo nun apoio aos restantes recursos turísticos dispoñibles na zona e se favoreza a súa posta en valor			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
CONFRARÍAS DE PESCADORES	X	SECTOR DO MAR	X
SECTOR ECONÓMICO	X	SECTOR ASOCIATIVO	X
SECTOR PÚBLICO	X	SECTOR TURÍSTICO	X
RESULTADOS PREVISTOS			
Nº de accións de difusión realizadas			
Nº de empresas/entidades alcanzadas			
Nº de materiais promocionais distribuídos para turistas			
RANGO DE INTENSIDADE DA AXUDA			
Proxectos produtivos	Máx. 60%	Proxectos non produtivos	Máx. 100%
ORZAMENTO ESTIMADO PARA A SÚA EXECUCIÓN PERÍODO 2014-2020			
46.074,53			

## 8.7 Carácter integrado e multisectorial da estratexia

Tal e como se pode observar nos apartados anteriores o carácter integrador e multisectorial da EDLP Golfo Ártabro Norte está argumentado, toda vez que se atende ao conxunto da cadea de valor e á interrelación do sector do mar co conxunto de sectores económicos, culturais, sociais e medioambientais do territorio.

Neste sentido:

- A EDLP Golfo Ártabro Norte atende á necesidade de impulsar retos innovadores no ámbito do sector do mar, dende a mellora da súa cualificación, a optimización das súas instalacións e equipamentos na busca da eficiencia enerxética e sostibilidade, ata a correspondente comercialización, posta en valor do produto final e, na medida das posibilidades de aproveitamento dos descartes como liña de subprodutos que permitan atopar novas liñas de actuación, así como o fomento para a busca de novas liñas de produto con maiores procesos de elaboración, tendendo a un incremento adicional de valor da produción.
- A EDLP Golfo Ártabro Norte atende tamén a unha esixencia de cooperar e colaborar dende o sector do mar co resto de axentes económicos do territorio, dende a educación e a I+D+i ata o turismo, pasando polo ámbito tecnolóxico como dinamizador de especial relevancia para impulsar a modernización no referido sector.
- A EDLP Golfo Ártabro Norte incide tamén dun xeito claro e decidido na necesidade de impulsar a recuperación da tradición mariñeira, manter o coñecemento das persoas que van deixando a actividade e fomentar a colaboración coas institucións e centros culturais para ter presente o mar dentro do territorio.
- Dende o momento en que é preciso buscar alternativas rexenerativas para impulsar o crecemento económico e a creación de oportunidades laborais, tanto no mar como en actividades relacionadas, a vinculación da EDLP Golfo Ártabro Norte é obvia, posto que ademais marca un fito moi importante na necesidade de impulsar a relación coas institucións educativas, coas entidades públicas na busca da colaboración público - privada como factor esencial de crecemento e atención aos compromisos da colectividade en xeral e coa mocidade, coas mulleres como sexo subrepresentado e coas persoas con discapacidade en particular.
- E ademais, dados os especiais recursos naturais e patrimoniais cos que conta o GALP GAN, a EDLP Golfo Ártabro Norte márcase claramente o compromiso pola conservación medioambiental, a monitorización do cambio climático no seu territorio, a posta en marcha de iniciativas que integren o aproveitamento económico coa sostibilidade do entorno natural, asumindo o seu papel como un factor económico moi necesario dentro dos seus límites co que pode lograrse un crecemento sostible. Por suposto, tamén incide na divulgación, sensibilización e, sobre todo, educación da poboación interior como fórmula a ter moi presente para lograr facer do medio ambiente un factor esencial no seu desenvolvemento futuro.

En definitiva, tal e como se ten observado no proceso participativo e queda reflectido na misión do GALP GAN, é preciso asumir o rol do sector do mar como axente dinamizador e

aglutinador da sociedade do seu territorio, liderando a posta en marcha dun crecemento mirando ao mar (como crecemento azul decidido), no que a súa sociedade en xeral e os colectivos involucrados en particular, poidan ver un aliado de máximo interese.

## 8.8 Carácter innovador da estratexia

Dentro esta EDLP, o GALP GAN quixo en todo momento centrar as súas expectativas en dous conceptos moi claros:

O asentamento da estratexia nun marco de realidade e de asunción dos retos que se teñen por diante, sendo preciso neste sentido, seguir afondando no enraizamento do GALP dentro da sociedade (sen esquecer que esta asociación é de nova creación e que en si será un reto de máximo nivel), sumando esforzos e compromisos, ao tempo que vai facendo realidade os ditos fitos establecidos nesta estratexia.

Pero sobre todo, e é aquí o carácter innovador, na busca de traballo en rede cos principais axentes do territorio ou próximos a el que permitan abrir novos horizontes e asumir novos retos:

- Emprego e o emprendemento vinculados ao mar: A través de diversas iniciativas a desenvolver coas comunidades educativas, de bolsas e fomento de proxectos colaborativos que permita á mocidade adquirir a experiencia e recoñecer as posibilidades de desenvolver o seu proxecto profesional ("á veira do mar") e de axudarlles a pór en marcha os seus proxectos emprendedores.
- Abrir novas canles na mellora da cadea de valor, coa busca continua na xeración de novos produtos no sector do mar, no aproveitamento de descartes do marisqueo como fórmula constante de innovación e de busca de novos produtos, na busca da cooperación entre confrarías para acadar a dimensión necesaria para chegar dun xeito máis sólido ao mercado e no compromiso claro tamén na adquisición de novos coñecementos a través de distintos ámbitos formativos e de intercambio de experiencias co mundo da investigación académica.
- Incidindo na busca de sinerxias entre os axentes que xa están asentados no territorio para abrir novas canles e produtos turísticos que beneficien ao seu conxunto, buscando a posta en común de recursos, coñecementos, medios e contidos, complementando as iniciativas e creando novos retos para a atracción dunha maior cantidade de visitantes.
- Evidentemente, o papel do medio ambiente no desenvolvemento da EDLP Golfo Ártabro Norte tamén será especialmente innovador, estando especialmente interesados na busca de novas fórmulas para incidir no coñecemento do medio ambiente, na súa protección, divulgación e sensibilización así como na súa posta en valor. Sen lugar a dúbidas, neste sentido o factor innovador ven dado tamén por ser o único, o un dos poucos, que conta dentro do seu territorio cunha reserva da biosfera e cun catálogo de zonas LIC e Rede Natura tan extenso, e onde o medio mariño se integra dun xeito tan claro co contorno natural mar a dentro, buscando tamén a busca de sinerxias e de optimización de resultados cos axentes que xa están a desenvolver actuacións neste sentido.

- E por suposto, de xeito transversal, o factor innovador tamén haberase de asentarse na busca da colaboración constante, periódica, metódica e programática entre técnicos e especialistas de referencia e o GALP GAN en aqueles aspectos que, sendo piares para o desenvolvemento da estratexia (por exemplo: medio ambiente, innovación, educación, emprendemento, turismo, ...), permita ao propio GALP abrir os ollos dun xeito máis rápido e certo cara proxectos, iniciativas, ferramentas e instrumentos que, non estando no territorio ou non sexan coñecidos, poidan ser de máxima utilidade para o desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos aquí marcados.

Por outra banda, esta innovación, tal e como se ten posto en común dentro dos grupos de traballo e de definición da estratexia participativa, terá que asentarse asumindo o GALP GAN o liderado, asumindo e apoiando proxectos de máximo valor e buscando en todo momento a integración, o equilibrio e a colaboración do conxunto de axentes do territorio.

### 8.9 Contribución da estratexia á creación de emprego

Sen lugar a dúbidas, a xeración de emprego, o fomento da igualdade de oportunidades e a busca de alternativas laborais para a mocidade son tamén factores esenciais en todas e cada unha das medidas a pór en marcha ao longo do presente EDLP Golfo Ártabro Norte.

Así, revisando o estudo da situación actual pódese ver que tanto no sector do mar como no ámbito do mercado laboral a subrepresentación feminina é un dos factores que se ven máis claramente en materia de emprego. Do mesmo xeito, tanto a nivel poboacional como especificamente no caso do emprego, a mocidade está nunha situación claramente de alto risco o que sumando ao envellecemento da poboación e a perda de habitantes que se trasladan a vivir a outros territorios é preciso, polo tanto, asumir o desenvolvemento dunha estratexia que acompañe a estes colectivos con aquelas iniciativas que:

- Incidan na creación de emprego no que se vexan favorecidos estes colectivos.
- Fomenten a creación ou a posta en marcha de iniciativas emprendedoras lideradas por mulleres e / ou pola mocidade.
- Participen dun xeito activo tanto na formación como nas actividades desenvolvidas dende o propio GALP GAN na súa labor de dinamización do territorio, tendo moi presentes estes colectivos como público especialmente obxectivo.
- Atenda a buscar en todo momento de vías que incidan no desenvolvemento laboral destes dous colectivos, sendo prioritarios na posta en marcha de bolsas ou de actividades de prácticas laborais e non laborais.

### 8.10 Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación

Ao marxe evidente do establecido na normativa que impulsa a igualdade entre homes e mulleres (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), tal e como se comentaba no punto anterior, dende o deseño desta EDLP, o GALP GAN ten moi clara a necesidade de impulsar a igualdade de oportunidades, tanto a nivel de participación como a nivel de fomento do emprego, como fórmulas principais para que o recoñecemento da dita igualdade se poida ir conseguindo co compromiso de todos os axentes

involucrados.

Dende ese punto de vista, tanto nas medidas desenvolvidas dende o GALP GAN, como naquelas outras que sexan desenvolvidas por axentes involucrados directa ou directamente ao mesmo, promoverase e difundirase o papel das mulleres como factor clave no desenvolvemento do propio GALP, cunha utilización dunha linguaxe non sexista, ao tempo que se promoverán con maior vontade aqueles proxectos:

- Liderados por mulleres
- Nos que participen maioritariamente mulleres
- Nos que se destaque o papel feminino como fórmula para o seu impulso
- Nos que a muller conte cun papel especialmente importante ou clave no seu desenvolvemento (talento en feminino)
- Nos que se busque o impulso do protagonismo das mulleres no ámbito económico, social e cultural
- E, por suposto, nos que as mulleres reciban un trato igualitario en relación co conxunto de aspectos laborais (salarios, xornada, competencias, funcións, ...)

#### 8.11 Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

384

Se algún aspecto queda claro ao longo do presenta EDLP Golfo Ártabro Norte é o máximo compromiso da asociación cara o fomento dunha estratexia no que o principio de desenvolvemento sostible sexa prioritario.

Así tense posto claramente de manifesto coa presentación e coa diferenciación do territorio do GALP GAN en clave medio ambiental, tanto no diagnóstico como no deseño da propia estratexia.

Aínda máis, se cabe, entendendo que a principal actividade do mar que se realiza no GALP GAN está vinculada ao marisqueo, no que a integración e simbiose co medio ambiente está moi presente e no que se manifesta claramente a necesidade de buscar o máximo equilibrio entre a explotación marisqueira e a sostibilidade, fomentando ademais actividades que, dun xeito claro e decidido impulsen:

- Un maior coñecemento das consecuencias do cambio climático no territorio do GALP GAN
- A posta en marcha de medidas mitigadoras ou redutoras do cambio climático
- Permita coñecer o efecto das especies invasoras dentro do territorio
- O desenvolvemento da protección e coidado do medio natural mariño e costeiro
- A posta en valor da educación medio ambiental en equilibrio coa actividade económica



- A implantación de modelos de xestión, aproveitamento ou de recuperación que incidan no equilibrio medioambiental
- E axuden a fortalecer a concienciación e a vontade de conservación do medio natural mariño e costeiro.

### 8.12 Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona

Neste sentido, tamén se pon de manifesto dentro da EDLP Golfo Ártabro Norte a vontade de buscar as máximas sinerxias con outros axentes do territorio que permitan dinamizar e multiplicar os resultados definidos aquí, sempre dentro do máis estrito cumprimento das normas e condicións establecidas pola normativa de aplicación en cada caso.

Así, e dado o carácter eminentemente rural do territorio, dende o primeiro momento buscou a colaboración e a sinerxia cos axentes de desenvolvemento rural, en especial cos Grupos de Desenvolvemento Rural, entidades moi dinámicas e centradas na dinamización do territorio e con moitas sinerxias co GALP GAN.

Ademais, buscaranse activamente vías de colaboración que permitan abrir novas vías de mantemento e viabilidade da organización do GALP GAN, de cara a potenciar a súa presenza no ámbito territorial que lle é propio, incidindo de xeito decidido na consecución dos obxectivos estratéxicos aquí marcados.

### 8.13 Redes

Para pechar este punto, mencionar que é obvio o interese do GALP GAN en abordar os máis amplos e extensos procesos de colaboración en rede, sempre que o interese e o beneficio para a EDLP Golfo Ártabro Norte se poida pór de manifesto.

Queda claro ademais no propia EDLP Golfo Ártabro Norte a vontade de aunar esforzos cos distintos axentes do territorio, como protagonistas esenciais no desenvolvemento estratéxico, fomentando os puntos de encontro e a posta en común de iniciativas e oportunidades de abordar unha cohesión máis patente e latente do territorio.

Ademais, a presenza de axentes de especial interese no ámbito público, educativo, cultural, social e medio ambiental fai máis que imprescindible abordar unha política estratéxica baseada no traballo en rede.

Un exemplo o constata a vontade de estreitar a colaboración coa Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas - Betanzos”, entidade responsable de atender á xestión da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, como fórmula que abra novas posibilidades de desenvolvemento sostible e permita o seu espallamento a través do conxunto do territorio do GALP GAN.

Por outra banda, nun segundo nivel, esta busca promoverase tamén fora do propio territorio do GALP GAN, incidindo e incluso liderando a colaboración a nivel provincial con outros grupos de acción local e grupos de desenvolvemento rural limítrofes, como pode ser o caso do GALP Golfo Ártabro Sur cando aborde a súa constitución e posta en marcha, como con outros grupos de acción local de Galicia.

De xeito paralelo, incidírase na promoción e fomento do traballo en rede sen limitación de territorios dentro da Unión Europea, buscando en todo momento colaboracións que acheguen ao territorio factores relevantes para pór en marcha, incidindo na busca de boas prácticas e na adaptación de modelos de éxito.

Por outra banda, como xa está a suceder coa posta en marcha do proceso participativo moderador do presente plan estratéxico, dentro do GALP GAN téñense impulsado xa a creación de diversas redes que iranse consolidando e potenciando ao longo dos vindeiros anos.

Por último, e como remarque complementario co conxunto da filosofía de traballo que quere impulsarse dentro o GALP GAN, e que xa se ten reflectido no deseño do seu propia EDLP, potenciaranse aqueles proxectos en rede que:

- Se poñan en marcha de xeito colaborativo entre dous ou máis axentes do territorio e que afecte a un ámbito territorial maior a dun só concello.
- Nos que o axente executor do proxecto se acompañe, dentro da súa cadea de valor, por outras entidades ou axentes do territorio cun efecto claramente beneficioso para aquel.
- Inclúan actividades, tarefas ou encontros nos que se poida visualizar, de xeito consensuado, os efectos beneficiosos do traballo en rede.
- E nos que se faga unha difusión e promoción dos factores aceleradores ou multiplicadores que podería supoñer incorporar ao proxecto algún tipo de socio tecnolóxico.

## 9 PLAN DE FINANCIAMENTO

### 9.1 Distribución global de orzamento

A distribución do orzamento total co que conta o GALP GAN para o conxunto do período, atendendo á distribución entre custos de explotación e animación e o programa de axudas, é o seguinte:

DISTRUBUCIÓN GLOBAL DO ORZAMENTO 2014-2020 GALP GAN						
CONCEPTOS	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Total
Custos de Funcionamento (20%)	245.730,80	245.730,80	245.730,80	245.730,80	245.730,81	1.228.654,01
Custos de Animación (5%)	61.432,70	61.432,70	61.432,70	61.432,70	61.432,71	307.163,51
Custos de explotación e animación	307.163,50	307.163,50	307.163,50	307.163,50	307.163,52	1.535.817,52
Eixo 1. Programa Sector do mar (30%)	368.596,21	368.596,21	368.596,21	368.596,21	368.596,21	1.842.981,05
Eixo 2. Programa Patrimonio medio ambiental e cultural (15%)	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	921.490,50
Eixo 3. Programa Emprego e emprendemento (15%)	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	921.490,50
Eixo 4. Programa Turismo mariñeiro (15%)	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	184.298,10	921.490,50
Custos totais de aplicación da EDLP (programa axudas)	921.490,51	921.490,51	921.490,51	921.490,50	921.490,51	4.607.452,54
Custos totais	1.228.654,01	1.228.654,01	1.228.654,01	1.228.654,00	1.228.654,03	6.143.270,06

Por outra banda, o desglose do orzamento total do GALP GAN para o conxunto do período, atendendo á distribución entre custes de explotación e animación e programa de axudas e por anualidade, é o seguinte:

DISTRIBUCIÓN GLOBAL DO ORZAMENTO 2014-2020 GALP GAN POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E TIPOS DE CUSTES

CONCEPTOS		Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Total	
PROGRAMA DE AXUDAS GALP GAN	Obxectivo 1: Mellora da competitividade do sector pesqueiro	Produtivos (mín. 65%)	280.317,41	280.317,41	280.317,41	280.317,41	280.317,41	1.401.587,06
		Non produtivos (máx. 35%)	150.940,14	150.940,14	150.940,14	150.940,14	150.940,14	754.700,72
	Obxectivo 2: Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	Produtivos (mín. 65%)	182.086,53	182.086,53	182.086,53	182.086,53	182.086,53	910.432,63
		Non produtivos (máx. 35%)	98.046,59	98.046,59	98.046,59	98.046,59	98.046,59	490.232,95
	Obxectivo 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental	Produtivos (mín. 65%)	100.626,76	100.626,76	100.626,76	100.626,76	100.626,76	503.133,82
		Non produtivos (máx. 35%)	54.183,64	54.183,64	54.183,64	54.183,64	54.183,64	270.918,21
	Obxectivo 4: Fomento do benestar social e do patrimonio cultural	Produtivos (mín. 65%)	35.938,13	35.938,13	35.938,13	35.938,13	35.938,13	179.690,65
		Non produtivos (máx. 35%)	19.351,30	19.351,30	19.351,30	19.351,30	19.351,30	96.756,50
	Custos totais de aplicación da EDLP (Total programa axudas)	Produtivos (mín. 65%)	598.968,83	598.968,83	598.968,83	598.968,83	598.968,83	2.994.844,16
		Non produtivos (máx. 35%)	322.521,68	322.521,68	322.521,68	322.521,68	322.521,68	1.612.608,38
		<b>Total programa axudas</b>	<b>921.490,51</b>	<b>921.490,51</b>	<b>921.490,51</b>	<b>921.490,51</b>	<b>921.490,51</b>	<b>4.607.452,54</b>
	CUSTOS DE XESTIÓN	Custos de Funcionamento (20%)	245.730,80	245.730,80	245.730,80	245.730,80	245.730,81	1.228.654,01
Custos de Animación (5%)		61.432,70	61.432,70	61.432,70	61.432,70	61.432,71	307.163,51	
<b>Total custos explotación e animación (25%)</b>		<b>307.163,50</b>	<b>307.163,50</b>	<b>307.163,50</b>	<b>307.163,50</b>	<b>307.163,52</b>	<b>1.535.817,52</b>	
<b>TOTAL FINANCIAMENTO FEMP</b>		<b>1.228.654,01</b>	<b>1.228.654,01</b>	<b>1.228.654,01</b>	<b>1.228.654,01</b>	<b>1.228.654,03</b>	<b>6.143.270,06</b>	

## 9.2 Plan de financiamento do plan de acción

Para obter outra perspectiva máis detallada da distribución do orzamento fixado para o programa de axudas, a continuación reflíctese a táboa co dito orzamento asignado a cada obxectivo estratéxico e obxectivo específico.

### DISTRIBUCIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO TOTAL POR TIPO DE PROXECTO E POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E ESPECÍFICOS

Obxectivo	Produtivos	Non produtivos	Financiamento Total
Obxectivo estratéxico 1. Mellora da competitividade do sector pesqueiro	1.401.587,06	754.700,72	2.156.287,78
Obxectivo estratéxico 2 Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local	910.432,63	490.232,95	1.400.665,58
Obxectivo estratéxico 3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras	503.133,82	270.918,21	774.052,03
Obxectivo estratéxico 4 Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras	179.690,65	96.756,50	276.447,15
<b>Suma por obxectivos estratéxicos programa de axudas</b>	<b>2.994.844,16</b>	<b>1.612.608,38</b>	<b>4.607.452,54</b>
<b>Suma por obxectivos estratéxicos</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>4.607.452,54</b>
Obxectivo específico 1.1 Mellora da competitividade do sector pesqueiro	922.412,00	496.683,38	1.419.095,38
Obxectivo específico 1.2 Atracción do relevo xeracional para asegurar a continuidade da actividade pesqueira	191.670,03	103.206,94	294.876,97
Obxectivo específico 1.3 Potenciar a igualdade de oportunidades no acceso á actividade no mar	287.505,04	154.810,41	442.315,45
Obxectivo específico 2.1 Impulsar o turismo mariñeiro e relacionado co mar para convertelo nun novo motor económico de primeira magnitude no territorio	371.360,68	199.963,44	571.324,12
Obxectivo específico 2.2 Potenciar a profesionalización do sector turístico e a integración de oferta para mellorar a súa competitividade	227.608,16	122.558,24	350.166,40

## DISTRIBUCIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO TOTAL POR TIPO DE PROXECTO E POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E ESPECÍFICOS

Obxectivo	Productivos	Non productivos	Financiamento Total
Obxectivo específico 2.3 Fomentar as actividades asociadas a crecemento azul con potencial desenvolvemento no territorio	71.876,26	38.702,60	110.578,86
Obxectivo específico 2.4 Facilitar a implantación de iniciativas emprendedoras no territorio	239.587,53	129.008,67	368.596,20
Obxectivo específico 3.1 . Loita contra o cambio climático e os seus efectos	179.690,65	96.756,50	276.447,15
Obxectivo específico 3.2 Mantemento e mellora do medio natural	179.690,65	96.756,50	276.447,15
Obxectivo específico 3.3 Potenciar o desenvolvemento de elementos patrimoniais e infraestruturas produtivas sostibles	143.752,52	77.405,20	221.157,72
Obxectivo específico 4.1 Posta en valor do patrimonio mariñeiro	89.845,32	48.378,25	138.223,57
Obxectivo específico 4.2 Recompilación da memoria mariñeira	89.845,32	48.378,25	138.223,57
<b>Suma por obxectivos específicos Programa axudas</b>	<b>2.994.844,16</b>	<b>1.612.608,38</b>	<b>4.607.452,54</b>
<b>Suma por obxectivos específicos totais</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>4.607.452,54</b>

## 10 CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL

### 10.1 Experiencia das entidades asociadas

O GALP GAN é o único grupo de acción local de nova creación que se desenvolve dentro do territorio galego.

Pero aínda así, case no seu conxunto xa formaban parte do anterior Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro, coa excepción do Concello de Ferrol, concello que por outra parte conta con ampla experiencia en proxectos de dinamización territorial, do emprego e de desenvolvemento urbano e turístico de grande interese para o desenvolvemento do propio GALP GAN.

Por suposto, a experiencia e a capacidade técnica e humana do resto dos concellos está moi consolidado tamén no impulso, programación e seguimento de múltiples actividades vinculadas con medio ambiente e sostibilidade, co fomento e promoción do emprego e coa posta en marcha de diversas actividades no ámbito do turismo.

No caso das confrarías de pescadores do territorio contan con ampla experiencia a través da súa anterior participación no referido grupo de acción costeira. Así, teñen participado activamente na súa xunta directiva e na avaliación e seguimento dos proxectos desenvolvidos no seu seo, coñecendo a sistemática e a xestión de organizacións asociativas como é o caso que ocupa.

Ademais, dende a presidencia e a xunta directiva do GALP GAN se conta cunha ampla experiencia no ámbito asociativo do sector do mar, participando tanto na Federación Provincial de Confrarías de pescadores da Coruña como na Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

### 10.2 Espazos de traballo, dotación e equipamentos

O GALP GAN ten a súa sede na Casa do Pescador da Confraría de Pescadores de Miño, un edificio que ten sido recuperado no último ano como espazo de referencia para dar a coñecer o mundo do mar no territorio do Golfo Ártabro e que conta cunhas instalacións divulgativas e formativas de especial interese para o futuro desenvolvemento do GALP GAN.

No segundo andar do dito edificio se atopa unha oficina e unha sala de reunións con mobiliario e coa conectividade a voz e a datos para que estea 100 % operativa para o momento da incorporación do persoal do Grupo de Acción Local, ao tempo que se conta con espazo amplo e adaptado xa para a celebración de reunións, actividades formativas e presentación de eventos e actos, con zonas modulares que permiten a súa división.

De feito, estas instalacións xa se teñen utilizado no proceso de participación para a elaboración do presente plan estratéxico.



Distribución do segundo andar da Casa do Pescador

Así, se pode utilizar o despacho para a xestión administrativa e de xerencia do GALP GAN e utilizar o espazo da sala 2 ou 1 para a actividade complementaria.

En canto ao equipamento tecnolóxico xa se ten incluído dentro do ámbito dos custos de xestión, como requirimentos esenciais para o desenvolvemento da actividade do persoal do GALP GAN.

### 10.3 Recursos Humanos

A asociación GALP GAN estima necesario que, para a posta en marcha da EDLP e seguimento do mesma ao longo do período 2014-2020, será preciso contar coa seguinte organización de recursos humanos:

#### Xerencia:

Dende este posto asumiranse, entre outras, as seguintes tarefas con dedicación exclusiva:

- Captar, motivar e asesorar a promotores de proxectos, especialmente con carácter previo á solicitude, avaliando a súa integración coa estratexia local participativa.
- Asumir a xestión de recursos na actividade diaria do GALP GAN.
- Validar e confirmar os proxectos inicialmente susceptibles de ser apoiados para a súa elevación aos órganos de goberno do GALP GAN.
- Coordinar e presenza no territorio para a difusión dos obxectivos estratéxicos e operativos do GALP GAN.



- Atender as tarefas de comunicación e divulgación do GALP GAN nos foros, eventos e actividades onde se considere oportuno.
- Potenciar o coñecemento do territorio, focalizando esforzos, axudar a identificar proxectos e motivar sinerxias colaborativas, de tal xeito que se poida aumentar a presenza do GALP GAN no territorio.
- Dirixir a divulgación e promoción do GALP GAN nos ámbitos acordados dende os seus órganos de goberno.
- Levar a cabo o impulso da EDLP buscando a xeración de rede colaborativa, tanto dentro do territorio como fóra do mesmo.
- Elaborar e asumir a presentación de resultados de seguimento (tanto económicos como operativos internos e de execución da EDLP) perante os órganos de goberno do GALP GAN sobre a execución da estratexia local participativa e o nivel de logros acadados, segundo o programa de revisión e seguimento previstos.
- Asumir a representatividade do GALP GAN na busca e atracción de investimentos no territorio, logrando aumentar a capacidade do Grupo para impulsar novas alternativas empresariais e de emprego para o territorio, atendendo en todo caso aos obxectivos estratéxicos e medidas a impulsar.
- Encargarse de motivar a máxima participación e representación tanto a nivel de cada municipio como a nivel do conxunto do GALP GAN, tendo sempre presente o factor de liderado que se ten que asumir dende o Grupo.
- Dirixir e validar os traballos, estudos técnicos, proxectos e demais actividades divulgativas e de calquera outra índole de visibilidade externa que dende o propio GALP GAN se poñan en marcha ao longo do desenvolvemento da súa EDLP.
- Asumir a comunicación, xustificación e representación operativa entre o GALP GAN e a Consellería do Mar, tanto a nivel de presentación de proxectos como do propio seguimento do Grupo.
- Velar polo óptimo funcionamento e dirección do GALP GAN, de cara a cumprir cos obxectivos marcados na estratexia local participativa e nos estatutos da propia asociación.
- E, en xeral, atender a aquelas tarefas que, dende os órganos de goberno do GALP GAN, se consideren oportunas.

A retribución elixible será de 28.000 euros ata un máximo de 35.000 euros anuais, a xornada completa.

O perfil fixado como mínimo para poder optar a este posto será:

- Titulación universitaria (preferentemente Licenciado ou Grao en Ciencias Económicas, Socioloxía, Empresariais, Dereito económico, Relacións Laborais ou similares)

- Poderase valorar a posesión de estudos de posgrao en aspectos de Fondos Europeos, Programas de Desenvolvemento Local, Xestión de empresas ou Xestión Medioambiental.
- Contar cunha experiencia mínima demostrable de cinco anos na xestión e dirección empresarial, xestión contabilidade ou de proxectos de desenvolvemento local, territorial, turístico ou de carácter estratéxico.
- Valorarase en relación á experiencia sinalada o posto ocupado, o total de orzamento xestionado, así como o número de proxectos.
- Valorarase o coñecemento de idiomas con titulación recoñecida, prioritariamente o inglés, puntuándose coñecementos adicionais noutros idiomas da Unión Europea alleos a España.
- Valoraranse tamén coñecementos avanzados en ofimática, redes sociais, espazos web, etc.

Ademais, dentro do proceso de selección haberase de incluír unha valoración das candidaturas a través de entrevista ou procesos de dinámicas de grupos que se estimen máis convenientes por parte do GALP GAN.

#### **Persoal Técnico (1) e administrativo (1):**

Para o desenvolvemento da actividade administrativa e técnica interna e de seguimento dos proxectos, será preciso contar cun posto de técnico administrativo e de técnico que asuman as seguintes funcións baixo a directa supervisión da Xerencia:

- Realizar a comprobación da documentación administrativa e técnica asociada aos proxectos presentados, incluíndo o cumprimento dos criterios de viabilidade económico financeira establecidos e os demais requirimentos de valoración.
- Asumir as tarefas de xestión administrativa e técnica da actividade propia do GALP GAN.
- Atención de consultas e peticións de información, tanto a nivel administrativo como técnico.
- Xestión e mantemento dos espazos web, con contidos informativos técnicos e administrativos que dende o GALP GAN se poñan en produción.
- Aquelas outras que dende a Xerencia se estimen necesarias.

O perfil fixado como mínimo para poder optar a este posto será:

- Titulación superior (Mínimo: FP grao medio) nas áreas de administración, finanzas e xestión empresarial.
- No caso do persoal técnico a titulación mínima será de licenciatura, graduado ou equivalente.

- Valorarase a posesión de cursos, traballos de fin de curso ou cursos de posgrao.
- Posesión dunha experiencia mínima de dous anos en postos similares, relacionados coa xestión contable e administrativa.
- Valorarase a experiencia en entidades públicas ou privadas de desenvolvemento local.
- Valorase coñecementos ou experiencia en xestión de proxectos ou actividades desenvolvidas coas administracións públicas.
- Valorarase o coñecemento de idiomas con titulación recoñecida, prioritariamente o inglés, puntuándose coñecementos adicionais noutros idiomas da Unión Europea alleos a España.
- Valoraranse tamén coñecementos avanzados en ofimática, redes sociais e espazos web.

A retribución elixible será de 19.000 euros, ata un máximo de 23.000 euros anuais a xornada completa para o persoal administrativo e de 23.000 euros, ata un máximo de 28.000 € anuais a xornada completa para o persoal técnico.

Por último, mencionar que o proceso de contratación do equipo humano será por convocatoria pública, atendendo a os principios básicos de publicidade, transparencia e libre concorrencia.

Do mesmo xeito, tal e como está asumida dende o propio GALP GAN a loita decidida respecto á discriminación por razóns de xénero e de idade, así como a procedencia do sector do mar dentro dos criterios de selección que se determinen no seu momento haberanse de incluír factores que permitan a igualdade de oportunidades.

Ademais, teranse en conta os requisitos e compromisos que deba asumir o GALP GAN en relación coa difusión, publicidade, prazos, procedemento e demais definidos na distinta normativa, acordos e demais lexislación que sexa de aplicación, elevando á Consellería do Mar os resultados dos procesos de selección realizados.

En calquera caso, atenderase a o seguinte organigrama:



(\*) Tal e como se ten comentado ao longo desta estratexia participativa, os grupos de expertos, aínda non formando da estrutura interna do GALP GAN si se detallan para observarse a súa dependencia orgánica (órganos de goberno) e operativa (da xerencia)

#### 10.4 Recursos técnicos

En canto a os recursos técnicos simplemente detallar que, a priori, se estiman conveniente os seguintes:

- 3 Equipos informáticos de sobremesa (a lo menos un portátil para que dende a Xerencia se poida utilizar para facer presentacións e facer o seguimento de reunións fóra das instalacións do GALP GAN)
- 2 Impresoras multifunción ou similar
- 1 dominio web con servizo de aloxamento do portal da entidade
- 1 portal web con zona interna para a xestión documental de xeito coordinado coa xunta directiva
- 1 escáner para a dixitalización da documentación rexistrada e xerada
- 3 mesa de traballo
- 3 cadeira de traballo
- 1 Cámara de vídeo e fotografía
- 1 equipo de megafonía portátil
- 1 canón proxector

## 10.5 Capacidade administrativa e financeira do Grupo

Por último debe entenderse que, dado que nestes momentos non se conta con persoal propio para o desenvolvemento da EDLP, resulta moi complicado incidir na capacidade administrativa e financeira do Grupo.

En calquera caso, e tal e como se ten comentado anteriormente, as entidades integrantes dos órganos executivos da Asociación Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte contan cunha elevada experiencia e saber facer adquiridos ao longo do desenvolvemento do Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro.

Ademais trátase de entidades (confrarías, concellos e entidades asociativas privadas) que contan xa con suficiente experiencia na xestión, administración e seguimento financeiro deste tipo de organizacións, coñecendo de primeira man as responsabilidades, obrigas, compromisos e esixencias na xestión de recursos públicos, asumindo tamén o papel de fixar e establecer pautas para asumir a actividade baixo os máis estritos criterios de transparencia, rigor e compromiso.

## 11 DISPOSICIÓN DE XESTIÓN DA EDLP

### 11.1 Xestión interna do GALP GAN

En relación con este punto de análise dos procedementos de traballo e toma de decisión en materia de xestión interna, atenderase principalmente ao establecido nos estatutos do GALP GAN vixentes en cada momento, con ampla base democrática e que lle permite rexerse polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna no marco da Constitución e, no resto do ordenamento xurídico, especialmente na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

En concreto, a xestión interna atenderá aos seguintes principios:

#### Adquisición e perda da condición de entidade asociada.

Tal e como se regula no artigo 6º dos estatutos do GALP GAN, a Asociación permite a integración nela de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do ámbito territorial correspondente.

Nese sentido, a representatividade, a nivel local ou territorial da zona, das asociacións dos diferentes sectores será avaliada pola Xunta Directiva co fin de evitar a participación de asociacións sectoriais que non sexan representativas no territorio, ben porque non teñan implantación na zona pesqueira do Golfo Ártabro Norte ou ben porque as entidades non posúan medios humanos, técnicos nin materiais que lles impidan desenvolver actividades de xeito permanente dentro da zona ou non estean activas.

A adquisición da condición de entidade asociada parte da vontade da mesma coa solicitude correspondente á Presidencia do GALP GAN, asinada pola persoa representante legal e mediante o acordo do órgano competente, manifestando o desexo de adhesión e de cumprir con todos os fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orde interna.

A Presidencia do GALP GAN dará traslado da petición á Xunta Directiva, quen deberá resolver a aceptación ou non dentro do prazo dun mes dende a data da solicitude.

En todo caso, buscarase a maior representatividade posible do sector pesqueiro, do sector social, económico e do propio sector público do territorio.

Por último, incidir tamén que poderán participar entidades de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal.

Por outra banda, a perda da condición de entidade asociada, tal e como recolle o artigo 7º dos seus estatutos poderá producirse por:

- Decisión voluntaria da entidade asociada presentada por escrito.
- Incumprimento das súas obrigas ou pola realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses do GALP GAN, previo expediente disciplinario.

- A extinción da personalidade xurídica, por perda de representatividade ou dos requirimentos necesarios para ter a condición de entidade asociada.
- Impago das cotas que se acorden pola Asemblea Xeral.

### Dereitos e obrigas das entidades asociadas.

En relación cos dereitos das entidades asociadas, faise reflexo do detallado no artigo 9º dos estatutos do GALP GAN:

- Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación e exercer o dereito a voto na Asemblea Xeral
- Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das comisións ou comités (grupos de traballo) que poidan crearse.
- Votar en asemblea, se procede, o balance do exercicio e o orzamento anual.
- Solicitar información sobre calquera aspecto sobre a marcha do GALP GAN que poida ser de interese para a súa entidade.
- Os demais dereitos que resulten das normas legais aplicables e dos Estatutos do GALP, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

Por outra banda, segundo o artigo 10 dos seus estatutos, son obrigas das entidades asociadas:

- Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- Asistir ás asembleas xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Ocupar os cargos para os que resulten elixidas e desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos devanditos cargos.
- Desembolsar as cotas, no seu caso, que acorde o órgano competente do GALP GAN.
- Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou as comisións ou comités que puidesen crearse.
- Cumprir os demais deberes que resultes dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

### Mecanismos de participación das entidades asociadas (principalmente mulleres e mocidade).

Neste sentido, os propios estatutos inciden na necesidade de reforzar o papel da muller, promovendo medidas que favorezan a integración da igualdade de xénero e a non discriminación, medida extensible na toda a súa aplicación á mocidade, dadas as especiais características observadas no territorio en relación co envellecemento poboacional e a perda

de poboación moza, centrándose principalmente en actividades formativas, de busca de emprego, de apoio ao emprendemento e tamén á súa participación social.

Ademais, se asume a necesidade de potenciar, dinamizar e articular fórmulas de participación que faciliten o desenvolvemento tanto social, como económico e medioambiental, buscando en todo momento que todas as entidades involucradas no futuro do GALP GAN (tanto asociadas como non asociadas) poidan achegar o seu valor e o seu punto de vista enriquecedor.

Nese sentido buscarase a máxima representatividade das entidades participantes:

- Nas comisións ou comités que estatutariamente se constitúan
- Nos grupos de traballo e xornadas de traballo en rede que se constitúan
- Na Xunta Directiva e na Asemblea Xeral a través dos espazos definidos para a participación asociativa
- E, por último, naqueles espazos de participación segundo se estableza no Sistema de Responsabilidade Social Corporativa a desenvolver.

### Asemblea xeral

Como órgano superior de goberno do GALP GAN, a asemblea xeral estará integrada por todas as entidades asociadas.

Estas, a través do seu representante, terán dereito a voto, tanto nas súas sesións ordinarias como extraordinarias.

A asemblea xeral ordinaria reunirse unha vez ao ano, dentro dos seis primeiros meses do ano, mentres que a asemblea xeral extraordinaria reunirse tantas veces sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante a correspondente convocatoria da Presidencia.

Así meso, a asemblea extraordinaria reunirse cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un mínimo do 10% das entidades asociadas, con expresión detallada das cuestión que deban integrar a orde do día da respectiva convocatoria.

Ademais, as reunións extraordinarias poderán ter a consideración de urxentes, cando así o aprecie a Presidencia do GALP GAN, en cuxo caso a convocatoria realizarase cunha antelación mínima de 72 horas, mentres que para o resto de reunións serán convocadas cun prazo mínimo de antelación de 15 días, sendo en todo caso comunicada por escrito con expresión detallada da orde do día.

Mencionar tamén que, tal e como definen os propios estatutos, a delegación de voto poderase exercer sempre noutra persoa representante do mesmo sector.

As funcións que lle son propias á Asemblea Xeral do GALP GAN, son:

- Examinar e aprobar, se procede, a conta xeral anual de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos para cada exercicio.



- Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro destas.
- Elixir aos integrantes da xunta directiva.
- Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago, así como as cotas extraordinarias.
- Adoptar a disposición, alleamento ou gravame dos bens do GALP GAN.
- Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- Aprobar a constitución dunha federación ou rede, ou a súa integración se xa existise.
- Aprobar a modificación dos estatutos.
- Acordar a disolución do GALP GAN.
- Designar as persoas que actúen como liquidadores.
- Ratificar a expulsión dos asociados proposta pola xunta directiva.
- Aprobar o regulamento de réxime interno do GALP GAN.

### Xunta Directiva

Este outro órgano executivo do GALP GAN é elixido e está constituído polas persoas elixidas na Asemblea Xeral correspondente, segundo o establecido no artigo 17 dos seus estatutos.

A constitúen un total de 13 persoas, nomeados pola Asemblea Xeral a proposta de cada unha das mesas sectoriais, segundo a seguinte representatividade:

- Seis representantes do sector pesqueiro
- Tres representantes do sector social
- Tres representantes das administracións públicas locais e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas
- Un representante do sector económico

Entre as persoas elixidas, procederase a designar os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería.

Dado que dende a Asociación se busca potenciar a máxima equidade na representación e na cohesión territorio no GALP, buscarase tamén cumprir coas seguintes condicións:

- Lograr a representación de todos os municipios, de tal modo que, como mínimo, haberá un representante de calquera sector, cuxa entidade teña domicilio social en cada un deles.

- Ningún municipio poderá estar representado por máis de tres representantes de entidades de calquera dos sectores, polo que non será posible que haxa máis de tres entidades con domicilio social no mesmo municipio.

As funcións da Xunta Directiva son as seguintes:

- Aprobar a Estratexia de Desenvolvemento Local e as súas modificacións e dar conta á Asemblea Xeral.
- Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP GAN.
- Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
- Promover a administración da asociación conforme cos estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
- Nomear as persoas administradoras e representantes.
- Propor á Asemblea, admitir, suspender ou dar de baixa a entidades membro do GALP GAN, nos supostos previstos nos estatutos.
- A expulsión de persoas asociadas.
- Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación dos estatutos, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións.
- Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais.
- Presentar anualmente á Asemblea Xeral:
  - Informe económico - financeiro anual.
  - A conta xeral de ingresos e gastos.
  - O orzamento anual de ingresos e gastos.
  - O informe anual de seguimento e avaliación da EDLP.
- Estudiar, planificar e controla as actividades financeiras da asociación.
- Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das entidades asociadas, designando comisións de estudo e traballo.
- Planificar os programas e actividades que desenvolva a Asociación.

- Coñecer e aprobar, se procede, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
- Xestionar, como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento UE 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014.
- Avaliar e elevar as propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería do Mar.
- Contratar o persoal e realizar os expedientes de contratación correspondentes.
- Asesorar á presidencia do GALP GAN.
- E, en xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais.

### Mesas sectoriais

Dentro dos órganos directivos do GALP GAN, inclúense tamén as mesas sectoriais, como espazos cuxa finalidade é a de servir tanto de canle participativo na Asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio, como de canle informativa das actividades da asociación, poñéndose en común a problemática de cada sector co obxecto de elevar as propostas á Asemblea Xeral ou á Xunta Directiva.

Estas mesas sectoriais atenden a configuración das entidades que poden participar dentro da Asociación do GALP GAN:

- Sector do mar
- Sector social
- Sector público
- Sector económico

### A presidencia

A presidencia do GALP GAN asume a representación legal a todos os efectos, correspondéndolle dirixir, ordenar e arbitrar as reunións, debates e mesas sectoriais e tamén:

- Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e na Asemblea Xeral.
- Ordenar os gastos e pagos da entidade en estreita relación coa Tesourería do GALP GAN.
- Autorizar cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade.

- Executar os acordos sociais tanto da Asemblea como da Xunta Directiva e asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen.
- Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións, aceptar donativos, legados e herdanzas.
- Asumir a xefatura do cadro de persoal da entidade.
- E asumir a comunicación permanente e a relación en cantos asuntos sexan de competencia do GALP coas administracións públicas.

### Procedemento de toma de decisións

Atendendo ao establecido nos estatutos en vigor do GALP GAN, a toma de decisións haberase de axustar ao grao de importancia, urxencia e vinculación coa actividade diaria, sempre en función das competencias que aqueles regula, sendo asumidas as ditas decisións dentro dos órganos de goberno anteriormente mencionados (assemblea, xunta directiva e presidencia).

En todo caso, atenderase ao establecido nos estatutos en relación cos criterios para aprobar ou non os asuntos trasladados a cada un dos ditos órganos:

Asemblea Xeral: Segundo os casos establecidos nos estatutos, os acordos adoptaranse por maioría simple ou cualificada dos votos presentes, ostentando a presidencia voto de calidade no caso de empate.

Xunta directiva: Para a adopción válida dos acordos será a maioría simple dos asistentes á reunión (validamente constituída).

### Grupos de traballo

Tal e como se ten definido anteriormente, dende o GALP GAN impulsárase o traballo en rede, asumindo dende o seu inicio a necesidade de favorecer os grupos de traballo, tanto dentro do seu territorio como co resto dos Galp e outros axentes, sempre que se centren en:

- Abrir canles de colaboración tanto entre as entidades que formen parte do GALP GAN, como entre estas e outras entidades de fora do territorio, de tal xeito que se poida impulsar o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- Implicar á sociedade na promoción e intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como na procura de actividades, proxectos ou accións conxuntas con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- Impulsar canles de colaboración estreita, baixo a fórmula de grupos de traballo específicos, dirixidos á mocidade en materia de educación, formación e apertura de novas oportunidades laborais no ámbito do desenvolvemento da estratexia do GALP GAN, contando coa participación dos principais axentes do territorio neste ámbito.

- Propiciar tamén iniciativas integradoras de cooperación e colaboración entre os axentes do territorio e as entidades de referencia en innovación, sector produtivo e aqueles outros que se consideren de especial interese para cumprir coa EDLP Golfo Ártabro Norte e cos obxectivos propios da asociación.
- Incidir nas medidas mitigadoras e redutoras do cambio climático, podendo pór en valor experiencias que se observen tanto dentro como fora do territorio e que sexan especialmente relevantes para o seu espallamento polo territorio do GALP GAN, especialmente no relativo ás enerxías renovables, a xestión dos residuos mariños, á XIZC e ao crecemento azul.
- Por outra banda, impulsar tamén grupos de traballo coa cidadanía e os axentes do territorio para colaborar e apoiar a entidades de carácter social, preferentemente ás que traballan con persoas diminuídas físicas, psíquicas ou sensoriais, realizando accións de información e orientación profesional a estes colectivos e traballando directamente con colectivos de difícil inserción laboral.
- Incidir tamén, baixo a fórmula de grupos de traballo, na potenciación das TIC como fórmulas de impulso e dinamización das accións a desenvolver dende o GALP GAN, aglutinando aos distintos axentes que desexen participar na recompilación, difusión e aproveitamento dos recursos endóxeos, atendendo ao seu aproveitamento a través das novas ferramentas TIC.
- Nese sentido, impulsar grupos de traballo que favorezan o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras, a sensibilización do tecido socioeconómico interno e a adquisición de coñecementos e experiencias que favorezan tamén a visibilidade do GALP GAN e que logren acadar os seus obxectivos.

### Apoio dos grupos de expertos

Por último, reiterando o mencionado xa nas distintas liñas e medidas da Estrategia de Desenvolvemento Local participativo, na medida da evolución asumida dende o GALP GAN se buscará a participación de expertos nas distintas áreas dos obxectivos estratéxicos para que poidan dar unha nova perspectiva baseada no amplo coñecemento e no expertise como fórmula para redefinir as vías de impulso do propia EDLP do Golfo Ártabro Norte.

Estes paneis de expertos centrarase tanto no ámbito académico (universitario e de formación profesional) como do ámbito técnico, achegando un coñecemento intensivo e moi dirixido que sirva como referencia para os órganos de goberno do GALP GAN.

Se trata en definitiva de atraer o talento, o coñecemento e a experiencia como valor fundamental para buscar novas vías de desenvolvemento sostible no ámbito do Golfo Ártabro Norte, facilitando tamén unha mellor perspectiva de novos proxectos que poidan ser desenvolvidos dentro do seu territorio.

## 11.2 Relación de medidas de Responsabilidade Social Corporativa

Tal e como se define tamén no ámbito dos estatutos do GALP GAN, dende a Asociación promoverase a implantación da responsabilidade social corporativa a todos os niveis dentro do seu territorio de referencia, tanto dentro das asociacións como nas empresas e demais

axentes involucrados, como fórmula representativa e participativa que impulse a igualdade de oportunidades e o valor das súas distintas organizacións.

Deste xeito, implantará o seu propio Sistema de Responsabilidade Social Corporativa, como fórmula de referencia e valor dentro do seu territorio, fomentando a cooperación entre as empresas e outros axentes sociais que se dirixan a promover o desenvolvemento sostible e a mellora ambiental do territorio.

Nese sentido, tamén incidirase na utilización dunha linguaxe non sexista nin discriminatorio, que permita á EDLP Golfo Ártabro Norte ser unha estratexia inclusiva e non exclusiva, permitindo incidir no papel da mocidade e das mulleres no seu desenvolvemento.

### 11.3 Procedementos para a xestión do programa de axudas

Co fin de establecer uns criterios obxectivos para a valoración, selección e priorización de proxectos a incluír dentro do programa de axudas e co fin de fomentar a transparencia e a non discriminación na decisión, o GALP GAN ten definido os seguintes baremos e regras para os proxectos produtivos e non produtivos, incidindo tamén nas correspondentes regras de asignación da porcentaxe de axuda e demais criterios de valoración.

#### 11.3.1 Proxectos produtivos

#### CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRODUTIVOS PRESENTADOS AO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

	PUNTOS
<b>1. Viabilidade técnica, económica e financeira dos proxectos.</b>	<b>25</b>
1.1. Viabilidade económica atendendo a ratios favorables. TIR (Taxa interna de rendibilidade) e VAN (valor actualizado neto).	15
1.2. A persoa promotora dispón de informes técnicos favorables, licenzas e/ou autorizacións para a realización do proxecto.	10
<b>2. Impacto sobre o territorio: económico, social, medioambiental.</b>	<b>Máx. 15</b>
2.1. O proxecto adáptase á estratexia do GALP GAN, tendo como obxectivo a mellora do sector do mar, o emprego, emprendemento e a igualdade de oportunidades, a mellora do medio ambiente ou cultural no que se desenvolve a actividade deste sector ou a valoración do turismo mariñeiro. (Criterio excluínte)*	5
2.2. O proxecto ten como obxectivo principal a mellora do medio ambiente.	5
2.3. O proxecto utiliza enerxías renovables ou técnicas favorables no mantemento e na mellora da calidade ambiental e na mitigación do cambio climático.	5
2.4. O proxecto desenvolvido céntrase na mellora das actividades relacionadas coa pesca ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro.	10
2.5. O proxecto desenvolvido céntrase na conservación dun elemento patrimonial para darlle unha nova actividade.	2
2.6. O proxecto desenvolvido ten como obxectivo principal a mellora da situación dalgún ou de varios dos colectivos considerados como desfavorecidos (mulleres, mozos, discapacitados, inmigrantes,...)	5
2.7. O proxecto encaixa dentro de mais de unha liña definida na estratexia.	2
<b>3. Carácter innovador/dinamizador.</b>	<b>Máx. 10</b>

3.1. Na actualidade non existe a actividade económica do proxecto no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte.	5
3.2. Na actualidade existe a actividade económica do proxecto no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte pero é insuficiente.	2
3.3. O proxecto está vinculado a novos produtos, novas aplicacións dos produtos ou que utiliza novas formas de explotación ou comercialización.	5
3.4. O proxecto desenvolvido é un proxecto de cooperación interrexional, nacional ou transnacional dos axentes económicos e entre as zonas de pesca.	10
<b>4. Utilización de factores produtivos do territorio.</b>	<b>10</b>
4.1. O proxecto utiliza provedores do territorio tanto para realizar a inversión como para a posterior comercialización dos produtos ou servizos	10
<b>5. Igualdade de oportunidades.</b>	<b>Máx. 10</b>
5.1. O proxecto está promovido por unha muller ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son mulleres.	5
5.2. o proxecto está promovido por unha persoa moza ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son persoas mozas	5
5.3. O proxecto está promovido por unha persoa con discapacidade ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son persoas con discapacidade	5
5.4. O proxecto está promovido por persoas inmigrantes por unha entidade onde a maioría de socios/as sexan inmigrantes	5
5.5. O proxecto está promovido por unha persoa ou persoas integradas nalgún programa de reinserción social.	5
5.6. O proxecto promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde a maioría dos socios teñen mais 55.	5
<b>6. Utilización de novas tecnoloxías</b>	<b>Máx. 10</b>
6.1. O proxecto ten como obxectivo principal o acceso e/ou a difusión das novas tecnoloxías entre a poboación do territorio.	10
6.2. O proxecto utiliza as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da súa actividade principal.	5
<b>7. Creación/mantemento de emprego</b>	<b>Máx. 10</b>
7.1. Por cada emprego novo creado 1 punto ata un máximo de 5 puntos (que se acadará con 5 ou máis empregos creados novos)	5
7.2. Por cada emprego creado novo nos diferentes sectores de colectivos desfavorecidos (mulleres, mozos, discapacitados, inmigrantes,...) 2 puntos ata un máximo de 10 puntos (que se acadará con 5 ou máis empregos creados novos)	10
<b>8. Garantía e solvencia empresarial do promotor.</b>	<b>10</b>
8.1. A persoa promotora presenta documentación que acredita a cualidade empresarial e solvencia económica do mesmo. (Conta de resultados e balance, informes bancarios, concesión dun préstamo para o proxecto, avais ou garantías, declaración do IRPF dos tres últimos anos, declaración do patrimonio,...)	10
<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>	<b>100</b>

Esta baremación de criterios de valoración atenderá tamén ás seguintes regras:

- Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos.
- Porcentaxe de axuda mínima: 20%
- Puntuación máxima: 80 puntos.
- Porcentaxe de axuda máximo: 60%
- Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 0,8%.
- Importe máximo de axuda: 300.000 euros

### 11.3.2 Proxectos non produtivos

CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS PRESENTADOS AO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE	PUNTOS
<b>1. Viabilidade técnica dos proxectos.</b>	<b>30</b>
1.1. A persoa promotora dispón de informes técnicos favorables, licenzas e/ou autorizacións para a realización do proxecto.	30
<b>2. Impacto sobre o territorio: económico, social, medioambiental.</b>	<b>Máx. 20</b>
2.1. O proxecto adáptase á estratexia do GALP GAN, tendo como obxectivo a mellora do sector do mar, o emprego, emprendemento e a igualdade de oportunidades, a mellora do medio ambiente ou cultural no que se desenvolve a actividade deste sector ou a valorización do turismo mariñeiro. (Criterio excluinte)*	5
2.2. O proxecto ten como obxectivo principal a mellora do medio ambiente.	10
2.3. O proxecto utiliza enerxías renovables ou técnicas favorables no mantemento e na mellora da calidade ambiental.	5
2.4. O proxecto desenvolvido céntrase na mellora das actividades relacionadas coa pesca ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro.	15
2.5. O proxecto desenvolvido céntrase na conservación dun elemento patrimonial para darlle unha nova actividade.	5
2.6. O proxecto desenvolvido ten como obxectivo principal a mellora da situación dalgún ou de varios dos colectivos considerados como desfavorecidos (mulleres, mozos, discapacitados, inmigrantes,...)	10
2.7. O proxecto encaixa dentro de mais de unha liña definida na estratexia.	5
<b>3. Carácter innovador/dinamizador.</b>	<b>Máx. 15</b>
3.1. Na actualidade non existe a actividade do proxecto no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte.	15
3.2. Na actualidade existe a actividade do proxecto no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte pero é insuficiente.	5
3.3. O proxecto desenvolvido é un proxecto de cooperación interrexional, nacional ou transnacional dos axentes económicos e entre as zonas de pesca.	15
<b>4. Aproveitamento de recursos endóxeos.</b>	<b>Máx. 15</b>



4.1. Utilización dos recursos endóxenos do territorio. O proxecto céntrase na utilización e/ou valorización dos recursos naturais, medioambientais, patrimoniais, culturais, ... do territorio.	15
4.2. Involucra á participación doutros axentes do territorio, fomentando a colaboración en rede.	15
<b>5. Igualdade de oportunidades.</b>	<b>Máx. 10</b>
5.1. O proxecto está promovido por unha muller ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son mulleres.	5
5.2. O proxecto está promovido por unha persoa xoven ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son xóvenes.	5
5.3. O proxecto está promovido por unha persoa con discapacidade ou por unha entidade onde a maioría de socios/as son persoas con discapacidade	5
5.4. O proxecto está promovido por persoas inmigrantes por unha entidade onde a maioría de socios/as sexan inmigrantes	5
5.5. O proxecto está promovido por unha persoa ou persoas integradas nalgún programa de reinserción social.	5
5.6. O proxecto está promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde a maioría dos socios teñen mais 55.	5
<b>6. Utilización de novas tecnoloxías</b>	<b>Máx. 10</b>
6.1. O proxecto ten como obxectivo principal o acceso e/ou a difusión das novas tecnoloxías entre a poboación do territorio.	10
6.2. O proxecto utiliza as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da súa actividade principal.	5
<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>	<b>100</b>

Esta baremación de criterios de valoración atenderá, como norma xeral, ás seguintes regras:

- Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos.
- Porcentaxe de axuda mínima: 50%
- Puntuación máxima: 80 puntos.
- Porcentaxe de axuda máximo: 75%
- Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 0,5%.
- Importe máximo de axuda: 500.000,00 euros

No caso de que o promotor/beneficiario sexa unha ou varias Confrarías, Concellos ou asociacións sen ánimo de lucro declaradas de interese público, atenderase ás seguintes regras:

- Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos.
- Porcentaxe de axuda mínima: 50%

- Puntuación máxima: 80 puntos.
- Porcentaxe de axuda máximo: 100%
- Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 1%.
- Importe máximo de axuda: 500.000,00 euros

### 11.3.3 Principios inherentes aos proxectos

- Todos os proxectos cumprirán co obxectivo de sostibilidade, entendida como a capacidade de satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras de atender as súas propias necesidades, tendo que ser perdurables no tempo, mais aló da duración das axudas.
- Poderán ter a consideración de gastos subvencionables os gastos notariais, rexistrais e periciais e os gastos referidos a constitución de pólizas bancarias, sempre e cando estean directamente vinculados e sexan necesarios para o desenvolvemento dos proxectos presentados.
- Todos os proxectos deberán dispoñer dos preceptivos informes ambientais e sectoriais que esixe a lexislación en vigor en cada momento.
- Todos os proxectos subvencionados deberán de ser respetuosos co medio ambiente (Criterio 1). Ademais serán máis valorados aqueles que teñan como obxectivo específico a mellora do medio ambiente ou a utilización de técnicas ou enerxías favorables no mantemento e na mellora da calidade ambiental (criterio 2).
- Todos os proxectos produtivos deberán de ser viables economicamente como mínimo, nos tres anos seguintes á concesión da axuda (criterio 1).
- Todas as actuacións subvencionables terán a obrigatoriedade de manterse en funcionamento e en bo estado de conservación como mínimo nos tres anos posteriores á concesión de axuda. Este aspecto virá recollido nos diferentes compromisos de concesión de axudas.
- A creación de emprego (como parte da sostibilidade dun proxecto) tamén será un compromiso a cumprir polo promotor do proxecto como mínimo nos tres anos posteriores á concesión da axuda.
- Para poder avaliar o correspondente cumprimento destes compromisos o GALP GAN poderase establecer un réxime de visitas e inspeccións nas que por medio de sorteo se inspeccionarán o 10% dos proxectos subvencionados ata o momento, sorteo que se fará tres veces ao ano coincidindo con cada cuatrimestre. Nestas inspeccións revisarase o bo funcionamento da iniciativa, o estado de conservación, o cumprimento dos compromisos de creación de emprego, utilización de novas tecnoloxías, de igualdade de oportunidades e os demais aspectos a ter en conta no correcto desenvolvemento do proxecto.

- No caso dos proxectos que aínda teñan que cumprir co compromiso de mantemento unha vez rematado o prazo do programa de axudas, o equipo técnico do GALP GAN seguirá encargándose das inspeccións, seguindo inalterado o dito compromiso por parte da entidade beneficiaria.
- Por último, como complemento ás medidas establecidas normativamente que sexan de aplicación en todo momento e atendendo ao posible conflito de interese que poidan xurdir durante a presentación, avaliación, aprobación, execución ou seguimento dos proxectos, poderase requirir, a petición do persoal técnico do GALP GAN, a presentación dunha declaración do máximo responsable da entidade solicitante na que declare que non existe ningún tipo de conflito de intereses, requiríndose un detalle específico da causa que provoca o posible conflito segundo a valoración do referido persoal técnico.

#### 11.4 Control e seguimento dos proxectos

Para asegurar o correcto desenvolvemento dos proxectos durante a súa execución, identificar os riscos potenciais e as súas debilidades e asegurar o seu éxito en relación aos resultados propostos, xunto coa resolución de concesión do proxecto (tanto para proxectos produtivos como non produtivos) incluírase a obriga para a entidade promotora a achegar a información (segundo os intervalos que en cada caso procedan, en función da duración e complexidade do proxecto) necesaria para permitir ao persoal do GALP realizar o seguimento da execución tanto operativa como orzamentaria do proxecto de conformidade cos termos do proxecto aprobado, que servirá como plan de proxecto base para o seguimento.

Para facilitar o labor de seguimento e control da execución do proxecto, en función da súa natureza, complexidade, importancia en relación á estratexia do GALP, duración e importe, desde o GALP en conxunto coa entidade ou entidades promotoras poderán definirse indicadores adicionais aos previstos na Estratexia de Desenvolvemento Local e que resulten relevantes en función das circunstancias do proxecto concreto, xunto coa súa metodoloxía de cálculo e periodicidade.

Igualmente, a entidade promotora do proxecto comprométese a facilitar o acceso a efectos de verificación ao persoal do GALP ou ao designado por este, a efectos de seguimento e avaliación da execución do proxecto, naqueles casos excepcionais nos que existan sospeitas ou indicios razoables de que o desenvolvemento do proxecto, por calquera motivo, non se está a axustar ao plan aprobado.

En calquera caso, realizarase desde o GALP para cada proxecto cando menos unha acción de seguimento intermedia, para verificar que o desenvolvemento do mesmo se está a facer de acordo co planificado e que os avances logrados ata ese momento permiten ter unha expectativa razoable en relación ao éxito do mesmo ao respecto dos obxectivos e resultados inicialmente previstos.

No caso de detectar riscos, debilidades ou desviacións relevantes na execución do proxecto, desde o GALP poderase solicitar unha reunión específica coa estrutura de dirección e xestión do proxecto, de cara a analizar a situación, propoñer alternativas e consensuar cursos de acción que permitan reconducir o proxecto e que resulten satisfactorias para ambas partes.

O resultado das actividades de seguimento de cada proxecto formarán parte do expediente do mesmo.

### 11.5 Procedementos / mecanismos para unha boa xestión financeira e para evitar o conflito de intereses

Para levar a cabo unha boa xestión financeira, ademais de facer un seguimento por parte do persoal técnico da actividade diaria, será preciso que, dentro das reunións periódicas de control por parte da Presidencia do GALP GAN se incida tamén no desenvolvemento económico e financeiro, en estreita relación coa xerencia.

En relación co programa de axudas, o equipo técnico deberá asumir a tarefa de avaliar e corroborar os prezos de mercado en relación cos produtos e servizos que se inclúan nos proxectos presentados polas entidades solicitantes para comprobar que se axustan á realidade económica, ademais de atender así ao establecido no marco normativo vixente.

Ademais, tamén atendendo ao previsto anteriormente en materia de seguimento dos proxectos e a propia actividade da Asociación, dende a Presidencia xunto coa Tesourería elevarase á Xunta Directiva o correspondente informe non que se dea debida conta da xestión financeira para a súa aprobación e control, asumíndose tamén a súa elevación final á Asemblea Xeral, polo menos cunha periodicidade semestral.

Neste sentido, e xustamente para evitar un posible conflito de intereses destes órganos de goberno no seguimento económico e financeiro, este será levado a cabo conxuntamente entre a Presidencia e a Tesourería, coa súa correspondente elevación á Xunta Directiva e Asemblea Xeral.

Por outra parte, é atendendo tamén á necesidade de que non xurdan conflitos de intereses na xestión de programas de axudas, establecerase un principio de abstención por parte das entidades que, formando parte da Xunta Directiva ou Asemblea Xeral, se vexan involucrados ou teñan solicitado algún proxecto (tanto produtivo como non produtivo), non participando na correspondente votación para que xustamente non se produza o devandito conflito de intereses.

## 12 DISPOSICIÓN DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

### 12.1 Indicadores de seguimento e avaliación

A continuación, para coñecer de xeito gráfico o cadro de indicadores e os factores de seguimento das medidas que inclúe a EDLP Golfo Ártabro Norte, a continuación se presenta a táboa correspondente:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
1. Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños	1.1 Mellora da competitividade do sector pesqueiro	1.1.1 Aumento do valor engadido dos produtos e procesos da pesca	1.1.1.1. Apoio a proxectos de I+D+i destinados ao incremento de valor engadido das producións marisqueiras, en calquera das súas fases	Nº de proxectos realizados Nº de solucións implementadas Nº de entidades/empresas beneficiadas Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	5 proxectos 5 solucións 20 empresas 5 proxectos
			1.1.1.2. Apoio a proxectos de I+D+i destinados á valorización de subprodutos, refugallos e descartes da actividade pesqueira/marisqueira	Nº de proxectos realizados Nº de solucións implementadas Nº de entidades/empresas beneficiadas Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	5 proxectos 5 solucións implementadas 10 empresas 5 proxectos
			1.1.1.3. Integración de procesos de depuración, comercialización e distribución conxuntos potenciando a utilización das novas tecnoloxías na aproximación ao mercado	Nº de proxectos realizados Nº de solucións implementadas Nº de entidades/empresas beneficiadas Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	5 proxectos 5 solucións 5 empresas 5 proxectos

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.1.1.4. Potenciar o valor de marca dos produtos pesqueiros da zona desde unha perspectiva conxunta de rede, fomentando accións promocionais	Nº de eventos con participación da marca Nº de soporte publicitarios (por tipos) Nº de campañas publicitarias e de difusión (por medio) Nº de entidades/empresas beneficiadas Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 eventos 10 campañas 40 empresas 5 proxectos
			1.1.1.5. Fomentar e o xurdimento e apoiar a posta en marcha de novas actividades empresariais vinculadas ao sector do mar que acheguen máis valor a nivel local	Nº de empresas instaladas % medio de apoio sobre o investimento total Nº de proxectos creados en réxime de cooperativa ou economía social Nº de empregos xerados	2014 - 2020	10 empresas 50% de apoio medio 2 proxectos 30 empregos
		1.1.2 Implicación do ámbito educativo e académico superior co desenvolvemento sostible do sector do mar	1.1.2.1. Facilitar o paso da etapa formativa á actividade profesional vinculada co mar entre os titulados de formación profesional e universitarios	Nº de centros contactados coa medida Nº de estudantes alcanzados Nº de alumnos en prácticas (por xénero) Nº de emprendedores apoiados (por xénero)	2014 - 2020	10 centros 200 estudantes 15 alumnos en prácticas 5 alumnos emprendedores (3 mulleres)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.1.2.2. Fomentar a realización de Traballos Fin de Grao e Tralaballo Fin de Master relacionados co sector do mar no territorio	Nº de departamentos contactados Nº de temáticas propostas Nº de TFG realizados (por xénero e temática) Nº de TFM realizados (por xénero e temática)	2014 - 2020	5 departamentos 5 temáticas 3 TFG 5 TFM
			1.1.2.3. Potenciar entre grupos de investigación das universidades galegas vinculados ao mar, o desenvolvemento de proxectos vinculados con problemáticas de interese no contorno	Nº de grupos de investigación contactados Nº de temáticas propostas Nº de proxectos realizados Nº de proxectos con colaboración dos axentes do territorio e % sobre total	2014 - 2020	5 Grupos 8 temáticas propostas 5 proxectos 5 proxectos (2 empresas)
			1.1.2.4. Facilitar o establecemento no territorio de spin-offs universitarias con actividades vinculadas co mar	Nº de servizos universitarios contactados Nº de spin offs contactadas Nº de spin offs instaladas no territorio	2014 - 2020	10 servizos 10 spin off 2 spin off
		1.1.3 Desenvolvemento de formación especializada para os profesionais do sector	1.1.3.1. Definición e elaboración de programas formativos completos, actualizados e especializados	Nº de temas identificados Nº de temas desenvolvidos dispoñibles (por canle e por soporte)	2014 - 2020	5 temas 5 temas
			1.1.3.2. Desenvolver accións de formación relacionadas coa cadea de valor e cos proxectos e boas prácticas da I+D+i	Nº de accións de formación realizadas Nº de temáticas diferentes abordadas Nº de persoas asistentes (por xénero)	2014 - 2020	20 accións 5 temáticas 100 persoas (60 mulleres)



OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.1.3.3. Aproveitamento do potencial da teleformación como fórmula accesible para a mellora das competencias dos profesionais do territorio	Nº de entidades participantes na plataforma de teleformación Nº de cursos impartidos Nº de persoas alcanzadas (por xénero) Nº de cursos conxuntos (máis dunha entidade)	2014 - 2020	5 entidades 10 cursos 100 persoas (60 mulleres) 5 cursos
			1.1.3.4. Formación en novos medios TIC para os profesionais do sector	Nº de cursos impartidos Nº de persoas alcanzadas (por xénero) Nº de cursos conxuntos (máis dunha entidade)	2014 - 2020	5 cursos 50 persoas (30 mulleres) 5 cursos
			1.1.3.5. Disponibilidade de espazos comúns equipados para o acceso á formación en novos medios	Nº de aulas/espazos dispoñibles Nº de equipos/postos dispoñibles	2014 - 2020	5 aulas 50 equipos
			1.1.4.1. Realizar grupos de traballo e encontros con expertos (por áreas temáticas) para identificar oportunidades de desenvolvemento do territorio, baixo unha perspectiva de crecemento azul e intelixente	Nº de encontros/grupos de traballo realizados Nº de expertos participantes (por xénero) Nº de profesionais do sector participantes (por xénero) Nº de entidades participantes	2014 - 2020	5 grupos de traballo 30 expertos (35 mulleres) 100 persoas (60 mulleres) 10 entidades participantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.1.4.2. Identificar e poñer a disposición das persoas con potencial emprendedor os proxectos identificados no territorio, susceptibles de xerar oportunidades de negocio	Nº de entidades achegando ao repositorio Nº de proxectos dispoñibles Nº de visitas (para repositorios web) Nº de proxectos emprendedores iniciados	2014 - 2020	5 entidades 10 proxectos dispoñibles 300 visitas 2 proxectos emprendedores
			1.1.4.3. Fomentar a colaboración e a actuación coordinada cos servizos de apoio ás persoas emprendedoras existentes na zona	Nº de entidades involucradas na metodoloxía común Nº de persoas emprendedoras no ámbito do mar atendidas (por xéneros)	2014 - 2020	10 entidades 10 persoas emprendedoras (5 mulleres)
	1.1.5 Garantir a sostibilidade e o uso eficiente dos recursos mariños		1.1.5.1. Fomentar accións conxuntas en réxime de cooperación para a erradicación do furtivismo, potenciando o uso de novas solucións intelixentes e innovadoras para mellorar a coexistión dos recursos	Nº de proxectos conxuntos implementados Nº de entidades do sector involucradas na protección	2014 - 2020	5 proxectos conxuntos 5 entidades - 2 empresas
			1.1.5.2. Protección medio ambiental das zonas de marisqueo, do medio mariño e da zona costeira	Nº de proxectos Nº de entidades beneficiadas Nº de profesionais que abranguen Superficie vixiada	2014 - 2020	10 proxectos 5 entidades beneficiadas 200 profesionais (180 mulleres) 10 hectáreas

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.1.5.3. Apoiar á realización de accións de educación, concienciación e sensibilización entre a sociedade do valor dos recursos mariños e da súa explotación responsable	Nº de eventos realizados (por tipoloxía) Nº de persoas alcanzadas Nº de materiais de difusión (por tipos e canles) distribuído Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 eventos 140 persoas (80 mulleres) 10 tipos de materiais 5 proxectos
			1.1.5.4. Promoción do desenvolvemento de proxectos de rexeneración integral de fondos mariños, con perspectiva de sostibilidade	Nº de proxectos de rexeneración realizados Superficie rexenerada Nº beneficiarios alcanzados Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 proxectos 2 Hectáreas 500 persoas 5 proxectos
	1.2 Atracción do relevo xeracional para asegurar a continuidade da actividade pesqueira como base económica sostible no territorio e para o mantemento da cultura e as tradicións mariñeiras	1.2.1 Dignificación das actividades do mar e dos seus profesionais	1.2.1.1. Fomento de accións dirixidas ao coñecemento da cultura e as tradicións mariñeiras e do medio mariño, destinadas aos máis novos	Nº de eventos realizados (por tipoloxía) Nº de persoas alcanzadas Nº de materiais de difusión (por tipos e canles) distribuído Nº de proxectos en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 eventos 200 persoas (130 mulleres) 10 tipos de materiais 4 proxectos
			1.2.1.2. Difusión do papel relevante da actividade pesqueira e marisqueira no desenvolvemento económica e social do territorio	Nº de eventos realizados (por tipoloxía) Nº de persoas alcanzadas Nº de materiais de difusión (por tipos e canles) distribuído	2014 - 2020	5 eventos 100 persoas (65 mulleres) 5 tipos de materiais

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.2.1.3. Creación de espazos de interpretación e exposición de actividades e tradicións mariñeiras	Nº de centros/espazos habilitados (por tipoloxía) Nº de exposicións realizadas Nº de persoas alcanzadas Nº de materiais de difusión (por tipos e canles) distribuído Nº de entidades involucradas na funcionamento dos espazos	2014 - 2020	5 espazos 10 exposicións 1.000 persoas (600 mulleres) 10 tipos de materiais 20 empresas
			1.2.1.4. Impulsar a toma de conciencia sobre a importancia do papel da vida mariñeira e o mar na historia e na cultura do territorio	Nº de concursos, premios ou eventos de outro tipo organizados con esta fin Nº de persoas participantes (por xénero) Nº de exposicións/actos públicos realizados Nº de persoas alcanzadas Nº de eventos con esta fin organizados de xeito colaborativo	2014 - 2020	5 concursos 50 persoas (30 mulleres) 5 exposicións 100 persoas (70 mulleres) 5 eventos
	1.2.2 Formación de calidade para as novas incorporacións á actividade		1.2.2.1. Potenciar a recompilación sistemática do coñecemento en relación á execución do labor marisqueiro na zona, facéndoo accesible á sociedade	Nº de proxectos de recompilación realizados Nº de proxectos accesibles ao público Nº de entradas documentadas	2014 - 2020	2 proxectos 2 proxectos 1.000 entradas

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.2.2.2. Manter unha oferta constante de cursos de formación para novos profesionais do sector, baseada principalmente nas TIC	Nº de cursos elaborados Nº de persoas formadas (por xéneros) Nº de cursos promovidos en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 cursos 200 persoas (160 mulleres) 10 cursos
	1.3 Potenciar a igualdade de oportunidades no acceso á actividade no mar	1.3.1 Promover a toma de conciencia no sector en relación á igualdade de oportunidades	1.3.1.1. Fomentar a realización de xornadas de difusión e coñecemento da problemática asociada á igualdade de xénero no sector	Nº de eventos de difusión (por grupo de destinatarios) Nº de persoas asistentes (por xéneros) Nº de entidades promotoras Nº de proxectos realizados en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 eventos 200 persoas (125 mulleres) 10 entidades 20 proxectos
1.3.1.2. Promover o coñecemento e intercambio de boas prácticas en materia de igualdade de oportunidades, cun enfoque aberto			Nº de boas prácticas identificadas Nº de entidades informadas	2014 - 2020	5 boas prácticas 30 entidades	
1.3.2 Contribuír activamente á eliminación das barreiras de xénero		1.3.2.1. Fomentar a realización de estudos sobre atrancos para o acceso en igualdade de oportunidades no sector dentro do territorio	Nº de estudos realizados Nº de barreiras identificadas Nº de solucións propostas Nº de accións de difusión e publicidade dos resultados dos estudos	2014 - 2020	5 estudos 50 barreiras 30 solucións (2 como empresas) 5 accións de difusión	

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.3.2.2. Favorecer actuacións tendentes a eliminar obstáculos á igualdade que se detecten no territorio	Nº de estudos realizados Nº de barreiras identificadas Nº de solucións propostas Nº de accións de difusión e publicidade dos resultados dos estudos	2014 - 2020	5 estudos 50 barreiras 30 barreiras (1 empresa creada) 5 accións de difusión
			1.3.2.3. Fomentar medidas para a conciliación da vida laboral e familiar e para o reparto igualitario das tarefas do fogar	Nº de accións de difusión Nº de persoas alcanzadas Nº de experiencias de implantación de medidas postas en marcha Nº de persoas implicadas (por xénero) Nº de iniciativas desenvoltas en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 accións 5.000 persoas 2 experiencias implantadas como empresa 150 persoas (90 mulleres) 10 accións
			1.3.2.4. Impulsar actuacións para fomentar a autonomía feminina no seu desenvolvemento profesional e persoal	Nº de accións realizadas Nº de mulleres alcanzadas Idade media das mulleres participantes	2014 - 2020	20 accións 200 mulleres 40 anos
		1.3.3 Achegar as actividades mariñeiras a persoas con discapacidade	1.3.3.1. Realización de estudos sobre barreiras existentes e fórmulas para a súa eliminación	Nº de estudos realizados Tipos de discapacidade estudados Nº de barreiras identificadas Nº de solucións propostas	2014 - 2020	5 estudos 5 tipos de discapacidade 10 barreiras identificadas 2 solucións convertidas en empresa

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			1.3.3.2. Concienciación en torno á existencia das barreiras e á necesidade da súa eliminación	Nº de accións realizadas Nº de persoas alcanzadas Nº de materiais de difusión distribuídos	2014 - 2020	5 accións 500 persoas (300 mulleres) 10 tipos de materiais
			1.3.3.3. Fomento de proxectos de innovación relacionados cos integración das persoas con discapacidade no mundo mariñeiro	Nº de proxectos realizados Nº de solucións implementadas Nº de persoas potenciais beneficiarias no territorio Nº de proxectos realizados en réxime de cooperación	2014 - 2020	10 proxectos 5 solucións (2 empresas) 500 persoas (300 mulleres) 5 proxectos (3 empresas)
			1.3.3.4. Eliminación de barreiras nos contornos produtivos para facelos máis accesibles as persoas con discapacidade	Nº de adaptacións realizadas Nº de barreiras eliminadas Nº de persoas potencialmente beneficiarias no territorio	2014 - 2020	50 adaptacións 10 barreiras 300 persoas (200 mulleres)
2. Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas	2.1 Impulsar o turismo mariñeiro e relacionado co mar para convertelo nun novo motor económico de primeira	2.1.1 Potenciar o xurdimento dunha oferta completa e de calidade vinculada á actividade mariñeira na	2.1.1.1. Potenciar a unificación da información turística no territorio e a súa accesibilidade a través dun punto único	Nº de entidades con información integrada Nº de recursos turísticos (información) dispoñibles Nº de visitas (páxinas web) Nº de contactos	2014 - 2020	10 entidades (1 empresa) 10 tipos de recursos 1.000 visitas 300 contactos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego	magnitude no territorio	zona, á súa cultura e ás súas tradicións	2.1.1.2. Favorecer a integración dos produtos da terra coa oferta de turismo mariñeiro	Nº de proxectos de integración de oferta de servizos e produtos Nº de proxectos con vinculación coas actividades e produtos do mar	2014 - 2020	5 proxectos empresariais 5 proxectos vinculados
			2.1.1.3. Potenciar o establecemento de industrias de turismo mariñeiro sostibles	Nº de novas empresas instaladas Nº de empresas creadas baixo o réxime cooperativo ou de economía social Nº de empresas existentes con novos servizos Nº de empregos creados (por xénero)	2014 - 2020	10 empresas 3 cooperativas ou similares 5 empresas 30 empregos (15 mulleres)
			2.1.1.4. Ordenar e potenciar a presenza da oferta do territorio nas redes sociais, e a interacción a través deles con potenciais prescriptores e clientes	Nº de empresas integradas nas redes sociais Nº de perfís de persoas seguidoras no territorio Nº de perfís de persoas seguidoras totais	2014 - 2020	200 empresas 300 persoas (180 mulleres) 1.500 persoas (800 mulleres)
			2.1.1.5. Fomentar a captación de potenciais novos clientes provintes do turismo de cruceiros e do turismo industrial no contorno do GALP	Nº de axentes contactados Nº de eventos de difusión con participación do GALP Nº de materiais de difusión distribuídos Nº de acordos acadados	2014 - 2020	20 axentes 20 eventos de difusión 10 tipos de materiais 10 acordos (5 empresas creadas)



OBXECTIVO ESTRATÉGICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		2.1.2 Promover o asentamento de novas iniciativas emprendedoras de turismo vinculado ao medio mariño e o seus entorno	2.1.2.1. Apoiar o desenvolvemento da oferta turística de actividades recreativas acuáticas e subacuáticas, como complemento ás actividades mariñeiras	Nº de novas empresas Nº de empresas en réxime cooperativo ou de economía social Nº de empregos creados (por xénero) Nº de servizos non existentes previamente implantados	2014 - 2020	10 empresas novas 2 cooperativas ou similares 25 empregos (15 mulleres) 20 servizos
			2.1.2.2. Fomentar a integración da oferta de servizos dentro do sector do turismo mariñeiro e os vinculados ao mar e á terra, para ofrecer experiencias integrais	Nº de proxectos de colaboración na oferta turística Nº de empresas implicadas	2014 - 2020	10 proxectos 30 empresas (3 de nova creación)
			2.1.2.3. Favorecer iniciativas tendentes á desestacionalización do turismo	Nº de iniciativas postas en marcha fóra do período estival Nº de accións de difusión Nº de materiais promocionais distribuídos Nº de visitas (páxinas web)	2014 - 2020	15 iniciativas (3 empresas creadas) 20 accións 20 tipos de materiais 5.000 visitas
	2.2 Potenciar a profesionalización do sector turístico e a integración de oferta para mellorar a súa	2.2.1 Impulso aos servizos vinculados ao Camiño de Santiago	2.2.1.1. Apoiar a difusión e toma de conciencia entre os profesionais do sector turístico e hostaleiro en relación á importancia do Camiño Inglés como vía de atracción e fidelización de futuros visitantes de longa estancia	Nº de accións de difusión do Camiño Inglés Nº de persoas participantes (por xénero) Nº de empresas/negocios participantes nas accións	2014 - 2020	15 accións 2.000 persoas (1.100 mulleres) 10 empresas (5 empresas novas)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
	competitividade		2.2.1.2. Fomentar o desenvolvemento de actuacións tendentes a difundir entre os peregrinos a oferta turística e cultural do GALP	Nº de accións promocionais dirixidas a peregrinos Nº de persoas alcanzadas Nº de persoas fidelizadas/subscritas/participantes en eventos de fidelización	2014 - 2020	15 accións (2 empresas) 2.000 persoas (1.200 mulleres) 100 persoas (75 mulleres)
		2.2.2 Mellora na capacitación dos profesionais da hostalería e o turismo	2.2.2.1. Favorecer a formación de guías de turismo con coñecementos específicos sobre o territorio e os seus recursos de valor	Nº de centros implicados no proxecto Nº de temas elaborados e dispoñibles Nº de cursos impartidos Nº de persoas formadas como guías turísticas (por xénero)	2014 - 2020	5 centros 20 temas 5 cursos 50 persoas (2 empresas novas)
			2.2.2.2. Potenciar o desenvolvemento de programas específicos para a profesionalización e a mellora da calidade do servizo na hostalería	Nº de centros de formación implicados nos proxectos Nº de empresas participantes nos proxectos Nº de persoas tituladas en FP contratadas (por xénero) Nº de proxectos de mellora da calidade do servizo	2014 - 2020	5 centros 20 empresas (5 novas) 10 persoas 10 proxectos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO	
			2.2.2.3. Impulsar a incorporación ao sector de profesionais cualificados do contorno	Nº de centros de formación participantes Nº de persoas alcanzadas Nº de proxectos emprendedores asesorados/postos en marcha Nº de persoas tituladas en FP promotoras de proxectos (por xénero) Nº de proxectos promovidos por equipos multidisciplinares	2014 - 2020	5 centros 100 persoas (50 mulleres) 10 proxectos asesorados / 5 postos en marcha 10 persoas (6 mulleres) 5 proxectos multidisciplinares	
			2.2.2.4. Favorecer o intercambio de experiencias e boas prácticas con zonas de excelencia turística	Nº de boas prácticas identificadas Nº de eventos de difusión de boas prácticas (por tipo) Nº de persoas alcanzadas (por xénero) Nº de proxectos inducidos	2014 - 2020	15 boas prácticas 5 eventos 200 persoas (130 mulleres) 3 empresas novas	
		2.3 Fomentar as actividades asociadas a crecemento azul con potencial desenvolvemento no territorio	2.3.1 Promover estudos de viabilidade en relación á implantación no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte doutras actividades englobadas dentro do concepto de	2.3.1.1. Procurar a implicación das institucións de formación superior do contorno e das administracións públicas competentes para promover estudos de viabilidade económica e técnica en relación ao crecemento azul	Nº de estudos realizados Nº de actividades vinculadas ao crecemento azul identificadas como viables	2014 - 2020	5 estudos 5 actividades (2 empresas creadas)
				2.3.1.2. Actuar como parte interesada nos espazos de definición das políticas relacionadas coa promoción e desenvolvemento do crecemento azul	Nº de eventos con participación institucional do GALP	2014 - 2020	10 eventos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		crecemento azul e distintas da acuicultura e o turismo				
	2.4 Facilitar a implantación de iniciativas emprendedoras no territorio	2.4.1 Favorecer a creación de bolsas de proxectos emprendedores identificados como oportunidades de negocio con potencial no contorno do GALP	2.4.1.1. Procurar a coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados dedicados ao apoio ás persoas emprendedoras para a posta en común de necesidades/oportunidades de negocio identificadas	Nº de entidades implicadas na identificación e intercambio de experiencias Nº de potenciais proxectos identificados Nº de consultas/visitas (páxinas web) sobre a bolsa de proxectos Nº de eventos proactivos de difusión da bolsa Nº de persoas alcanzadas (por xénero)	2014 - 2020	30 entidades 5 proxectos identificados 80 consultas 20 eventos 150 persoas (80 mulleres)
			2.4.1.2. Potenciar a xestión de forma integral dunha bolsa de proxectos para emprendedores, así como dos servizos de apoio a estes para a definición e posta en marcha de novas empresas	Nº de entidades participantes Nº de persoas atendidas en rede (por xénero) Nº de proxectos atendidos en rede		2014 - 2020

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			2.4.1.3. Desenvolver unha metodoloxía conxunta e rigorosa para a realización de análises de viabilidade técnica e económica de proxectos empresariais, e apoiar o acceso a fontes de financiamento para aqueles proxectos viables	Nº de entidades implicadas na definición da metodoloxía Nº de entidades que empregan a metodoloxía Nº de proxectos atendidos mediante esta metodoloxía Nº de proxectos viables financiados	2014 - 2020	10 entidades 5 entidades 20 proxectos 5 proxectos
			2.4.1.4. Favorecer a existencia de programas de formación en xestión empresarial no territorio para atender ás necesidades das persoas emprendedoras que desexen asentarse no GALP	Nº de accións de formación realizadas Nº de persoas emprendedoras participantes (por xénero) Nº de empresas xa establecidas participantes	2014 - 2020	10 accións 50 persoas (25 mulleres) 20 empresas
			2.4.1.5. Procurar a participación dos centros formativos da zona na identificación e formación do talento e o potencial emprendedor entre o alumnado	Nº de eventos realizados Nº de centros alcanzado Nº de persoas participantes (por xénero)	2014 - 2020	5 eventos 10 centros 50 persoas (30 mulleres)
			2.4.1.6. Apoiar actuacións destinadas á captación de investidores e financiadores para proxectos de emprendemento que se poñan en marcha no territorio	Nº de acordos con entidades financeiras Nº de investidores captados Volume de investimento xerado	2014 - 2020	5 acordos 20 investidores 500.000 euros

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		2.4.2 Promover xunto cos axentes do territorio a creación e/ou posta a disposición de espazos para o asentamento de novas empresas a persoas emprendedoras con proxectos viables	2.4.2.1. Procurar a coordinación de axentes públicos e privados para posibilitar unha oferta integrada e completa de diferentes tipoloxías de espazos para acoller a proxectos emprendedores espallados polo territorio, vinculando as condicións de acceso á viabilidade do proxecto	Nº de espazos dispoñibles (por tipoloxías) Nº de proxectos empresariais atendidos	2014 - 2020	3 espazos 15 proxectos
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono	3.1 Loita contra o cambio climático e os seus efectos	3.1.1 Concienciación e información aos profesionais do sector do mar sobre as repercusións do cambio climático	3.1.1.1. Organización de xornadas, cursos e outros eventos destinados aos profesionais do mar, para a difusión do cambio climático, as súas causas e os seus efectos	Nº de eventos realizados Nº de persoas participantes (por xénero)	2014 - 2020	5 eventos 60 persoas (30 mulleres)
			3.1.1.2. Fomentar a realización de estudos e experiencias prácticas relacionadas coa minoración do impacto ambiental da actividade no mar	Nº de estudos realizados Nº de experiencias piloto postas en marcha Nº de proxectos de implantación de solucións executados	2014 - 2020	5 estudos 3 experiencias empresariais 2 proxectos
		3.1.2 Concienciación á poboación en xeral e aos axentes sociais en	3.1.2.1. Cooperación coa Reserva da Biosfera e outros axentes relevantes do territorio para a difusión e toma de conciencia en relación ao cambio climático entre o público en xeral	Nº de accións de difusión realizadas Nº de colectivos alcanzados Nº de persoas participantes	2014 - 2020	5 accións 500 persoas (300 mulleres) 200 persoas (125 mulleres)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		particular sobre o cambio climático e os seus efectos	3.1.2.2. Potenciar proxectos educativos inmersivos relacionados coa cadea de valor, coa participación dos profesionais do sector	Nº de proxectos educativos desenvoltos Nº de instalacións executadas/adaptadas para esta finalidade Nº de colexios participantes nas actividades de formación Nº de alumnos participantes (por xénero)	2014 - 2020	5 proxectos / 1 empresa 5 instalacións 20 colexios 1.000 participantes (500 mulleres)
	3.2 Mantemento e mellora do medio natural	3.2.1 Coidado do medio natural e mariño	3.2.1.1. Promoción de accións de limpeza e mantemento periódicas e estacionais sobre os cauces dos ríos	Nº de accións de limpeza executadas Nº de ríos alcanzados	2014 - 2020	10 accións 5 ríos
3.2.1.2. Potenciar a realización de estudos científicos relacionados co impacto dos fenómenos ambientais e da acción humana no contorno			Nº de estudos realizados Nº de estudos publicados Nº de proxectos realizados en cooperación co sector	2014 - 2020	5 estudos 2 estudos 3 proxectos / 2 empresas nova creación	
3.2.1.3. Fomentar a protección dos valores naturais de xeito compatible co desenvolvemento das actividades económicas			Nº de proxectos de recuperación/restauración realizados Nº de proxectos realizados en cooperación co sector Nº de accións para a promoción e a utilización de formas de traballo sostibles Nº de profesionais alcanzados (por xénero)	2014 - 2020	5 proxectos 5 proxectos / 2 empresas creadas 5 accións 200 profesionais (120 mulleres)	

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
			3.2.1.4. Promover a identificación de riscos para o medio natural e mariño e a definición e implantación de plans de prevención ou mitigación destes, con especial atención ás especies invasoras no referente a flora e fauna	Nº de riscos identificados Nº de medidas preventivas propostas Nº de proxectos de erradicación ou minoración de riscos Nº de entidades participantes Nº de proxectos realizados de xeito cooperativo	2014 - 2020	30 riscos 20 medidas propostas 2 proxectos 5 entidades 2 empresas xurdidas
	3.3 Potenciar o desenvolvemento de elementos patrimoniais e infraestruturas produtivas sostibles	3.3.1 Difusión dos principios, vantaxes e estado da arte no eido da construción sostible dirixido a empresas do sector e confrarías de pescadores da zona	3.3.1.1. Apoiar a realización de obradoiros prácticos e participativos en relación á construción sostible e a súa aplicabilidade en relación ás infraestruturas produtivas do sector do mar	Nº de accións de difusión realizadas Nº de entidades alcanzadas Nº de persoas participantes (por xénero)	2014 - 2020	10 accións 20 entidades 200 persoas (125 mulleres)
			3.3.1.2. Potenciar o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación destinados ao aproveitamento de subprodutos ou refugallos da actividade pesqueira e marisqueira para a construción sostible	Nº de proxectos realizados Nº de entidades participantes Nº de resultados protexidos	2014 - 2020	5 proxectos 5 entidades 2 proxectos - empresa



OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		3.3.2 Promover a execución de elementos e infraestrutura s vinculadas ás actividades do mar que resulten singulares ou pioneiras na aplicación de criterios de sostibilidade	3.3.2.1. Nos casos relevantes, apoiar a execución de proxectos singulares que poidan ser pioneiros e de referencia no ámbito da construción sostible, e que sexan susceptibles de converterse en atractivos turísticos	Nº de proxectos de construción realizados Nº de proxectos emprendedores realizados	2014 - 2020	5 proxectos realizados 2 proxectos emprendedores
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras	4.1 Posta en valor do patrimonio mariñeiro	4.1.1 Apoiar o desenvolvemento de proxectos sostibles de catalogación do patrimonio mariño do territorio de xeito ordenado, baixo criterios de rigor científico contrastables	4.1.1.1. Apoiar o desenvolvemento de proxectos sostibles de catalogación do patrimonio mariño do territorio de xeito ordenado, baixo criterios de rigor científico contrastables	Nº de proxectos de catalogación baixo metodoloxía unificada Nº de entidades participantes Nº de bens catalogados e publicados Nº de visitas (páxinas web)	2014 - 2020	5 proxectos 10 entidades / 1 empresa creada 200 bens 2.000 visitas

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		4.1.2 Favorecer o acceso da sociedade á información sobre o patrimonio mariñeiro para a súa posta en valor	4.1.2.1. Favorecer as accións tendentes ao tratamento da información sobre o medio mariño para a súa presentación a colectivos específicos, potenciando o acceso multicanle conforme ás características do público obxectivo	Nº de proxectos de adaptación do inventario de recursos mariños Nº de entidades participantes Nº de visitas (páxinas web) Nº de eventos realizados Nº de persoas alcanzadas	2014 - 2020	10 proxectos 5 entidades / 1 empresa xurdida 1.000 visitas 10 eventos 150 persoas (75 mulleres)
			4.1.2.2. Favorecer o aproveitamento sostible e responsable do medio mariño como elemento de valor que complementa á oferta turística da zona	Nº de accións de difusión realizadas Nº de empresas/entidades alcanzadas Nº de materiais promocionais distribuídos para turistas	2014 - 2020	5 accións 2 empresas creadas / 20 entidades 5 tipos de materiais
	4.2 Recompilación da memoria mariñeira	4.2.1 Potenciar a recompilación e catalogación da memoria mariñeira no territorio do GALP Golfo Ártabro Norte	4.2.1.1. Apoiar o desenvolvemento de proxectos de recuperación da memoria mariñeira (toponimia, fala, tradicións, lendas populares...) no territorio de xeito ordenado e planificado, fomentando a participación de toda a comunidade de xeito presencial ou mediante as TIC	Nº de proxectos de catalogación baixo metodoloxía unificada Nº de entidades participantes Nº de entradas catalogadas e publicadas Nº de visitas (páxinas web) Nº de empresas creada	2014 - 2020	2 proxectos 20 entidades 1.000 entradas 1.500 visitas 1 empresa creada

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA	MEDIDA	NOME DO INDICADOR	PERÍODO	RESULTADO FINAL ESPERADO
		4.2.2 Difundir de xeito activo entre a toda a comunidade esta información, con especial atención ás novas xeracións	4.2.2.1. Favorecer as accións tendentes ao tratamento da información sobre a memoria mariñeira para a súa presentación a colectivos específicos, potenciando o acceso multicanle conforme ás características do público obxectivo	Nº de proxectos de adaptación do inventario da memoria mariñeira Nº de entidades participantes Nº de visitas (páxinas web) Nº de eventos realizados Nº de persoas alcanzadas	2014 - 2020	2 proxectos 10 entidades 900 visitas 5 eventos 250 persoas (150 mulleres)
			4.2.2.2. Favorecer o aproveitamento da memoria mariñeira como elemento de valor que complementan á oferta turística da zona	Nº de accións de difusión realizadas Nº de empresas/entidades alcanzadas Nº de materiais promocionais distribuídos para turistas	2014 - 2020	20 accións 75 empresas (3 novas) / 25 entidades 5 tipos de materiais

## 12.2 Plan de seguimento

### 12.2.1 Seguimento intermedio

A continuación detállase o procedemento deseñado a priori para abordar o plan de seguimento da EDLP Golfo Ártabro Norte, durante a súa execución:

Trimestralmente, a Xerencia xunto coa Presidencia do GALP GAN manterán unha sesión de seguimento das accións abordadas na posta en marcha e na execución da EDLP Golfo Ártabro Norte, incidindo naqueles aspectos de proxectos, grao de execución e tipoloxía de persoas e entidades solicitantes, atendendo así a unha visión de control e seguimento da actividade operativa.

Por outra parte, de xeito semestral, dende a Xerencia do GALP GAN presentará perante a Xunta Directiva un informe no que se analizarán os proxectos comprometidos de cara a axustarse ó máximo posible ó plan financeiro. Nel, teranse en conta o conxunto de indicadores principais de execución do plan:

- N° de iniciativas presentadas,
- N° de iniciativas subvencionadas,
- Estado de execución das mesmas,
- Principais incidencias ou aspectos relevantes nas peticións, solicitudes, aprobacións ou xustificación de proxectos perante o GALP GAN,
- Cadro de indicadores tanto para proxectos non produtivos como produtivos do período,
- Estado da xustificación do gasto e o pago das axudas aos promotores e
- Evolución de execución da EDLP Golfo Ártabro atendendo, entre outras, as dimensións de sexo, idade, concello, eixo e obxectivos estratéxicos nos que se inclúen as propostas.

Con este informe, a Xunta Directiva determinará as actuacións a desenvolver para corrixir, impulsar, dinamizar ou contrarrestar as conclusións obtidas en canto á execución desta EDLP Golfo Ártabro Norte.

Ademais, a presidencia do GALP GAN, como mínimo unha vez ao ano trasladará á Asemblea Xeral un informe coa execución anual e dende o seu inicio do propia Estratexia de Desenvolvemento Local , atendendo como mínimo ás dimensións anteriormente indicadas.

Será entón a Asemblea Xeral, dentro das súas competencias quen haberá de incidir e tomar as decisións que se estimen oportunas de cara a impulsar a súa execución cara os obxectivos establecidos, podéndose incluso tomar as decisións oportunas en materia de acelerar ou axustar o propio desenvolvemento da EDLP Golfo Ártabro ou tomar a decisión de abordar a súa revisión correspondente para axustarse á situación actual dese momento.

### 12.2.2 Avaliación final

Por último, ao final do período de execución da EDLP Golfo Ártabro Norte, a Presidencia do GALP GAN presentará perante a Xunta Directiva e, posteriormente perante a Asemblea Xeral, o antedito informe no que fará un repaso por anualidades e totalizado que incida nos referidos indicadores principais de execución do Plan.

Ademais, no informe final se fará un repaso xeral sobre os principais indicadores de resultado que permita medir os efectos directos obtidos coa execución da EDLP Golfo Ártabro Norte, entrando, polo menos, nos seguintes indicadores:

- Nº de persoas (por sexo e idade) formadas nos programas formativos e educativos
- Nº de empresas xeradas, atendendo aos distintos eixos da EDLP
- Nº de mozos / mulleres / discapacitados insertados laboralmente coa execución da EDLP
- Volume de investimentos en proxectos produtivos e non produtivos por eixo e por obxectivo estratéxico
- Volume de fondos mobilizados no territorio por concello e por tipoloxía de proxecto
- Incremento no volume de ingresos das confradías
- Nº de actividades desenvolvidas polas confrarías en materia de diversificación da produción
- Nº e efecto de medidas medio ambientais correctoras do cambio climático
- Nº de iniciativas e volume de investimentos executados no ámbito do desenvolvemento do crecemento azul no territorio
- Nº de postos de traballo creados / consolidados (por sexo e idade)
- Nº de persoas de colectivos desfavorecidos integradas laboralmente
- Nº novas prazas de aloxamento ou de restauración creadas
- Nº de especies naturais ou vexetais melloradas
- Hectáreas rexeneradas medioambientalmente
- Nº de distancias de roteiros recuperados e sinalizados
- Nº de puntos de vertidos eliminados
- Nº de programas e actividades desenvolvidas en materia de colaboración con entidades formativas de grao superior.

## 13 PLAN DE PARTICIPACIÓN

### 13.1 Directorio de entidades e recursos

A relación completa de entidades do territorio coas que conta o GALP GAN para o desenvolvemento, evolución e execución da súa estratexia participativa tense incluído xa no apartado 5.3 As entidades chamadas a participar, obténdose unha relación exhaustiva, aínda que seguramente non completa, das entidades do territorio que en todo momento se tivo en conta para o deseño e participación da estratexia, completada coa información obtida das entidades finalmente participantes segundo o modelo da imaxe que se presenta con este apartado.

O formulario 'FICHA DE ENTIDADES' recolle información sobre a entidade 'CONCELLO DE MIÑO'. Inclúe datos de contacto (nome, cargo, teléfono, correo electrónico), datos de localización (municipio, parroquia, código postal) e datos de actividade (sector económico, tipo de actividade). Tamén inclúe un apartado de 'CONSENTIMENTO INFORMADO' onde se indica a aceptación dos termos de uso da información recollida.

Esta base de datos, posteriormente foron actualizados na medida das necesidades ao longo do proceso de participación atendendo ao modelo de ficha que se inclúe neste apartado como imaxe.

Esta información será o inicio do conxunto de información do territorio que o persoal adscrito ao equipo de traballo do GALP GAN, unha vez incorporado, teña que xestionar e mellorar, buscando obter e contar coa máxima información posible para acadar os obxectivos de participación e involucración dos axentes do territorio.

En calquera caso, ao tratarse dunha información sensible en materia de protección de datos de carácter persoal, por contar con números de teléfono e contas de correo persoais, non se inclúe neste documento, sendo responsabilidade do GALP GAN pór en marcha as medidas de protección correspondentes unha vez que a súa estrutura e recursos humanos inicien a súa actividade.

### 13.2 Proceso de participación na elaboración da estratexia

O proceso participativo foi de especial interese no desenvolvemento da elaboración da estratexia do GALP GAN.

Así, durante a súa definición tiveronse sempre moi presentes as achegas e suxestións feitas polas persoas que participaron nos distintos grupos de traballo. Buscábase así a máxima involucración e a recepción do coñecemento do territorio dos axentes inmersos nel.

Tanto antes, como durante e de xeito posterior ás sesións de traballo se estivo en constante contacto cos axentes do territorio a través do portal web do GALP GAN, tendo en conta que a Asociación non tiña persoal técnico ao seu cargo, o que impedía calquera outra actuación centrada na propia organización do Grupo.



Neste sentido, e en calquera caso, tense que pór de manifesto que o desenvolvemento do proceso de participación tense impulsado e abordado dende o GALP GAN sen contar ningunha

estrutura de persoal mínima que permitise facilitar o proceso, contando co apoio do persoal do GAC - 2 Golfo Ártabro, o que en si tamén impediu o acceso a outras canles de divulgación como medios de comunicación ou elaboración de material de soporte.

Aínda que ese handicap obviamente estivo presente, o nivel de participación, a fórmula de desenvolver os grupos de traballo, a involucración dos membros da Asociación e o feed-back posterior facilitaron e potenciaron a participación e a xeración de coñecemento en rede, tal e como se requiría dende os órganos de goberno da Asociación.

Ademais, dados os prazos inicialmente barallados como datas límite para a entrega do presenta EDLP, decidiuse internamente dentro da organización do GALP GAN acelerar o proceso de convocatoria e de participación do conxunto de axentes, potenciando as canles electrónicas para as formalizacións das convocatorias e centrando todos os esforzos na propia concreción da estratexia e na recepción de propostas e suxestións á mesma.

De feito, tal e como se recolle a continuación recibíuse información asociada xa a proxectos para ver a súa posible posta en marcha ao longo do proceso de execución, observándose a vontade, ilusión e iniciativa coa que contan os colectivos do territorio.



Remítese tamén ao apartado 5 A ELABORACIÓN DA EDLP - GOLFO ÁRTABRO NORTE, no que xa se ten entrado neste ámbito descritivo da participación na elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local participativo.


### 13.3 Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia

Tal e como se ten definido ao longo deste Plan e, en consonancia co establecido nos estatutos do GALP GAN, o proceso de seguimento e de aplicación da estratexia lle corresponde á Xunta Directiva, contando tamén coa participación, involucración e aprobación do conxunto de entidades inmersas dentro da Asociación a través da súa asemblea xeral.

Ademais, como fórmula de seguimento e mellora incidirase nos grupos de expertos e tamén, na medida das posibilidades, nas accións de participación cidadá, de tal xeito que se busque a máxima referencia no territorio e os distintos axentes se vexan reflectidos nela, aproveitando o potencial das ferramentas TIC (portal web do GALP, blogues, noticias, ...) que permitan a máxima receptividade das ideas, comentarios, achegas, opinións e valoracións feitas pola cidadanía do territorio.

Neste sentido, o cadro de persoal tamén deberá asumir un papel principal no día a día do GALP GAN, encargándose de acadar unha presenza e un protagonismo de referencia no territorio que permita captar a máxima participación posible dos distintos axentes do mesmo, sendo o canle transmisor para que as ditas achegas se poidan tamén elevar á presidencia e ao resto de órganos de goberno do GALP GAN.

Como fluxo de participación do conxunto de axentes involucrados, a continuación fai un breve esquema gráfico:





## 14 PLAN DE COMUNICACIÓN

### 14.1 Mapa estratéxico da EDLP

Partindo da estratexia definida nas páxinas anteriores, o mapa estratéxico que mellor pode definila é o seguinte:



### 14.2 Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas

Unha vez que o GALP GAN conte xa con persoal propio e poda asumir o desenvolvemento das actividades asumidas dende o Grupo e a súa operativa se establece, será o momento de pór en marcha ca canle de comunicación, atendendo a criterios formais e informais, como os que a continuación se detallan:

#### Comunicación formal ou institucional:

Neste sentido haberase de incidir na presenza continuada por distintos canles nas actividades, eventos, foros e sesións de traballo institucionais ou formais que se desenvolvan no territorio e nos que o GALP GAN teña un papel de liderado que asumir.

Trátase de aproveitar todas as ocasións que se acheguen á organización para liderar a súa presenza ao longo do territorio, co claro obxectivo de coñecelo a fondo e de lograr consolidar o seu protagonismo, sempre da man das demais entidades do territorio nun claro impulso do seu modelo de responsabilidade social corporativa.

Ademais, estes foros máis ou menos abertos, máis ou menos técnicos, son un espazo de primeiro orde dentro do territorio para incidir na captación da participación dos axentes no propio desenvolvemento do GALP GAN e, ademais,

Esa participación deberá ir acompañada tamén da imaxe institucional ou de "marca" que facilite o seu recoñecemento e distinción, dándolle un pulo ao factor de presenza anteriormente mencionado.

Neste ámbito, o GALP GAN deberá asumir a análise de facer investimentos na divulgación e difusión tanto da súa marca como dos seus obxectivos, principios e fins para o que se ten impulsado, servindo de canle emisor de primeira orde para atraer novos investimentos, ideas, proxectos e desenvolvemento para o seu territorio.

### Comunicación informal:

Por outra banda, tanto ou máis importante que a comunicación formal, o GALP GAN deberá de estar tamén moi presente no día a día do territorio, facendo inmersións e promovendo tamén na sociedade eventos estreitamente relacionados co mar, o turismo mariñeiro e, en definitiva, cos piares esenciais da súa actividade.

Trátase así de impulsar unha presenza "máis próxima" coa cidadanía, interactuando en eventos, acontecementos e encontros nos que a sociedade poida coñecer a súa importancia e o seu papel no territorio.

En calquera dos dous casos, as canles de divulgación, promoción e presenza "comunicativa" deberá de estar en consonancia coa importancia, o valor e a visibilidade que en cada caso se poida determinar, atendendo tamén a un equilibrio entre esforzo e resultados.

Nese sentido, haberase de ser consciente da importancia de dimensionar axeitadamente o esforzo económico coa actividade na que se involucre, incidindo claramente ao longo do total do prazo ou período de apoio aos proxectos produtivos e non produtivos, inicialmente ata o 2020, estando en todo caso en consonancia en todo momento co público obxectivo que estea presente o ao que vaia dirixido o evento / comunicación correspondente.

Como simple punto de referencia neste aspecto, a continuación fai un breve percorrido por algunhas das accións que se consideran moi interesantes para o desenvolvemento da difusión do GALP GAN no territorio e tamén, na medida das posibilidades fora do mesmo:

- Espazo divulgativo e de presentación do GALP GAN con información en soporte papel e de imaxe acorde co evento no que se desenvolva (vídeo, fotografías, carteis, folletos, revistas, ...)
- Actividades divulgativas focalizadas en espazos e eventos culturais, deportivos, gastronómicos, turísticos ou medio ambientais estreitamente vinculados co desenvolvemento da estratexia do GALP GAN, asumindo canles visualmente atractivos e que permita, a través de materiais divulgativos, entrar en contacto coa poboación (cartelería, material publicitario, prendas ou complementos de vestuario, ...)
- Presenza institucional que integre ao maior número de axentes, concellos,

entidades e demais poboación do territorio, tanto dentro del como noutros espazos que se consideren de especial interese para dar a coñecer o potencial do mesmo. Neste sentido, dado o investimento que puidera supoñer, será preciso incidir individualmente dende os órganos de goberno do GALP GAN para dimensionar o esforzo e a rendibilidade da presenza activa nos mesmos. Nese sentido, é preciso recalcar a "presenza activa" en clara consonancia co criterio de dar e transmitir unha imaxe acorde co valor a difundir e a promover.

- En calquera caso, haberase de impulsar dende a organización do GALP, co papel protagonista da xerencia e dos demais órganos de goberno, a máxima anticipación e programación dos eventos nos que vai a estar presente, de cara a que a visibilidade e efectividade da presenza sexa o máis rendible posible para os obxectivos buscados, aproveitando a presenza en prensa, canais divulgativos e outros espazos de referencia para o territorio.
- Por suposto, o papel que neste sentido terán as TIC será moi destacado. Nese sentido, o GALP GAN haberá de saber diferenciar entre a canle institucional e de información sobre a súa imaxe e presenza formal na Internet, coa combinación dos distintos espazos virtuais que sexan preciso desenvolver para atender á demanda de información máis divulgativa, amena e centrada no turismo ou actividades de educación ou sensibilización medio ambiental, por exemplo. É obvio entender, que non é o mesmo a canle na que se faga un repaso da estratexia, misión, obxectivos, principios participativos e organización do GALP, cun espazo máis divulgativo dos valores turísticos, gastronómicos, culturais ou de lecer que se teñan que difundir tamén dende o GALP. É moi importante saber diferenciar as canles, as mensaxes e os formatos dos distintos tipos de divulgación.
- Estas actividades de maior difusión no territorio, haberase de coordinar tamén coa presenza activa do persoal do GALP GAN en xornadas, charlas, grupos de traballo e demais eventos dirixidos a captar novos proxectos, a coñecer o entramado económico e empresarial do territorio e a difundir o seu potencial na captación de novos proxectos produtivos. Sen lugar a dúbidas, outro aspecto esencial a ter moi presente ao longo de toda a actividade do GALP GAN.

Estas actuacións en materia de divulgación e promoción irán encamiñadas, no seu conxunto, aos seguintes obxectivos:

- Difundir entre a poboación e axentes tanto a problemática territorial identificada como as potencialidades que este presenta, para facela partícipe do GALP GAN no que rexe o principio de participación e responsabilidade social corporativa.
- Facer público a existencia de fondos europeos marítimos e de pesca destinados á sostibilidade social, económica e ambiental da zona costeira do Golfo Ártabro Norte para mellorar a comercialización e a cadea de valor dos produtos da pesca, manter o emprego mediante a diversificación económica, promover a calidade ambiental da costa e do medio mariño, promover a cooperación nacional e transnacional entre as zonas costeiras, promover a igualdade de oportunidades e facilitar o acceso ao emprego para a mocidade e para as mulleres.

- Difundir exemplos de iniciativas ou proxectos desenvolvidos ou en execución, así como de outras experiencias similares neste ou en outros territorios que sirva de efecto motivador de cara a potenciais beneficiarios no territorio.
- Impulsar dinámicas de participación social de cara a un desenvolvemento sustentable do territorio, tanto de cara a presentación de proxectos no GALP GAN como facilitando novas liñas de actuación en colaboración que redunden no territorio.
- Potenciar a involucración do tecido social, económico - empresarial, do sector do mar e da administración local na posta en marcha da estratexia participativa como fórmula de desenvolvemento cohesionado do territorio.

## 15 FONTES DE INFORMACIÓN

A continuación se detallan as principais fontes de información consultadas ao longo do desenvolvemento da EDLP Golfo Ártabro Norte:

### Bases de datos:

- Pescadegalicia - Vendas nas lonxas
- Confrarías de Pescadores do territorio do GALP GAN
- Instituto de Estudos do Territorio - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Instituto Galego de Estatística
- Observatorio laboral do Instituto Galego das Cualificacións - Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Servizo Público de Emprego de Galicia
- Oficina de Acollida ao peregrino
- Anuario estatístico do Ministerio de Fomento
- Anuario da Autoridade Portuaria de Ferrol
- Sigremar - Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia
- Formación Profesional - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación do Territorio
- Xestión integral de Zonas Costeiras - Xizc Ría de Betanzos
- Axencia Turismo de Galicia - Secretaría Xeral de Turismo
- Rexistro de Bens de Interese Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Estacións meteorolóxicas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Meteogalicia

### Bibliografía:

- Guía de orientacións para os candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) - Consellería do Mar
- Guía para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local das zonas pesqueiras en Galicia - Consellería do Mar
- Guía de novos retos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALPs) para

o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco da política comunitaria FEMP (2014-2020)

- Guía da Comisión Europea sobre orientacións sobre o desenvolvemento local a cargo das comunidades locais para os axentes locais - Comisión Europea - 2014
- Programa Operativo para España - Fondo Europeo Marítimo e da Pesca - 2014 - 2020
- Estratexia de Especialización Intelixente Galicia 2014 - 2020
- Estratexia Europa 2020
- A muller innovadora no sector da pesca e a acuicultura - Plataforma Tecnolóxica Española da Pesca e a Acuicultura - 2014
- Plan integral de Turismo de Galicia - 2015 - Axencia Turismo de Galicia
- Plan Estratéxico da náutica recreativa en Galicia 2012-2020
- Guía básica de servizos náuticos de Galicia - Xunta de Galicia
- Plan de Ordenación do Litoral da Xunta de Galicia - 2011
- Estudo de análise de resultados do Eixo IV do Fondo Europeo de Pesca GAC 2 Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro"
- Estatutos da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro - Golfo Ártabro Norte
- Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación candidata a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativo no período de programación do FEMP 2014 - 2020
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento(CE) nº 1083/2006, do Consello
- Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, Orde do 6 de abril de 2015 pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia (DOG nº 71

do 16 de abril de 2015)

- Código de bo goberno do movemento asociativo. FEAPS. 2014
- Festas de interese turístico - Secretaría Xeral de Turismo
- Situación de empresas do sector do mar no Golfo Ártabro e perspectivas de futuro. Diagnose do entorno empresarial e caracterización do sector
- ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015
- ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se aproban os plans para a explotación dos poliquetos en Galicia para o ano 2015 e se regula o seu exercicio
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas



Golfo Ártabro Norte  
Grupo de Acción Local do  
sector Pesqueiro 2014-2020

Liderar os esforzos e promover as vontades dos axentes implicados no desenvolvemento económico e social, co fin de asegurar un futuro sostible para o seu territorio e a súa poboación